

CURSO 2021-2022

IES Sánchez Cantón

Pontevedra


Programación didáctica

**Departamento de Lingua
Galega e Literatura**




ÍNDICE

	Páxs.
A). ESO	
I. <u>Principios xerais da ESO e contextualización</u>	5
II. <u>Competencias Básicas</u>	5
III. <u>Primeiro ESO</u> : Obxectivos, Descritores, Competencias clave, Secuenciación de contidos e estándares de aprendizaxe avaliados, Criterios metodolóxicos e estratexias didácticas	8
Contidos, secuencia e temporalización; Plan lector; Criterios de avaliación. Mínimos esixidos.	121
Procedementos e instrumentos de avaliación e criterios de cualificación. Atención á diversidade e reforzo. Programa específico para alumnado repetidor. Programa específico para alumnado coa materia pendente. Anexos de avaliación. Ferramentas específicas da área.	128
IV. <u>Segundo ESO</u> (obxectivos, contidos, plan lector, criterios, mínimos, procedementos/instrumentos, pendentes/repetidores, diversidade, inicial)	168
INVESTIGACIÓN E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN	336
V. <u>Terceiro ESO</u> : Introducción. Obxectivos. Secuenciación dos contidos Tratamento do currículo. Competencias clave. Estándares de aprendizaxe. Atención á diversidade. Transversalidade.	343
Materiais, recursos didácticos e Plan lector. Criterios de avaliación. Mínimos esixidos. Procedementos e instrumentos de avaliación e criterios de cualificación. Atención á diversidade e reforzo. Atención ao alumnado coa materia pendente.	376
VI. <u>Cuarto ESO</u> (obxectivos, contidos, plan lector, criterios, mínimos, procedementos/instrumentos, pendentes/repetidores, diversidade, inicial)	384



VII. Accións de contribución ao plan TIC na ESO	393
VIII. Actividades complementarias e extraescolares na ESO	
...	
B) BACHARELATO	
I. Orientacións metodolóxicas	394
II. Primeiro de Bacharelato Obxectivos xerais. Secuenciación de contidos. Metodoloxía. Medidas para a inclusión e a atención á diversidade.	396
Contidos e secuenciación. Plan lector. Criterios de avaliación. Mínimos esixidos. Procedementos e instrumentos de avaliación e criterios de cualificación. Atención á diversidade e reforzo. Actividades para alumnado coa materia pendente. Cadro de descritores. Anexo de ferramentas de avaliación. Anexo de ferramentas para o tratamento da diversidade.	413
III. Segundo de bacharelato	443
IV bis. Iniciación á lingua portuguesa	449
V. Actividades extraescolares e complementarias no Bacharelato	454
D) ESO/BACH. Accións de contribución ao plan de convivencia	
E) Coordinación: CCP, Memoria	
F) Criterios para avaliar a propia programación	457



EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

I.- INTRODUCCIÓN: PRINCIPIOS XERAIS E CONTEXTUALIZACIÓN

1-Os **obxectivos** da educación secundaria obrigatoria defínense para toda a etapa e cursos.

-Para cada unha das materias que constitúen o currículo fíxanse os obxectivos, as achegas á consecución das competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación.

2-Plan de integración das tecnoloxías da información e a comunicación.

A aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións. A súa importancia social e o lugar preferente que ocupan xa na vida dos nenos e das nenas, fai que deban estar presentes nos centros educativos, de modo que aqueles adquiran os coñecementos e habilidades necesarias para abordar con garantía de éxito a súa utilización nos contornos de aprendizaxe, familiares e de lecer. Xa se especifican no desenvolvemento dos cursos especialmente en 1º e 2º con Abalar.

3- Proxecto lector: xa se especifica en cada curso.

Aínda que se di reiteradamente que a lectura perde importancia na sociedade actual, os datos da realidade non indican que isto sexa así. O medre no número de libros editados, o incremento do número de xornais e revistas, a aparición de textos de lectura nos novos soportes informáticos e unha presenza cada vez máis ampla de textos escritos na vida cotiá indican que a lectura segue a ter unha importancia fundamental.

Por todo iso, cremos que a lectura, a lectura en galego (coas súas especificidades), tanto na súa dimensión informativo-formativa como na súa dimensión lúdica e de desenvolvemento do gusto literario, debe ocupar un lugar privilexiado nas clases de lingua e literatura. Os resultados de cada ano xa figuran na memoria final dos cursos: miles de libros lidos polo alumnado.

II. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

Atendemos ás competencias seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.



Mais atenderemos sobre todo á **competencia en comunicación lingüística que se refire** á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta.

- Os coñecementos, destrezas e actitudes propios desta competencia permiten expresar pensamentos, emocións, vivencias e opinións, así como dialogar, formarse un xuízo crítico e ético, xerar ideas, estruturar o coñecemento, dar coherencia e cohesión ao discurso e ás propias accións e tarefas, adoptar decisións e gozar escoitando, lendo ou expresándose de forma oral e escrita, todo o cal contribúe, ademais, ao desenvolvemento da autoestima e da autoconfianza.

- Comunicarse e conversar son accións que supoñen habilidades para establecer vínculos e relacións construtivas cos demais e co contorno, así como achegarse a novas culturas, que adquiren consideración e respecto na medida en que se coñecen. Por iso, a competencia de comunicación lingüística está presente na capacidade efectiva de convivir e de resolver conflitos.

- A lingua, como ferramenta de comprensión e representación da realidade, debe ser instrumento para a igualdade; para a construción de relacións, en termos de igualdade, entre mulleres e homes; para a eliminación de estereotipos e expresións machistas ou xenófobas. A comunicación será o eixe da resolución pacífica de conflitos na comunidade escolar.

- Escoitar, expoñer e dialogar implica ser consciente dos principais tipos de interacción verbal, ser progresivamente competente na expresión e comprensión das mensaxes orais que se intercambian en situacións comunicativas diversas e adaptar a comunicación ao contexto. Supón tamén a utilización activa e efectiva de códigos e habilidades lingüísticas e non lingüísticas e das regras propias do intercambio comunicativo en diferentes situacións, para producir textos orais adecuados a cada situación de comunicación.

- Ler e escribir son accións que supoñen e reforzan as habilidades que permiten buscar, recompilar e procesar información, e ser competente á hora de comprender, compoñer e utilizar distintos tipos de textos con intencións comunicativas ou creativas diversas. A lectura facilita a interpretación e comprensión do código que permite facer uso da lingua escrita e é, ademais, fonte de pracer, de descubrimento doutros contornos, idiomas e culturas, de fantasía e de saber, todo o cal contribúe pola súa vez a conservar e mellorar a competencia comunicativa.

- A habilidade para seleccionar e aplicar determinados propósitos ou obxectivos ás accións propias da comunicación lingüística (o diálogo, a lectura, a escrita, etc.) está vinculada a algúns trazos fundamentais desta competencia, como as habilidades para representarse mentalmente, interpretar e comprender a realidade, e organizar e auto-regular o coñecemento e a acción dotándoos de coherencia.

- Comprender e saber comunicar son saberes prácticos que se deben apoiar no coñecemento reflexivo sobre o funcionamento da lingua e as súas normas de uso, e implican a capacidade de tomar a lingua como obxecto de observación e de análise. Expresar e interpretar diferentes tipos de discurso acordes á situación comunicativa en diferentes contextos sociais e culturais implica o coñecemento e a aplicación efectiva das regras de funcionamento do sistema da lingua e das estratexias necesarias para interactuar lingüisticamente dun xeito adecuado.

- Ter conciencia das convencións sociais, dos valores e aspectos culturais e da versatilidade da lingua en función do contexto e da intención comunicativa. Implica a capacidade empática de poñerse no lugar doutras persoas; de ler, de escoitar, de analizar e de ter en



conta opinións distintas á propia con sensibilidade e espírito crítico; de expresar adecuadamente -en fondo e forma- as propias ideas e emocións, e de aceptar e realizar críticas con espírito construtivo.


Mais non descoidaremos outras competencias básicas. Así sucede, coa **competencia social e cidadá**. A través do traballo con diferentes tipos de textos e situacións de comunicación, debemos facilitar a aproximación crítica á realidade, así como o coñecemento e exercicio dos valores democráticos e dos dereitos civís.


En canto á competencia no **tratamento da información e dixital**, a súa relación con lingua galega e literatura ten dúas dimensións complementarias: dunha banda, cómpre aprender a utilizar unha serie de ferramentas que hoxe en día se presentan en soportes variados e que lles permitirán ás alumnas e aos alumnos mellorar as súas habilidades e obter información verba da área que nos ocupa: desde as máis estritamente lingüísticas, como dicionarios, correctores ortográficos..., ata as relacionadas coa materia dun xeito menos exclusivo (enciclopedias, xornais dixitais...), pasando por outras de corte literario (bibliotecas virtuais, catálogos de publicacións...). Doutra banda, a lingua mesma é unha ferramenta: aquela con que os cidadáns e cidadás nos enfrontamos á crecente cantidade de información de que se dispón. Con ela podemos e debemos seleccionar, analizar criticamente, organizar, relacionar e sintetizar esa información co fin de transformármola en coñecemento. Usaremos a Aula Virtual e promoveremos o uso do galego nas redes sociais do alumnado.

Disponse de competencia **cultural e artística** se se crean, comprenden, aprecian e valoran con criterio manifestacións estéticas. Nesta área, isto concrétase sobre todo no ámbito literario, mais tamén no coñecemento e valoración da riqueza cultural que supón a diversidade lingüística e a expresividade popular da fala.

En canto á competencia para **aprender a aprender**, desenvólvese ao contribuír a linguaxe á estruturación do pensamento e ao control da aprendizaxe; en concreto, ao perfeccionar a lectura comprensiva, a composición de resumos e de esquemas que organicen as ideas, a interpretación das informacións lingüísticas dos dicionarios, a exposición e as conclusións sobre tarefas académicas, etc. Tamén contribuirá decisivamente o valorar a lectura e a escrita como fontes de enriquecemento propio.

A autonomía e iniciativa persoal promóvense co contacto activo e continuo con distintos espazos de comunicación: a intervención en situacións reais ou simuladas; os obradoiros de escrita; a lectura de obras literarias que estimulen a imaxinación e fomenten a creatividade; o uso progresivamente autónomo dos medios de comunicación social, das tecnoloxías da información e da comunicación e da biblioteca para aprender a manter unha actitude crítica ante as mensaxes recibidas; a localización e selección de información; a orientación lectora; o fomento da autoestima lingüística, etc. Pero, ademais, o propio traballo da linguaxe é clave na análise de problemas, na elaboración de plans e nas toma de decisións.




- 
1. Obxectivos xerais de Educación Secundaria (LOMCE: 1º e 3º ESO).
 2. Obxectivos da área de Lingua Galega e Literatura 1.º ESO.
 3. Descritores.
 4. Contribución da área ao desenvolvemento das competencias clave.
 5. Organización e secuenciación de contidos e estándares de aprendizaxe avaliáveis.
 6. Criterios metodolóxicos e estratexias didácticas xerais para utilizar na área.
 7. Contidos, secuencia e temporalización.
 8. Plan lector.
 9. Criterios de avaliación.
 10. Mínimos esixidos.
 11. Procedementos e instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.
 12. Atención á diversidade e reforzo.
 13. Programa específico para alumnado repetidor.
 14. Programa específico para alumnado coa materia pendente.
 15. Anexos de avaliación.
 16. Ferramentas específicas da área.
- 

1. OBXECTIVOS XERAIS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos



e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.


- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

2. OBXECTIVOS DA ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA 1.º ESO

1. Comprender, interpretar e resumir o sentido global das mensaxes orais en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
2. escoitar e comprender o sentido global de informacións procedentes da comunicación audiovisual, desenvolvendo un pensamento crítico.
3. escoitar con interese e respecto as intervencións orais, respectando as normas de cortesía.
4. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, as estratexias necesarias para producir textos orais sobre temas de actualidade.
5. Valorar as producións orais cunha fonética galega correcta e mostrar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
6. Intervir de maneira activa en situacións orais propias do ámbito académico.
7. Coñecer e aplicar estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais.
8. Producir discursos breves e comprensibles, adecuados á situación e á intención comunicativa, coherentes e ben organizados, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e académica.
9. Ler de maneira comprensiva e interpretar textos escritos en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
10. Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información, consultar modelos de composición escrita e solucionar dúbidas de traballo.
11. Mostrar unha actitude crítica cara ás mensaxes que manifesten prexuízos lingüísticos.
12. Ler en voz alta coa dicción adecuada e respectando os patróns fonéticos do galego.
13. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá, das relacións sociais ou do ámbito académico, con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.
14. Usar as TIC, con progresiva autonomía, para redactar e presentar os seus escritos.
15. Coñecer e utilizar un léxico amplo e preciso.



16. Coñecer e utilizar adecuadamente a fonética do galego.
17. Utilizar os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe autónoma.
18. Aplicar correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas do galego.
19. Coñecer e utilizar as categorías gramaticais básicas para mellorar a creación e a comprensión de textos.
20. Identificar e explicar as funcións oracionais e as unidades que as desempeñan.
21. Coñecer e utilizar os conectores textuais e as regras de concordancia para dar cohesión aos textos.
22. Diferenciar as distintas clases de oracións segundo a intención do emisor.
23. Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.
24. Desenvolver unha competencia comunicativa integrada a partir do coñecemento das linguas.
25. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.
26. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia, a partir do seu contorno familiar e o do resto do alumnado, valorando a importancia de contribuír ao proceso de normalización da lingua.
27. Coñecer a situación sociolingüística e legal das linguas de España.
28. Recoñecer e valorar as variantes xeográficas do galego, rexeitando prexuizos lingüísticos.
29. Diferenciar os textos non literarios dos literarios, e nestes últimos, identificar os tres grandes xéneros.
30. Ler de maneira comprensiva, expresiva ou dramatizada textos de distintos xéneros, relacionándoos coa súa experiencia propia e expoñendo a súa opinión.
31. Escribir textos sinxelos con intención estética, utilizando os coñecementos literarios adquiridos.
32. Describir os trazos que caracterizan o cómic e a canción como linguaxes artísticas.
33. Coñecer e aplicar as estratexias de autoavaliación, recoñecendo os erros nas súas producións.




3. DESCRITORES


COMPETENCIAS CLAVE	INDICADORES	DESCRITORES
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	Coidado do contorno ambiental e dos seres vivos	- Interactuar co contorno natural de maneira respectuosa. - Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible. - Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno. - Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
	Vida saudable	- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico. - Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable do mesmo.




	A ciencia no día a día	- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá. - Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante. - Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece a noso redor.
	Manexo de elementos matemáticos	- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico. - Expresarse con propiedade na linguaxe matemática.
	Razoamento lóxico e resolución de problemas	- Organizar a información utilizando procedementos matemáticos. - Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas. - Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.
<i>Comunicación lingüística</i>	Comprensión: oral e escrita	- Comprender o sentido dos textos escritos e orais. - Manter unha actitude favorable cara á lectura.
	Expresión: oral e escrita	- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia. - Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e




		gramaticais para elaborar textos escritos e orais. - Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
	Normas de comunicación	- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor... - Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.
	Comunicación noutras linguas	- Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia, para un mellor uso da mesma. - Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos. - Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación. - Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.




<i>Competencia dixital</i>	Tecnoloxías da información	- Empregar distintas fontes para a busca de información. - Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade. - Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
	Comunicación audiovisual	- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas. - Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
	Utilización de ferramentas dixitais	- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria. - Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas	- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento. - Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural. - Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.




	Expresión cultural e artística	- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos. - Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián. - Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	Educación cívica e constitucional	- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes, e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución. - Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
	Relación cos demais	- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos. - Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos. - Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
	Compromiso social	- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores. - Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela. - Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e




		potencialidades. - Involucrarse ou promover accións cun fin social.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	Autonomía persoal	- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias. - Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas. - Ser constante no traballo superando as dificultades. - Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
	Liderado	- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos. - Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos. - Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.
	Creatividade	- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. - Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa. - Encontrar posibilidades no contorno que outros non aprecian.



	Emprendemento	- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos. - Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas. - Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou os proxectos. - Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
<i>Aprender a aprender</i>	Perfil de aprendiz	- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas... - Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe. - Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
	Ferramentas para estimular o pensamento	- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente... - Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
	Planificación e avaliación da aprendizaxe	- Planificar os recursos necesarios e os pasos a realizar no proceso de aprendizaxe. - Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios. - Avaliar a consecución de



		obxectivos de aprendizaxe. - Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.
--	--	---



4. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Descrición do modelo competencial

Na descrición do modelo competencial inclúese o marco de descritores competenciais, no que aparecen os contidos reconfigurados desde un enfoque de aplicación que facilita o adestramento das competencias; recordemos que estas non se estudan, nin se ensinan: adéstranse. Para iso, é necesaria a xeración de tarefas de aprendizaxe que lle permita ao alumnado a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é imposible; debido a iso, cada unha destas divídese en **indicadores de seguimento** (entre tres e seis por competencia), grandes piares que permiten describila dun xeito máis preciso; dado que o carácter destes é aínda moi xeral, o axuste do nivel de concreción esixe que os devanditos indicadores sexan, á súa vez, divididos no que se denominan **descritores da competencia**, que serán os que «describan» o alumnado competente. Por cada indicador de seguimento atoparemos entre tres e seis descritores, redactados en infinitivo.

En cada unidade didáctica cada un destes descritores concrétase en **desempeños competenciais**, redactados en terceira persoa de presente do indicativo. O desempeño é o aspecto específico da competencia que se pode adestrar e avaliar de xeito explícito; é, polo tanto, concreto e obxectivable. Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto e aplicable a todas as materias e cursos da etapa.


Respectando o tratamento específico nalgúñas áreas, os **elementos transversais**, tales como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional, traballaranse desde todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado sexa o máis completo posible.

Por outra parte, o desenvolvemento e a aprendizaxe dos **valores**, presentes en todas as áreas, axudarán a que os nosos alumnos e alumnas aprendan a desenvolverse nunha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir, e en cuxa construción colaboren.

A diversidade dos nosos alumnos e alumnas, cos seus estilos de aprendizaxe diferentes, hanos de conducir a traballar desde as **diferentes potencialidades** de cada un deles, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

Na área de Lingua Galega e Literatura

Na área de Lingua Galega e Literatura incidiremos no adestramento de todas as competencias de maneira sistemática, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.



Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)

Desde a área de Lingua Galega e Literatura desenvólvense de forma xeral varios aspectos desta competencia, xa que as análises das estruturas morfolóxicas, sintácticas e textuais supoñen un adestramento do razoamento lóxico, a súa sistematización, a aplicación dun método rigoroso. Por outro lado, a variedade tipolóxica e temática dos textos pon en contacto a área coa relación do ser humano coa realidade, o mundo científico e o contorno ambiental.

Así, ademais dos descritores da competencia que se traballan puntualmente nas unidades, destacamos os seguintes:

- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

Comunicación lingüística (CCL)

A competencia en comunicación lingüística adéstrase de maneira explícita no propio ámbito curricular; por tanto, poderíamos incluír calquera dos descritores desta competencia. Porén, e dado que se explicitan nas unidades segundo a relevancia que teñen en cada unha delas, resáltanse aquí aqueles que favorecen a súa transversalidade.


Destacamos, pois, os descritores seguintes:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.

Competencia dixital (CD)

A área de Lingua Galega e Literatura debe contribuír ao adestramento da competencia dixital, tan relevante e necesaria no contexto actual. O uso das novas tecnoloxías supón un novo modo de comunicación cuxo ámbito haberá que adestrar de maneira sistemática. A produción de procesos comunicativos eficaces nos que se empregan os contidos propios da materia é un pilar esencial para o desenvolvemento da competencia dixital nos alumnos e alumnas.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:



- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada da información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Conciencia e expresións culturais (CCEC)

A expresión lingüística e o coñecemento cultural que se adquire a través da literatura facilitan desde a área o desenvolvemento desta competencia. A verbalización de emocións e sentimentos sobre as manifestacións literarias ou artísticas, as creacións propias, o coñecemento do acervo literario... fan desta área un cauce perfecto para adestrar a competencia.

Traballamos, por tanto, os seguintes descritores:


- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas (CSC)

Traballar con outros, descubrir as diferenzas e establecer normas para a convivencia favorece o desenvolvemento das competencias sociais e cívicas. Desde o uso da lingua para chegar a consensos, establecer e cumprir regras de funcionamento ata o seguimento das normas de comunicación, pódese adestrar en Lingua Galega e Literatura esta competencia. Por outra parte, a contextualización da comunicación lingüística e literaria propias da área e a importancia da crítica textual fan fundamental o traballo desta competencia.

Para iso, adestraremos os seguintes descritores:

- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a intervención activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.



Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

O adestramento do sentido de iniciativa e espírito emprendedor é de vital importancia en calquera contexto educativo porque favorece a autonomía dos alumnos e o desenvolvemento de habilidades persoais para emprender accións innovadoras en contextos académicos que logo se poderán extrapolar a situacións vitais. No propio estudo da materia, os alumnos e as alumnas deben recoñecer os seus recursos e adquirir hábitos que lles permitan superar dificultades no traballo e na consecución de metas establecidas.

Os descritores que priorizaremos son:


- Optimizar os recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo, superando as dificultades.
- Dirimir a necesidade de axuda en función das dificultades da tarefa.
- Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

Aprender a aprender (CAA)

A competencia pódese desenvolver na área fomentando tarefas que permitan que o alumno ou a alumna se recoñeza a si mesmo/-a como aprendiz para a mellora dos seus procesos de aprendizaxe. Neste sentido, Lingua Galega e Literatura préstase especialmente a iso, xa que é unha área que favorece os procesos metacognitivos e a adquisición de estratexias e estruturas de aprendizaxe extrapolables a outras áreas e contextos.

Trabállanse os seguintes descritores de maneira prioritaria:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, funcións executivas...
- Xestionar os recursos e motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
 - Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
 - Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
 - Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
 - Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.



1
ESO

LINGUA GALEGA E LITERATURA

1. COAS PALABRAS E COS XESTOS


OBXECTIVOS

1. Analizar as diferenzas que existen entre texto escrito e texto oral.
2. Coñecer diferentes tipoloxías textuais segundo o seu ámbito de uso, como as cartas, o correo electrónico, as notas, os SMS e a mensaxaría instantánea.
3. Comprender e valorar a diversidade lingüística no mundo, principalmente en Europa e no Estado español, así como analizar as proximidades entre galego e portugués e pór en valor as relacións entre ambas as dúas linguas.
4. Distinguir as particularidades internas da lingua segundo o rexistro empregado.
5. Promover o uso do dicionario e fornecer as claves para identificar as distintas acepcións de cada palabra.

TEMPORALIZACIÓN

11 SESIÓNS (7 de contido teórico + 1 de investigación + 1 de reforzo + 2 de proxecto)

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
• Reo, Xesús Fraga. • O dicionario e o alfabeto. • O texto e as súas clases. Os textos da vida cotiá. • Lingua, linguaxes e diversidade. Bilingüismo e plurilingüismo.	• B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais (noticias de actualidade) e elaborar un resumo.	• LGB1.1.1. Comprende e interpreta a intención comunicativa de textos orais sinxelos (noticias de actualidade).	• CCL • CAA
		• LGB1.1.2. Traslada a información relevante ou a idea xeral de textos sinxelos a resumos.	• CCL • CAA
	• B1.3. Coñecer e apreciar as	• LGB1.3.1. Coñece e aprecia as	• CCL



- Os rexistros lingüísticos. - A grafía das letras.	normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas, tanto espontáneas como planificadas	normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na orde que lle corresponde, manifesta respecto polas opinións alleas e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).	CSC
		LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal.	- CCL - CAA - CSC - CSIEE
	B1.6. Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	LGB1.6.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.	- CCL - CCEC
	B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	- CCL - CSC
		LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).	CCL
		LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada).	CCL
		LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico	CCL




	rico e variado.	
B1.8. Participar activamente en situacións propias do ámbito educativo (pedir aclaracións, intercambiar opinións e expor conclusións).	LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo, respectando as regras de interacción.	- CCL - CSC
	LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios.	- CCL - CSC
B1.10. Producir discursos breves e comprensibles sobre temas da vida cotiá, de interese persoal ou social.	LGB1.10.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.	- CCL - CSC - CSIEE - CCEC
	LGB1.10.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.	- CSC - CSIEE
B2.1. Aplicar técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.	LGB2.1.1. Utiliza técnicas de análise e síntese do contido: subliñados, esquemas e resumos.	- CCL - CCA
	LGB2.1.5. Interpreta o significado de elementos non lingüísticos (símbolos, iconas, etc.).	CCL
B2.2. Comprender, interpretar e sintetizar textos da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil e normas e instrucións de uso.	LGB2.2.1. Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos propios da vida cotiá: mensaxes electrónicas ou de móbil, de correo electrónico, normas e instrucións de uso.	- CCL - CSC




	B2.3. Comprender, interpretar e sintetizar escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial.	LGB2.3.1. Comprende, interpreta e sintetiza escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial.	- CCL - CSC
	B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos sinxelos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.	LGB2.9.1. Produce textos propios das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.	- CCL - CD - CSC
	B3.1. Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula.	LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación.	CCL
	B3.3. Usar eficazmente os dicionarios ou calquera outra fonte de consulta en calquera soporte, para resolver dúbidas e para progresar na aprendizaxe autónoma.	LGB3.3.1. Obtén, de xeito autónomo, información lingüística relativa á clase de palabras e a normativa en dicionarios, en diferentes soportes, e noutras obras de consulta.	- CCL - CD
	B3.4. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	LGB3.4.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	CCL
		LGB3.4.2. Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos.	CCL
	B3.12. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente,	LGB3.12.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as	- CCL - CAA - CD



	relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	competencias que posúe como persoa plurilingüe.	
	B3.13. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	LGB3.13.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.	- CCL - CAA
	B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo, valorar positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran.	LGB4.1.1. Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso na literatura de tradición oral e no xénero humorístico.	CCL
		LGB4.1.2. Coñece as linguas que se falan en Galicia.	CCL
		LGB4.1.3. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona.	CCL
		LGB4.1.4. Coñece recursos en rede de lecer (literatura de tradición oral, música e xogos) en lingua galega adaptados á súa idade.	- CCL - CD - CCEC
	B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo dos contextos familiares do alumnado.	LGB4.2.1. Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo do seu contexto familiar e a do resto do alumnado.	CCL
	B4.4. Coñecer a situación sociolingüística e legal das linguas	LG4.1.1 Coñece a lexislación que regula os dereitos lingüísticos individuais.	CCL



	de España.		CSC
	B4.5. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.	LGB4.5.1. Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de novos e vellos prexuízos cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno.	- CCL - CSC
	B4.6. Recoñecer e apreciar as variantes diatópicas do galego.	LGB4.6.3. Coñece as principais variantes diatópicas do galego e clasifica producións lingüísticas segundo o bloque dialectal ao que pertencen.	CCL
	B5.1. Ler, con regularidade e de maneira guiada, obras literarias para desenvolver o criterio lector; expor unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos, procurando assimilar os trazos estéticos xerais que definen cada texto.	LGLB5.1.1. Le, con regularidade e de maneira guiada, obras literarias para desenvolver o criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relaciona o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos, e asimila os trazos estéticos xerais que definen cada texto.	CCL
	B5.4. Ler expresiva e comprensivamente textos narrativos breves e recoñecer a funcionalidade dos elementos formais básicos.	LGLB5.4.1. Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves e recoñece a funcionalidade dos elementos formais básicos.	CCL



1
ESO

LINGUA GALEGA E LITERATURA

2. PROCÚRANSE REPORTEIROS


OBXECTIVOS

1. Coñecer e dominar as relacións semánticas básicas.
6. Ampliar o coñecemento sobre as características, estrutura e potencialidade dos medios de comunicación, distinguindo as súas variedades e usos.
7. Afondar no xornal e na noticia como ferramenta e recurso máis estendidos para acceder á información, tanto no medio analóxico como dixital.
8. Estudar a estrutura da palabra, descompoñéndoa nos seus formantes.
9. Analizar as relacións entre as palabras e coñecer os sistemas máis produtivos para formalas.
10. Describir o sistema vocálico galego, facendo especial fincapé nas particularidades existentes en canto ao timbre das vogais medias e nos medios gráficos para representalas.

TEMPORALIZACIÓN

14 SESIÓNS (10 de contido teórico + 1 de investigación + 1 de reforzo + 2 de proxecto)


Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
• <i>Perigo vexetal</i>, Ramón Caride. • Sinónimos e antónimos. • Os textos dos medios de comunicación. O xornal e a noticia.	• B1.2. Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais sinxelos dos ámbitos social e educativo, e seguir instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe con progresiva autonomía.	• LGB1.2.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.	• CCL • CAA



• A estrutura da palabra. Lexemas e morfemas. A formación de palabras. • O sistema vocálico.	• B1.3. Coñecer e apreciar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas, tanto espontáneas como planificadas.	• LGB1.3.1. Coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na orde que lle corresponde, manifesta respecto polas opinións alleas e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).	• CCL • CSC
		• LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal.	• CCL • CAA • CSC • CSIEE
LÉXICO	Define as palabras con exactitude, usando unha linguaxe propia. Identifica as palabras das que non coñece o significado, búscasas no dicionario e integra a palabra non seu vocabulario. Mostra interese por aprender palabras novas.	Realiza os exercicios con corrección. Non sempre utiliza linguaxe propia nas definicións. Integra algunhas palabras no seu vocabulario, pero non todas; só as usa no contexto dos exercicios.	Ten dificultades para realizar os exercicios, pregunta as dúbidas, e finalmente resólveos. Non define con facilidade as palabras. Mostra interese por coñecer palabras novas.	Comete erros nos exercicios de léxico pola falta de comprensión das palabras. Non mostra interese por coñecer palabras novas.
COMPREENSIÓN	Responde de maneira correcta ás propostas para verificar a comprensión do texto. Identifica as ideas fundamentais, busca a información no texto e explica de maneira razoada coas súas propias palabras.	Responde de maneira correcta, pero non sempre enriquece as respostas con achegas propias.	Mostra dificultades para a comprensión do texto, responde ás cuestións formuladas pero necesita axuda.	Non comprende o sentido completo do texto e realiza as actividades de modo erróneo máis da metade das veces.
PERSONAXES	Identifica cada personaxe, describe as características de cada un con precisión e riqueza. Extrae conclusións da participación e personalidade dos personaxes. Sérvese deles para comprender mellor o texto.	Coñece todos os personaxes e as súas características, pero non sempre se vale deles para comprender mellor o texto.	Coñece os personaxes pero ten dificultades para responder ás preguntas sobre eles cando supoñen unha interpretación persoal.	Ten dificultades describindo os personaxes e comete moitos erros na resolución das tarefas propostas sobre eles.
SITUACIÓN	Identifica e describe a situación na que se desenvolve o texto, extrae conclusións e valora a situación para mellorar a comprensión e análise do texto.	Coñece a situación e realiza as actividades con corrección, ten dificultades en establecer conexións da situación co que pretende transmitir, pero inténtao facer.	Realiza as actividades con corrección pero con algunha axuda.	Ten dificultades para realizar as actividades propostas.
RESUMO	Identifica as ideas máis relevantes. Sintetiza a información no resumo e redáctao con palabras propias.	Identifica as ideas máis relevantes e redacta o resumo con ideas propias, pero ten dificultades para sintetizar información.	Identifica as ideas relevantes pero non as mostra con claridade ou palabras propias no resumo.	Copia frases directamente do texto.
OPINIÓN PERSOAL	Argumenta as opinións, establece conexións coa súa vida ou con exemplos, relaciona aspectos diferentes do texto e ten en conta os distintos elementos do texto para expresar esta opinión.	Realiza as actividades argumentando a súa opinión, pero faltan exemplos e conexión entre todos os elementos e o contexto real.	Ten dificultades para realizar as actividades, non sempre ten unha opinión formada ou non argumenta a súa opinión.	Non emite opinión propia, copia ideas do texto ou doutros.




8. AUTOAVALIACIÓN DO USO DO DICCIONARIO

O uso do dicionario é moi importante para traballar unha lingua. Imos avaliar ao longo do curso como estamos a usar o dicionario e propoñernos estratexias de mellora.

S. Sempre **Av.** Ás veces **N.** Moi poucas veces ou nunca

DATA	Utilizo o dicionario por iniciativa propia			Busco entre os significados da palabra o máis adecuado ao contexto			Busco palabras no dicionario a través da Web			Utilizo o dicionario noutras materias cando non entendo unha palabra			Utilizo o dicionario fóra do colexio para buscar palabras que escoito na tele ou noutros contextos			PROPOSTAS DE MELLORA
	S	AV	N	S	AV	N	S	AV	N	S	AV	N	S	AV	N	




9. AUTOAVALIACIÓN E COAVALIACIÓN DO OBRADOIRO DE ESCRITURA

Para auto e coavaliar as tarefas realizadas no obradoiro de escritura ao longo do curso.

S. Sempre **EP.** En parte **N.** Moi poucas veces ou nunca

DATA	Entendo as indicacións sobre como se escribe			Produzo un texto aplicando as indicacións dadas			Leo o texto cando remato de escribilo e corrixo o que sexa necesario			Proporciono ideas propias no texto			En que podo mellorar? Como o podo facer?	ALUMNO AVALIADOR	Estás de acordo coa avaliación do compañeiro?			Que lle propós para mellorar?
	S	EP	N	S	EP	N	S	EP	N	S	EP	N			S	EP	N	




10. DIANA PARA A AUTOAVALIACIÓN DAS TAREFAS COMPETENCIAIS

Le con atención cada un dos textos que aparecen arredor da diana da dereita e marca cunha cruz nas interseccións correspondentes, de acordo con este criterio:


1. Nunca.
2. En ocasións.
3. Case sempre.
4. Sempre.

A continuación, une as cruces; obterás un polígono similar ao que se mostra no exemplo inferior. Canto maior sexa a área do polígono, máis alta será a puntuación.



NOTA: Esta rúbrica pódese empregar en autoavaliación, coavaliación e heteroavaliación.


Área de evaluación con fondo naranja claro, conteniendo varias zonas blancas rectangulares para la anotación de los resultados.



11. AUTOAVALIACIÓN DAS NORMAS ORTOGRÁFICAS

Aprendo e avanzo

Este é o proceso que debes seguir. Debes afianzar un cadro antes de pasar ao seguinte. Noutro caso, retrocede e repasa.



Marca nesta táboa os pasos realizados:

1	2	3	4	5	6

Conseguiches aplicar a norma ortográfica con éxito? Por que?

Cres que existe algún paso que non necesite o anterior? Cal e por que?


Que paso foi ou que máis che custou?

Que farás diferente a próxima vez con outra norma ortográfica para aprendela mellor?




12. RÚBRICA PARA AVALIAR OS CONTIDOS DE GRAMÁTICA

	4	3	2	1
Concepto	Coñece o concepto, defíneo con exactitude utilizando palabras e exemplos propios. Identifica a súa función e relevancia na lingua.	Coñece o concepto e defíneo, pero a definición e os exemplos son os traballados na clase. Identifica con claridade a súa función na lingua.	Sabe o que é cada elemento traballado (substantivos, adxectivos, verbos, pronomes, preposicións...), pero ten dificultades para definilos con precisión e atopar exemplos propios.	Confunde os conceptos traballados.
Clasificación	Coñece a clasificación, tipos ou listado de cada concepto traballado, describe cada criterio ou elemento con palabras propias e atopa exemplos propios para ilustralo.	Coñece a clasificación, tipos ou listado e describe cada elemento pero non atopa con facilidade exemplos para ilustralo.	Confunde algúns apartados da clasificación ou esquece algún dos elementos que a configuran.	Non sabe cal é a clasificación, tipos ou listado de elementos.
Identificación	Identifica nun texto oral ou escrito o elemento, descríbeo con exactitude e xustifica o seu uso nese contexto.	Identifica o elemento traballado identificando o seu tipo en caso de ser de varios tipos.	Comete erros identificando o elemento ou os tipos (menos de 50%).	A maior parte das veces confunde o elemento ou non o atopa nun texto escrito ou oral.
Aplicación	Aplica o concepto traballado nos exercicios propostos de maneira correcta e tamén en redaccións propias. Utiliza os elementos da lingua con propiedade e exactitude.	Aplica o concepto traballado con corrección nos exercicios propostos.	Comete algún erro (menos dun 50%) nos exercicios suxeridos.	Comete máis da metade das veces erros na resolución dos exercicios de aplicación.



IV.- SEGUNDO CURSO DA ESO



A) EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (2º e 4º ESO)

I.- INTRODUCCIÓN: PRINCIPIOS XERAIS E CONTEXTUALIZACIÓN

1-Os **obxectivos** da educación secundaria obrigatoria defínense para toda a etapa e cursos.

-Para cada unha das materias que constitúen o currículo fíxanse os obxectivos, as achegas á consecución das competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación.

2-Plan de integración das tecnoloxías da información e a comunicación.

A aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións. A súa importancia social e o lugar preferente que ocupan xa na vida dos nenos e das nenas, fai que deban estar presentes nos centros educativos, de modo que aqueles adquiran os coñecementos e habilidades necesarias para abordar con garantía de éxito a súa utilización nos contornos de aprendizaxe, familiares e de lecer. Xa se especifican no desenvolvemento dos cursos especialmente en 1º e 2º con Abalar.

3- **Proxecto lector**: xa se especifica en cada curso.

Aínda que se di reiteradamente que a lectura perde importancia na sociedade actual, os datos da realidade non indican que isto sexa así. O medre no número de libros editados, o incremento do número de xornais e revistas, a aparición de textos de lectura nos novos soportes informáticos e unha presenza cada vez máis ampla de textos escritos na vida cotiá indican que a lectura segue a ter unha importancia fundamental.

Por todo iso, cremos que a lectura, a lectura en galego (coas súas especificidades), tanto na súa dimensión informativo-formativa como na súa dimensión lúdica e de desenvolvemento do gusto literario, debe ocupar un lugar privilexiado nas clases de lingua e literatura. Os resultados de cada ano xa figuran na memoria final dos cursos: miles de libros lidos polo alumnado.

II. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.


Atendemos ás competencias seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

Mais atenderemos sobre todo á **competencia en comunicación lingüística que se refire** á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta.



- Os coñecementos, destrezas e actitudes propios desta competencia permiten expresar pensamentos, emocións, vivencias e opinións, así como dialogar, formarse un xuízo crítico e ético, xerar ideas, estruturar o coñecemento, dar coherencia e cohesión ao discurso e ás propias accións e tarefas, adoptar decisións e gozar escoitando, lendo ou expresándose de forma oral e escrita, todo o cal contribúe, ademais, ao desenvolvemento da autoestima e da autoconfianza.
- Comunicarse e conversar son accións que supoñen habilidades para establecer vínculos e relacións construtivas cos demais e co contorno, así como achegarse a novas culturas, que adquiren consideración e respecto na medida en que se coñecen. Por iso, a competencia de comunicación lingüística está presente na capacidade efectiva de convivir e de resolver conflitos.
- A lingua, como ferramenta de comprensión e representación da realidade, debe ser instrumento para a igualdade; para a construción de relacións, en termos de igualdade, entre mulleres e homes; para a eliminación de estereotipos e expresións machistas ou xenófobas. A comunicación será o eixe da resolución pacífica de conflitos na comunidade escolar.
- Escoitar, expoñer e dialogar implica ser consciente dos principais tipos de interacción verbal, ser progresivamente competente na expresión e comprensión das mensaxes orais que se intercambian en situacións comunicativas diversas e adaptar a comunicación ao contexto. Supón tamén a utilización activa e efectiva de códigos e habilidades lingüísticas e non lingüísticas e das regras propias do intercambio comunicativo en diferentes situacións, para producir textos orais adecuados a cada situación de comunicación.
- Ler e escribir son accións que supoñen e reforzan as habilidades que permiten buscar, recompilar e procesar información, e ser competente á hora de comprender, compoñer e utilizar distintos tipos de textos con intencións comunicativas ou creativas diversas. A lectura facilita a interpretación e comprensión do código que permite facer uso da lingua escrita e é, ademais, fonte de pracer, de descubrimento doutros contornos, idiomas e culturas, de fantasía e de saber, todo o cal contribúe pola súa vez a conservar e mellorar a competencia comunicativa.
- A habilidade para seleccionar e aplicar determinados propósitos ou obxectivos ás accións propias da comunicación lingüística (o diálogo, a lectura, a escrita, etc.) está vinculada a algúns trazos fundamentais desta competencia, como as habilidades para representarse mentalmente, interpretar e comprender a realidade, e organizar e auto-regular o coñecemento e a acción dotándoos de coherencia.
- Comprender e saber comunicar son saberes prácticos que se deben apoiar no coñecemento reflexivo sobre o funcionamento da lingua e as súas normas de uso, e implican a capacidade de tomar a lingua como obxecto de observación e de análise. Expresar e interpretar diferentes tipos de discurso acordes á situación comunicativa en diferentes contextos sociais e culturais implica o coñecemento e a aplicación efectiva das regras de funcionamento do sistema da lingua e das estratexias necesarias para interactuar lingüisticamente dun xeito adecuado.
- Ter conciencia das convencións sociais, dos valores e aspectos culturais e da versatilidade da lingua en función do contexto e da intención comunicativa. Implica a capacidade empática de poñerse no lugar doutras persoas; de ler, de escoitar, de analizar e de ter en conta opinións distintas á propia con sensibilidade e espírito crítico; de expresar adecuadamente -en fondo e forma- as propias ideas e emocións, e de aceptar e realizar críticas con espírito construtivo.



Mais non descoidaremos outras competencias básicas. Así sucede, coa **competencia social e cidadá**. A través do traballo con diferentes tipos de textos e situacións de comunicación, debemos facilitar a aproximación crítica á realidade, así como o coñecemento e exercicio dos valores democráticos e dos dereitos civís.

En canto á competencia no **tratamento da información e dixital**, a súa relación con lingua galega e literatura ten dúas dimensións complementarias: dunha banda, cómpre aprender a utilizar unha serie de ferramentas que hoxe en día se presentan en soportes variados e que lles permitirán ás alumnas e aos alumnos mellorar as súas habilidades e obter información verbo da área que nos ocupa: desde as máis estritamente lingüísticas, como dicionarios, correctores ortográficos..., ata as relacionadas coa materia dun xeito menos exclusivo (enciclopedias, xornais dixitais...), pasando por outras de corte literario (bibliotecas virtuais, catálogos de publicacións...). Doutra banda, a lingua mesma é unha ferramenta: aquela con que os cidadáns e cidadás nos enfrontamos á crecente cantidade de información de que se dispón. Con ela podemos e debemos seleccionar, analizar criticamente, organizar, relacionar e sintetizar esa información co fin de transformármola en coñecemento. Usaremos a Aula Virtual e promoveremos o uso do galego nas redes sociais do alumnado.

Disponse de competencia **cultural e artística** se se crean, comprenden, aprecian e valoran con criterio manifestacións estéticas. Nesta área, isto concrétase sobre todo no ámbito literario, mais tamén no coñecemento e valoración da riqueza cultural que supón a diversidade lingüística e a expresividade popular da fala.

En canto á competencia para **aprender a aprender**, desenvólvese ao contribuír a linguaxe á estruturación do pensamento e ao control da aprendizaxe; en concreto, ao perfeccionar a lectura comprensiva, a composición de resumos e de esquemas que organicen as ideas, a interpretación das informacións lingüísticas dos dicionarios, a exposición e as conclusións sobre tarefas académicas, etc. Tamén contribuirá decisivamente o valorar a lectura e a escrita como fontes de enriquecemento propio.

A autonomía e iniciativa persoal promóvense co contacto activo e continuo con distintos espazos de comunicación: a intervención en situacións reais ou simuladas; os obradoiros de escrita; a lectura de obras literarias que estimulen a imaxinación e fomenten a creatividade; o uso progresivamente autónomo dos medios de comunicación social, das tecnoloxías da información e da comunicación e da biblioteca para aprender a manter unha actitude crítica ante as mensaxes recibidas; a localización e selección de información; a orientación lectora; o fomento da autoestima lingüística, etc. Pero, ademais, o propio traballo da linguaxe é clave na análise de problemas, na elaboración de plans e nas toma de decisións.

a) OBXECTIVOS para 2º ESO

1. Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social, cultural e académica.
2. Expresarse oralmente de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural, adoptando mediante o diálogo actitudes de respecto e de colaboración cos demais.




3. Expresarse por escrito de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural.
4. Utilizar eficazmente a lingua na actividade escolar para buscar, procesar e analizar información e mais para redactar ou expoñer textos propios do ámbito académico.
5. Utilizar criticamente e con progresiva autonomía as bibliotecas, os medios de comunicación social e as TIC para obter, interpretar, elaborar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.
6. Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e mais para escribir e falar con adecuación, coherencia e corrección.
7. Comprender as circunstancias que condicionaron a historia social da lingua galega, afirmándoa como propia de Galicia, así como as que hoxe condicionan o seu uso, de xeito que se estea en disposición de superar as que supoñen obstáculos para a súa utilización en calquera contexto e situación.
8. Coñecer e respectar a realidade plurilingüe e pluricultural do Estado español, de Europa e do mundo actual, facerse consciente da riqueza que representa e entender as situacións que provoca o contacto de linguas.
9. Analizar os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos que supoñen xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.
10. Ler con fluidez, consolidar o hábito lector e facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.
11. Comprender textos literarios utilizando os coñecementos sobre as convencións de cada xénero, os temas e motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos.
12. Aproximarse ao coñecemento do patrimonio literario e valoralo como un xeito de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos histórico-culturais.

b) Contidos, secuencia e temporalización

-A METODOLOXÍA DIDÁCTICA QUE SE VAI APLICAR deberá:

- * Fomentar a participación, a reflexión, tanto individual como grupal.
- * Operar non só sobre o concreto senón tamén sobre conceptos, ideas.
- * Fomentar a formulación de hipóteses.
- * Buscar, seleccionar e tratar a información.
- * Fomentar a confrontación clara, respectuosa dela
- * Insistir na ordenación das ideas, comparación, xerarquización.
- * Elaborar percorridos ordenados, lóxicos desde a formulación de hipóteses á comprobación dos resultados.
- * Expresar correcta, clara e ordenadamente os resultados.
- * Comprobar noutros contextos diferentes aos utilizados para o traballo.
- * Relacionar os saberes aprendidos nas distintas materias.



Estes propósitos intégranse na proposta de contidos que mostramos a continuación e que toma corpo nas unidades didácticas do libro do alumno.

Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar.

Comprensión de textos.

- * Comprensión de novas de actualidade e de informacións de crónicas e de reportaxes procedentes dos medios de comunicación audiovisual.
- * Comprensión de textos orais utilizados no ámbito académico, como presentación de tarefas e de instrucións para a súa realización ou breves exposicións orais de temáticas variadas.
- * Desenvolvemento de habilidades de escoita activa. Actitude de interese, de cooperación e de respecto ante as intervencións orais de quen fala diante de nós, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado e mais no traballo colaborativo.
- * Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes dos medios de comunicación, con especial atención aos programas de carácter informativo e, xa que logo, ás noticias, reportaxes e crónicas que conteñen. Recoñecemento dos usos lingüísticos discriminatorios máis evidentes, análise dos prexuízos que os sustentan e procura de alternativas.
- * Valoración das producións orais emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

Produción de textos.

- * Exposición planificada, clara e ordenada, coa axuda das TIC, de informacións de actualidade que interesen ao alumnado tomadas dos medios de comunicación, poñendo de relevo as diferenzas no modo de presentar os feitos dos distintos medios.
- * Participación activa en situacións propias do ámbito académico (achega de propostas e de información, intercambio de opinións, exposición de informes sobre as tarefas realizadas...).
- * Coherencia entre comunicación verbal e non verbal na produción dos discursos e presentacións orais.
- * Participación en situacións de comunicación reais ou simuladas propias da vida cotiá do alumnado adoptando o rexistro adecuado a elas.
- * Valoración do diálogo como medio de resolución de conflitos, intervencións orais respectuosas con quen nos rodea e actitude de cooperación en situacións de aprendizaxe compartida. Desenvolvemento de habilidades de comunicación asertiva (por exemplo, aplicadas á solicitude de cambios).
- * Interese por producir enunciados correctos e non interferidos desde o punto de vista fonético, fuxindo dos prexuízos que adoitan relacionarse con determinados modelos de lingua oral.


Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.

Comprensión de textos.

- * Comprensión de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado, como diarios ou cartas persoais e solicitudes.
- * Comprensión e análise de textos dos medios de comunicación, sobre todo de noticias, reportaxes e crónicas, atendendo ao lugar que ocupan na estrutura do xornal dixital e aos elementos paratextuais.
- * Comprensión de textos do ámbito académico, atendendo especialmente aos de carácter instrutivo e expositivo (incluídas webs educativas e informacións de dicionarios, glosarios e enciclopedias en diversos soportes).
- * Detección do tema e dos subtemas de narracións e aplicación a elas de técnicas de análise do contido de textos escritos: subliñado das ideas principais, elaboración de esquemas que as estruturen visualmente e resumo.
- * Utilización progresivamente autónoma da biblioteca e das TIC como fonte de información e de modelos para a composición escrita.
- * Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación, con especial atención ás procedentes das noticias, reportaxes e crónicas dos medios de comunicación. Recoñecemento dos usos lingüísticos discriminatorios máis evidentes, análise dos prexuízos que os sustentan e procura de alternativas.
- * Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo correctos, incidindo especialmente na adecuación aos patróns fonéticos do galego e na atención aos signos de puntuación.

Produción de textos.

- * Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado, como diarios e cartas persoais ou solicitudes.
- * Composición de textos propios dos medios de comunicación en soporte papel ou dixital; por exemplo noticias, crónicas e reportaxes.
- * Composición, en soporte papel e dixital, de textos propios do ámbito académico (esquemas, resumos, exposicións e explicacións sinxelas, informes de tarefas e aprendizaxes efectuadas).
- * Composición de textos narrativos e descritivos.
- * Planificación, revisión e boa presentación dos textos escritos, con respecto polas normas gramaticais e ortográficas e mais con adecuación á temática, fins, destinatarios... de cada escrito.
- * Uso das TIC para elaborar textos escritos ben presentados e correctos, aproveitando as posibilidades dos procesadores de textos, correctores ortográficos, etc.



Bloque 3. Funcionamento da lingua.

- * Revisión da adecuación de textos alleos e propios, con especial atención ao tratamento dos interlocutores e ás fórmulas de cortesía.
- * Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os espaciais e os de oposición e contraste, e mais dos mecanismos de cohesión textual como a deixé espacial e temporal, a relación entre os tempos verbais, as relacións de contraste -antonimia- e a referencia interna de tipo léxico, sobre todo a sinonimia e a elipse.
- * Indución, a partir de usos contextualizados, da estrutura das palabras flexivas, especialmente substantivo e verbo, e recoñecemento dos seus aspectos morfolóxicos máis precisos para a mellora da comprensión e produción textuais.
- * Distinción reflexiva entre os distintos elementos sintácticos no nivel da frase para a mellora das estruturas na construción e revisión de textos.
- * Uso dun léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos identificados nos textos traballados na aula.
- * Uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica, así como das normas ortográficas, con aprecio dos seus valores funcionais e sociais.
- * Reflexión básica acerca daqueles aspectos da fonética e da fonoloxía do galego onde poidan producirse interferencias (apertura das vogais de grao medio, n velar, entoación...), exposición a modelos positivos e práctica, especialmente durante as exposicións planificadas.
- * Uso de estratexias de autoavaliación e autocorrección, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe.
- * Interpretación e aproveitamento das informacións lingüísticas que ofrecen os dicionarios e as obras de consulta, especialmente sobre flexión, relacións semánticas e normativa.

Bloque 4. Lingua e sociedade.

- * Coñecemento xeral da situación das linguas minorizadas e das internacionais, con manexo e interpretación de mapas, táboas, textos e información dos medios e tecnoloxías da comunicación, valorando positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- * Comprensión da situación sociolingüística galega en canto a usos e actitudes xerais, realizando pequenos traballos que permitan recoñecer e analizar prexuízos lingüísticos.
- * Coñecemento da nosa lexislación esencial en materia lingüística, a toponimia e a antroponimia.
- * Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega, afirmando o plurilingüismo.
- * Observación das principais diferenzas, preferentemente en textos orais, entre as variedades xeográficas da lingua galega.

Bloque 5. Educación literaria.

- * Selección guiada e lectura progresivamente autónoma de obras adecuadas á idade que estimulen o hábito e pracer lector ao tempo que amplían o coñecemento do mundo.
- * Lectura expresiva e comprensiva e mais audición de poemas recitados ou cantados, captando o valor funcional dos recursos estilísticos máis relevantes nos diferentes niveis.
- * Lectura expresiva e comprensiva e mais audición de textos narrativos breves, contrastando os elementos estruturais e formais: distintas voces, perspectivas temporais, etc..
- * Lectura dramatizada e comprensiva e mais visionamento de pezas teatrais, recoñecendo os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.
- * Comparación entre textos pertencentes aos subxéneros literarios.
- * Creación de textos de intención literaria partindo dos trazos formais dos traballados na aula e das posibilidades lúdico-estéticas da lingua.
- * Análise doutras linguaxes estéticas: a canción.
- * Aproveitamento guiado dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais.

Libro de texto:

- **Temporalización:** material Edixgal e complementario.

2
ESO

LINGUA GALEGA E LITERATURA



UNIDADE 1. LINGUA DE MAR, LINGUA DE TERRA


OBXECTIVOS

- Coñecer o concepto de prexuízo, especialmente os que afectan á lingua, analizando as razóns que motivan a súa orixe e construíndo unha opinión crítica para os poder combater.
- Detectar e desbotar prexuízos lingüísticos, especialmente os referidos á lingua galega.
- Entender e analizar a mecánica da comunicación, así como os elementos que interveñen no proceso comunicativo.
- Saber cales son as funcións da linguaxe e que factores as determinan.
- Identificar e analizar as particularidades da lingua galega en canto á súa vitalidade e status social e legal.
- Entender os conceptos de lingua maioritaria, lingua minoritaria e lingua minorizada, relacionándoos con outros conceptos propios da sociolingüística.
- Comprender e analizar a realidade lingüística galega a través do estudo das súas variedades internas.
- Estudar e valorar os fenómenos lingüísticos propios do galego, en particular a gheada e o seseo.
- Repasar os compoñentes do alfabeto galego e determinar os casos en que poden aparecer certas letras e grafías «exóticas».


TEMPORALIZACIÓN

10 sesións (8 de contido teórico + 1 de reforzo + 1 de proxecto)


Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
• <i>O reencontro en Longa lingua</i>, Ánxela Gracián • Os prexuízos lingüísticos • A comunicación. O proceso comunicativo. Os elementos da comunicación. As funcións da linguaxe.	• B.1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos medios de comunicación (crónicas, reportaxes e documentais) e elaborar esquemas e resumos.	• LGB1.1.1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa de textos orais de carácter informativo propios dos medios de comunicación audiovisual (reportaxes, crónicas e documentais).	• CCL • CAA




• O status da lingua galega. As variedades internas. A gheada e o seseo • O alfabeto: as grafías j, k, w, y		• LGB1.1.2. Traslada a información relevante de discursos orais dos medios de comunicación audiovisual a esquemas ou resumos.	• CCL • CAA
	• B1.2. Extraer a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos ámbitos social e educativo.	• LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os feitos e datos relevantes en textos orais do ámbito social e educativo.	• CCL • CAA
		• LGB1.2.2. Comprende e segue as instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.	• CAA
	• B1.3. Coñecer e usar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas.	• LGB1.3.1. Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).	• CSC • CCL
		• LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal.	• CCL • CSC • CSIE




	B1.4. Identificar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e interpretar as connotacións e mensaxes discriminatorias implícitas.	LGB1.4.1. Diferencia as ideas principais e as secundarias e identifica a intención comunicativa de programas de carácter informativo: noticias, reportaxes e crónicas.	CCL
		LGB1.4.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas.	- CCL - CAA - CSIEE
		LGB1.4.3. Reflexiona sobre as mensaxes e rexeita usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos e discriminacións.	- CSC - CAA
	B.1.5. Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	LGB1.5.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia e prosodia correcta, recoñece os erros nas producións orais propias e alleas e propón solución para melloralas.	- CCL - CAA
		LGB1.5.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia galega.	CAA
		LGB1.5.3. Asume, se a posúe, a variante dialectal propia e utilízaa na súa	- CCL - CCEC



		práctica habitual.	
	B1.6. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	LGB1.6.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	- CCL - CSC
		LGB1.6.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).	CCL
		LGB1.6.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada).	CCL
		LGB1.6.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.	CCL




	B1.8. Participar activamente en situación propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.	LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo con respecto ás regras de interacción e ás opinións alleas.	- CCL - CSC
		LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios.	- CCL - CSC
		LGB1.8.3. Expresa e compara con compañeiras/os a súa opinión sobre unha obra de lectura.	- CSC - CAA
	B1.10. Producir discursos breves e comprensibles, nun rexistro neutro, informal ou máis culto, sobre temas da vida cotiá ou educativa.	LGB1.10.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.	- CCL - CSC - CSIEE - CCEC
		LGB1.10.4. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos.	- CCL - CAA
	B2.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión.	LGB2.1.1. Analiza e sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas que estruturan visualmente as ideas.	- CCL - CAA
		LGB2.1.2. Busca o significado do léxico descoñecido a partir do contexto, analiza a forma das palabras ou usa dicionarios para contextualizar as acepcións.	- CCL - CAA
		LGB2.1.3. Identifica a idea principal e as secundarias e comprende a relación existente entre elas.	CCL




		LGB2.1.4. Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto.	CCL
		LGB2.1.5. Compila información para comprender e ampliar o coñecemento das mensaxes: busca bibliografía; consulta libros, revistas, xornais; utiliza recursos audiovisuais e buscadores de internet.	- CCL - CAA
		LGB2.1.6. Contrasta os contidos dos textos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura.	- CCL - CAA
	B2.3. Comprender e interpretar, en formato papel ou dixital, textos propios dos medios de comunicación (noticias).	LGB2.3.1. Comprende e interpreta textos propios dos medios de comunicación (noticias).	- CCL - CSC
	B2.4. Comprender e interpretar en formato papel ou dixital, textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.	LGB2.4.1. Comprende e interpreta textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.	- CCL - CD - CAA
		LGB2.4.2. Identifica as características específicas de todo tipo de textos nos que se expoñan feitos e se expliquen ideas e conceptos das distintas materias curriculares.	CCL



	B2.5. Seleccionar a información que se obtén nas bibliotecas, nas TIC e outras fontes e integrar os coñecementos adquiridos nun proceso de aprendizaxe continua.	LGB2.5.1. Utiliza, de forma progresivamente autónoma, diversas fontes de información e integra os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais e escritos.	- CCL - CAA
		LGB2.5.2. Coñece e utiliza habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital.	- CCL - CD - CAA
	B2.6. Amosar unha actitude reflexiva e crítica ante a lectura que permita identificar usos lingüísticos discriminatorios e manifestar posturas de acordo ou desacordo e respecto ás mensaxes expresadas.	LGB2.6.1. Detecta mensaxes que transmiten prexuízos e evita usos lingüísticos discriminatorios.	- CCL - CSC
		LGB2.6.2. Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.	- CCL - CSC
		LGB2.6.3. Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto.	CCL
		LGB2.6.4. Respecta as opinións dos demais.	- CCL - CSC
	B2.8. Usar procedementos de planificación e revisión para conseguir a adecuación, coherencia, cohesión e corrección dos contidos nas relacións internas e externas do texto.	LGB2.8.5. Revisa e reescribe o texto con respecto polas regras ortográficas e morfolóxicas.	CCL
	B2.11. Producir, en formato papel ou dixital, textos de carácter educativo:	LGB2.11.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos,	- CCL - CD




	cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descrições e explicacións sobre contidos das materias curriculares.	informes de tarefas, descrições e explicacións sobre contidos das materias curriculares.	
		LGB2.12.2. Sintetiza e resume narracións e descrições sen parafrasear o texto resumido.	CCL
	B3.1. Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula.	LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación comunicativa.	- CCL - CCEC
	B3.2. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.	LGB3.2.1. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega.	- CCL - CAA
	B3.3. Usar eficazmente os dicionarios ou calquera outra fonte de consulta, en papel ou en soporte electrónico, para resolver dúbidas e para progresar na aprendizaxe autónoma.	LGB3.3.1. Obtén, de xeito autónomo, información lingüística de todo tipo en dicionarios, en diferentes soportes, e noutras obras de consulta.	- CCL - CAA
	B3.4. Coñecer, usar e valorar as normas que regulan os textos orais e escritos.	LGB3.4.1. Completa, transforma e valora textos orais ou escritos de maneira adecuada e correcta atendendo ás normas.	- CCL - CD




	B3.5. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	LGB3.5.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	CCL
		LGB3.5.2. Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos.	CCL
	B3.6. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión textual.	LGB3.6.1. Analiza e usa correctamente a puntuación para a cohesión textual.	CCL
	B3.10. Aplicar progresivamente o coñecemento e o uso das estratexias de autoavaliación e a aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe.	LG3.10.1. Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación, propondo solucións para a súa mellora.	- CCL - CAA
	B3.12. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	LGB3.12.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.	- CCL - CAA
	B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo. Apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran.	LGB4.1.1. Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso en diferentes contextos.	CCL



		LGB4.1.2. Distingue entre linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas e aplica estes conceptos ao caso galego.	- CCL - CSC
		LGB4.1.3. Coñece as linguas que se falan en España e valora a súa existencia como un elemento de riqueza cultural.	- CCL - CSC
		LGB4.1.5. Valora a importancia da relación de Galicia coa comunidade lusófona e coñece os territorios que a integran.	- CCL - CCEC
	B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega no contorno.	LGB4.2.1. Describe a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo do seu contorno (concello e comarca), compáraa coa situación doutros contextos e analiza as diferenzas.	CCL
	B4.4. Describir a situación legal das linguas do Estado español.	LGB4.4.1. Coñece a lexislación que regula a utilización do galego e a súa promoción no ámbito educativo e local.	CCL
	B4.3. Coñecer as principais iniciativas normalizadoras no ámbito educativo, adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.	LGB4.3.1. Coñece as principais iniciativas normalizadoras no ámbito educativo.	- CCL - CSC
		LGB4.3.2. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.	- CCL - CSC
	B4.5. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.	LGB4.5.1. Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter estético e socioeconómico cara ao galego na súa	- CCL - CSC




		práctica lingüística e na do seu contorno.	
	B4.6. Identificar e clasificar as variantes diafásicas do galego, recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega e valorala como variante unificadora, así como apreciar a variante diatópica propia.	- LGB4.6.1. Identifica e clasifica as variantes diafásicas do galego. - LGB4.6.2. Analiza a súa práctica lingüística e identifica nela os trazos propios da xerga estudantil. - LGB4.6.3. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega e valóraa como variante unificadora. - LGB4.6.4. Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona.	- CCL - CCL - CCL - CCL - CSC
	B5.1. Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expor unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionar o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e valorar o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe.	LGLB5.1.1. Le con regularidade obras literarias e desenvolve criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade e relaciona o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos.	CCL
	B5.5. Comparar textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.	LGLB5.5.2. Compara textos pertencentes ao mesmo xénero pero a diferentes subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.	CCL



- B5.9. Servirse, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes.

- LGLB5.9.1. Sévese, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes.

- CCL
- CD



2^{ESO}

LINGUA GALEGA E LITERATURA

UNIDADE 2. GALEGANDO


OBXECTIVOS

- Coñecer a lexislación que regula o uso dos topónimos galegos analizando o seu grao de vixencia e protección na actualidade.
- Valorar os topónimos (incluíndo a microtoponimia), así como os antropónimos, como un ben cultural necesariamente preservable.
- Aprender a orixe dalgúns topónimos e coñecer aqueles que designan as realidades da contorna do propio alumnado.
- Analizar as diferentes modalidades textuais segundo a organización do seu discurso, traballando con mostras reais.
- Producir textos propios (orais e escritos) atendendo ás propiedades da adecuación, a cohesión e a coherencia.
- Coñecer as características básicas do substantivo, do adxectivo determinativo e do adxectivo cualificativo desde o punto de vista morfolóxico. Ç
- Coñecer e pór en práctica as regras para a flexión de xénero e de número en substantivos, adxectivos determinativos e cualificativos.
- Identificar os graos que pode presentar o adxectivo cualificativo realizando prácticas encamiñadas ao seu uso adecuado nas estruturas comparativas.
- Saber realizar a división silábica dunha palabra con base na súa acentuación.
- Consolidar os coñecementos sobre a acentuación gráfica nos casos de palabras oxítonas, paroxítonas e proparoxítonas, especialmente cando presentan ditongos, hiatos e tritongos.


TEMPORALIZACIÓN

- 12 sesións (9 de contido teórico + 1 de reforzo + 2 de proxecto)


Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
• <i>O último ser humano</i> en <i>Dos quarks á próxima extinción</i>, Pedro J. Cascajosa Arroyo.	• B.1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes	• LGB1.1.1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa de textos orais de carácter informativo propios dos medios	• CCL • CAA



- Os nomes de lugar. A toponimia galega. Os xentilicios - As modalidades textuais. Textos narrativos e descritivos. Textos expositivos e instrutivos. Textos argumentativos - Substantivo e adxectivo. O substantivo. O adxectivo determinativo e o adxectivo cualificativo - A división silábica	de diferentes textos orais dos medios de comunicación (crónicas, reportaxes e documentais) e elaborar esquemas e resumos.	de comunicación audiovisual (reportaxes, crónicas e documentais). LGB1.1.2. Traslada a información relevante de discursos orais dos medios de comunicación audiovisual a esquemas ou resumos.	- CCL - CAA
	B1.2. Extraer a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos ámbitos social e educativo.	- LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os feitos e datos relevantes en textos orais do ámbito social e educativo. - LGB1.2.2. Comprende e segue as instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.	- CCL - CAA - CAA
	B1.3. Coñecer e usar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas.	LGB1.3.1. Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).	- CSC - CCL




	B1.4. Identificar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e interpretar as connotacións e mensaxes discriminatorias implícitas.	LGB1.4.1. Diferencia as ideas principais e as secundarias e identifica a intención comunicativa de programas de carácter informativo: noticias, reportaxes e crónicas.	CCL
		LGB1.4.3. Reflexiona sobre as mensaxes e rexeita usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos e discriminacións.	- CSC - CAA
	B1.6. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	LGB1.6.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	- CCL - CSC
	• B1.6. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	• LGB1.6.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. • LGB1.6.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas	• CCL • CSC • CCL




		desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).	
		LGB1.6.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada).	CCL
		LGB1.6.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.	CCL
	B1.7. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, técnicas e estratexias para realizar exposicións orais planificadas.	LGB1.7.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.	- CD - CAA - CSIEE
		LGB1.7.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente.	- CD - CCL - CSC
	B1.8. Participar activamente en situación propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.	LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo con respecto ás regras de interacción e ás opinións alleas.	- CCL - CSC
		LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios.	- CCL - CSC
		LGB1.8.3. Expresa e compara con compañeiras/os a súa opinión sobre unha obra de lectura.	- CSC - CAA




	B1.9. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.	LGB1.9.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.	CAA
		LGB1.9.2. Fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade	- CCL - CSC - CSIEE
		LGB1.9.3. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal nas prácticas orais da lingua.	- CCL - CSC
		LGB1.9.4. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da práctica oral.	- CCL - CAA
		LGB1.9.5. Recoñece a avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.	- CAA - CCL
	B1.10. Producir discursos breves e comprensibles, nun rexistro neutro, informal ou máis culto, sobre temas da vida cotiá ou educativa.	LGB1.10.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.	- CCL - CSC - CSIEE - CCEC
		LGB1.10.3. Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa.	- CCL - CSC




		LGB1.10.4. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos.	- CCL - CAA
	B2.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión.	LGB2.1.1. Analiza e sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas que estruturan visualmente as ideas.	- CCL - CAA
		LGB2.1.2. Busca o significado do léxico descoñecido a partir do contexto, analiza a forma das palabras ou usa dicionarios para contextualizar as acepcións.	- CCL - CAA
		LGB2.1.3. Identifica a idea principal e as secundarias e comprende a relación existente entre elas.	CCL
		LGB2.1.4. Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto.	CCL
		LGB2.1.5. Compila información para comprender e ampliar o coñecemento das mensaxes: busca bibliografía; consulta libros, revistas, xornais; utiliza recursos audiovisuais e buscadores de internet.	- CCL - CAA
		LGB2.1.6. Contrasta os contidos dos textos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura.	- CCL - CAA



	B2.4. Comprender e interpretar en formato papel ou dixital, textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.	LGB2.4.1. Comprende e interpreta textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.	- CCL - CD - CAA
	B2.5. Seleccionar a información que se obtén nas bibliotecas, nas TIC e outras fontes e integrar os coñecementos adquiridos nun proceso de aprendizaxe continua.	LGB2.5.1. Utiliza, de forma progresivamente autónoma, diversas fontes de información e integra os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais e escritos.	- CCL - CAA
		LGB2.5.2. Coñece e utiliza habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital.	- CCL - CD - CAA
		LGB2.5.3. Coñece o funcionamento das bibliotecas, así como as bibliotecas dixitais e é quen de solicitar libros e vídeos de xeito autónomo.	- CCL - CD - CAA
	B2.6. Amosar unha actitude reflexiva e crítica ante a lectura que permita identificar usos lingüísticos discriminatorios e manifestar posturas de acordo ou desacordo e respecto ás mensaxes expresadas.	LGB2.6.1. Detecta mensaxes que transmiten prexuízos e evita usos lingüísticos discriminatorios.	- CCL - CSC
		LGB2.6.2. Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.	- CCL - CSC
		LGB2.6.3. Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto.	CCL
		LGB2.6.4. Respecta as opinións dos demais.	- CCL - CSC




	B2.7. Ler en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función.	LGB2.7.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados (interpreta os signos de puntuación) á situación comunicativa e á función da mensaxe.	CCL
	B2.8. Usar procedementos de planificación e revisión para conseguir a adecuación, coherencia, cohesión e corrección dos contidos nas relacións internas e externas do texto.	LGB2.8.1. Elabora esquemas sinxelos para ordenar as ideas e estruturar o texto.	CCL
		LGB2.8.2. Adecúa as súas producións ao rexistro formal e educativo.	CCL
		LGB2.8.3. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos de cohesión interna do texto (a deíxe, as referencias internas de tipo léxico e os conectores).	CCL
		LGB2.8.4. Usa os signos de puntuación do texto en relación coa organización oracional e coa forma do texto (os parágrafos e a distribución e ordenación das ideas expresadas)	CCL
		LGB2.8.5. Revisa e reescribe o texto con respecto polas regras ortográficas e morfolóxicas.	CCL
		LGB2.8.6. Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios	- CCL - CD




		electrónicos e correctores.	
	B2.12. Producir e sintetizar, en formato papel ou dixital, textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narracións e descricións.	- LGB2.12.1. Produce, en formato papel ou dixital, escritos de distinta tipoloxía a partir dun modelo, fundamentalmente, narrativos e descritivos. - LGB2.12.2. Sintetiza e resume narracións e descricións sen parafrasear o texto resumido.	- CCL - CD - CCL
	B2.13. Usar as TIC para textualizar, revisar e mellorar os escritos: procesadores de texto, programas de presentación e dicionarios electrónicos.	LGB2.13.1. Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios electrónicos, e correctores para textualizar e revisar e mellorar os escritos.	- CCL - CD
	B2.14. Valorar a escritura como fonte de aprendizaxe e como unha forma de comunicar experiencias, ideas e coñecementos propios.	LGB2.14.1. Describe os valores da escritura como instrumento de comunicación social fundamental para comunicar experiencias e para adquirir e transmitir coñecementos.	- CCL - CSC - CCEC




	B3.1. Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula.	LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación comunicativa.	- CCL - CCEC
	B3.2. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.	LGB3.2.1. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega.	- CCL - CAA
	B3.3. Usar eficazmente os dicionarios ou calquera outra fonte de consulta, en papel ou en soporte electrónico, para resolver dúbidas e para progresar na aprendizaxe autónoma.	LGB3.3.1. Obtén, de xeito autónomo, información lingüística de todo tipo en dicionarios, en diferentes soportes, e noutras obras de consulta.	- CCL - CAA
	B3.4. Coñecer, usar e valorar as normas que regulan os textos orais e escritos.	LGB3.4.1. Completa, transforma e valora textos orais ou escritos de maneira adecuada e correcta atendendo ás normas.	- CCL - CD



	B3.5. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	LGB3.5.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	CCL
		LGB3.5.2. Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos.	CCL
	B3.6. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión textual.	LGB3.6.1. Analiza e usa correctamente a puntuación para a cohesión textual.	CCL
	B3.7. Recoñecer a estrutura de substantivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para mellorar a comprensión e produción textuais.	LGB3.7.1. Coñece e utiliza adecuadamente substantivos e formas verbais na comprensión e produción de textos orais e escritos.	- CCL - CAA
		LGB3.7.2. Exprésase, con estilo propio, utilizando os recursos da lingua con flexibilidade e creatividade.	- CCL - CAA
	B3.8. Recoñecer e usar os nexos textuais de espazo, oposición e contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.	LGB3.8.1. Identifica e usa distintos tipos de conectores de espazo, oposición, contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna que lle proporcionan cohesión a un texto.	- CCL - CAA



		• LG3.8.2. Utiliza os elementos lingüísticos para a cohesión interna.	• CCL
	• B3.9. Coñecer os compoñentes sintácticos para elaborar enunciados, orais e escritos, cun estilo cohesionado e correcto.	• LG3.9.1. Completa, transforma e elabora enunciados de maneira axeitada e correcta atendendo aos compoñentes sintácticos.	• CCL
	• B3.10. Aplicar progresivamente o coñecemento e o uso das estratexias de autoavaliación e a aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe.	• LG3.10.1. Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación, propondo solucións para a súa mellora.	• CCL • CAA
	• B3.11. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	• LGB3.11.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	• CCL • CAA



	B3.12. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	LGB3.12.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.	- CCL - CAA
	B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo. Apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran.	LGB4.1.1. Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso en diferentes contextos.	CCL
		LGB4.1.2. Distingue entre linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas e aplica estes conceptos ao caso galego.	- CCL - CSC
		LGB4.1.4. Coñece as linguas que se falan na actualidade en Galicia por mor da emigración.	CCL
		LGB4.1.5. Valora a importancia da relación de Galicia coa comunidade lusófona e coñece os territorios que a integran.	- CCL - CCEC
		LGB4.1.6. Coñece recursos en rede de lecer (literatura de tradición oral, música e xogos) e educativos en lingua galega adaptados á súa idade e compáraos con outros similares da lusofonía.	- CCL - CCEC - CD




	B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega no contorno.	LGB4.2.1. Describe a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo do seu contorno (concello e comarca), compáraa coa situación doutros contextos e analiza as diferenzas.	CCL
	B4.3. Coñecer as principais iniciativas normalizadoras no ámbito educativo, adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.	- LGB4.3.1. Coñece as principais iniciativas normalizadoras no ámbito educativo. - LGB4.3.2. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.	- CCL - CSC - CCL - CSC
	B4.4. Describir a situación legal das linguas do Estado español.	LGB4.4.1. Coñece a lexislación que regula a utilización do galego e a súa promoción no ámbito educativo e local.	CCL
	B4.5. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.	LGB4.5.1. Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter estético e socioeconómico cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno.	- CCL - CSC



	• B4.6. Identificar e clasificar as variantes diafásicas do galego, recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega e valorala como variante unificadora, así como apreciar a variante diatópica propia.	• LGB4.6.2. Analiza a súa práctica lingüística e identifica nela os trazos propios da xerga estudantil.	• CCL
		• LGB4.6.3. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega e valóraa como variante unificadora.	• CCL
		• LGB4.6.4. Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona.	• CCL • CSC
	• B5.1. Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expor unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionar o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e valorar o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe.	• LGLB5.1.1. Le con regularidade obras literarias e desenvolve criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade e relaciona o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos.	• CCL
		• LGLB5.1.2. Describe o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe nos textos literarios.	• CCL
	• B5.2. Ler expresiva e comprensivamente e facer audicións de poemas recitados ou cantados, determinar o tema principal, a estrutura xeral e pór de relevo os principais recursos estilísticos.	• LGLB5.2.1. Le expresiva e comprensivamente e fai audicións de poemas recitados ou cantados, determina o tema principal, a estrutura xeral e pon de relevo os principais recursos estilísticos.	• CCL




	• B5.3. Ler expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localizando e describindo os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.	• LGLB5.3.1. Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localiza e describe os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.	• CCL
	• B5.4. Ler dramatizada e comprensivamente, visionar pezas teatrais e recoñecer os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.	• LGLB5.4.1. Le dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e recoñece os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.	• CCL
	• B5.5. Comparar textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.	• LGLB5.5.1. Compara textos pertencentes aos diferentes xéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.	• CCL
		• LGLB5.5.2. Compara textos pertencentes ao mesmo xénero pero a diferentes subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.	• CCL



	• B5.6. Analizar textos literarios, de maneira guiada, identificar os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.	• LGB.5.6.1. Analiza textos literarios, de maneira guiada, identifica os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.	• CCL
	• B5.7. Escribir textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.	• LGLB5.7.1. Escribe textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.	• CCL • CCEC
	• B5.9. Servirse, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes.	• LGLB5.9.1. Sévese, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes.	• CCL • CD

- **MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS:** o citado material Edixgal, cartafol de alumno, libros de lectura e materiais tic dentro da posible utilización da aula de tics, aula de vídeo, paraninfo, biblioteca, materiais do proxecto, etc.


TEMPORALIZACIÓN



E-DIXGAL

1º trimestre

O noso proxecto	Leer e escribir/ Escoitar e falar	Léxico	Comunicación/ Educación literaria	Funcionamento da lingua	Ortografía	Ao peche		
1.	Lingua de mar, lingua de terra	Avanzamos. Como pasan os anos!	«Longa lingua». Ánxela Gracián. <i>Os contos da mesa</i> .	Os prexuízos lingüísticos	Comunicación O proceso comunicativo Elementos da comunicación Funcións da linguaxe	Funcionamento da lingua O status da lingua galega As variedades internas da lingua A gheada e o seseo	Ortografía O alfabeto. As letras <i>j, k, w, y</i>	Que aprendices? Avalíate Reforza Amplía Actividade de síntese
2.	Galegando	Avanzamos. Como pasan os anos!	«Dos quarks á próxima extinción». Pedro J. Cascajosa Arroyo (AGI-Xunta de Galicia)	Nomes de lugar: A toponimia galega Os xentilicios	As modalidades textuais Textos narrativos e descritivos Textos expositivos e instrutivos Textos argumentativos	Substantivo e adxectivo Substantivo Adxectivo determinativo Adxectivo cualificativo	A división silábica	Que aprendices? Avalíate Reforza Amplía Actividade de síntese
3.	Cóntame o que che pasa!	Avanzamos. Como pasan os anos!	«Viaxes do corazón». Xosé M. Trigo (Galaxia)	As relacións semánticas	Textos da vida cotiá e das relacións sociais O diario, a carta e o correo electrónico	Os pronomes Pronomes persoais Colocación do pronome átono	A acentuación Un frigorífico de cerámica: ciencia e técnica en acción.	Que aprendices? Avalíate Reforza Amplía Actividade de síntese




					O aviso e a solicitude Os blogs, os foros de Internet e as redes sociais			
4.	De a cabalo ou de peón	Avanzamos. Como pasan os anos!	«Resurrection Fest: Apocalípticos ben integrados» (<i>praza. gal</i>) – crónica–	A polisemia e a homonimia	Textos dos medios de comunicación A noticia A reportaxe e a crónica O artigo xornalístico	O verbo (I) As formas verbais A conxugación verbal Os verbos regulares	Acentuación en casos especiais (I): Ditongos, tritongos e hiatos	Que aprendices? Avalíate Reforza Amplía Actividade de síntese

2º trimestre

Unidade	O noso proxecto	Leer e escribir/ Escoitar e falar	Léxico	Comunicación/ Educación literaria	Funcionamento da lingua	Ortografía	Ao peche
---------	-----------------	--------------------------------------	--------	--------------------------------------	-------------------------	------------	----------



5.	Quen foxe na escuridade?	Avanzamos. Como pasan os anos!	«Informe da gavilla». Víctor Vaqueiro (Galaxia)	A sinonimia e a antonimia	Textos da vida académica O cuestionario O resumo e o esquema O informe A presentación dixital	O verbo (II) Os verbos semirregulares e irregulares O infinitivo flexionado As perífrases verbais	Acentuación en casos especiais (II): Outros casos	Que aprendices? Avalíate Reforza Amplía Actividade de síntese
6.	Moito máis lonxe	Avanzamos. Como pasan os anos!	«O corazón de Xúpiter». Leticia Costas (Xerais)	A hiponimia e a hiperonimia (Holonimia e meronimia, en ampliación)	Os textos literarios e a linguaxe literaria (concepto, xénero e recursos)	Os sintagmas O sintagma preposicional O sintagma nominal O sintagma verbal O sintagma adxectivo O sintagma adverbial	A escrita do... ... s e do x	Que aprendices? Avalíate Reforza Amplía Actividade de síntese
7.	O maxín inesgotable	Avanzamos. Como pasan os anos!	«Cachíños do meu cerne». Fuco Paz Souto (Toxosoutos)	Campo lexical e campo semántico	A narración literaria (elementos da narración)	A oración simple (I) Enunciado, frase e oración O suxeito	A escrita do... ... s, x, //, i	Que aprendices? Avalíate Reforza Amplía Actividade de síntese
8.	Construíndo a historia	Avanzamos. Como pasan os anos!	«A chamada da selva». Jack London (Xerais)	Palabras simples e complexas. A formación de palabras (I): a derivación	A novela (concepto e tipoloxías)	A oración simple (II) O predicado CD e CI	A escrita do... Os grupos consonánticos	Que aprendices? Avalíate Reforza Amplía Actividade de síntese



Unidade	O noso proxecto	Leer e escribir/ Escoitar e falar	Léxico	Comunicación/ Educación literaria	Funcionamento da lingua	Ortografía	Ao peche
9.	Vidas na pantalla	Avanzamos. Como pasan os anos!	«Harry Potter e o cáliz de fogo». J. K. Rowling (Galaxia)	A formación de palabras (II): a composición e a parasíntese. A familia de palabras	Cinema (os xéneros cinematográficos, a linguaxe cinematográfica)	A oración simple (III) O complemento predicativo O complemento de réxime O complemento axente O complemento circunstancial	Palabras xuntas e separadas Que aprendices? Avalíate Reforza Amplía Actividade de síntese
10.	O arrolo mainiño do vento	Avanzamos. Como pasan os anos!	«Piratas polo Miño». Xosé Miranda (Tambre) «Memoria de Ahab». Rafa Villar (Sotelo Blanco)	Os prefixos e os sufixos. Sufixos apreciativos e nocionais Prefixos apreciativos e nocionais	A lírica (cómputo, medida dos versos, rima, recursos)	Clases de oracións Signos de puntuación (I) O punto, a coma, o punto e coma	Que aprendices? Avaliación Reforzo Ampliación
11.	O papel traxicómico	Avanzamos. Como pasan os anos!	«A música da noite». Manuel Lourenzo (Ed. Do Castro)	Os conectores ou marcadores do discurso	O teatro (características e subxéneros)	As propiedades do texto A coherencia A cohesión A adecuación	Signos de puntuación (II) Os dous puntos, a raia e as comiñas Que aprendices? Avaliación Reforzo Ampliación
12.	De quen vés sendo?	Avanzamos. Como pasan os anos!	«Antoloxía do conto de tradición oral» X. Miranda, A. Reigosa e X. R. Cuba (Xerais)	As frases feitas, os refráns	A literatura de transmisión oral	A normalización lingüística A lusofonía	Signos de puntuación (III) Os signos de interrogación e de exclamación A barra Que aprendices? Avaliación Reforzo Ampliación



Así mesmo, o profesorado informará o alumnado das programacións docentes da súa área ou materia. Esta información básica incluírá os obxectivos, contidos e criterios de avaliación do ciclo ou curso correspondente, os mínimos exixibles para obter unha valoración positiva, os criterios de cualificación e os procedementos de avaliación da aprendizaxe que se vaian utilizar.

=

-Libro de texto: . Non hai libro impreso oficial. Utilizaranse os libros dixitais e demais materiais didácticos existentes na plataforma Edixgal e outras fontes que o profesorado con docencia neste nivel educativo indicará ao seu alumnado na aula.

- Temporalización:


1º Avaliación: propiedades textuais (adecuación, cohesión, coherencia); as categorías gramaticais (substantivo, adxectivo); alfabeto, ditongo, tritongo e hiato; acentuación (regras xerais, ditongos, tritongos, hiatos, diérese e acentuación diacrítica); as orixes da literatura, os xéneros, subxéneros líricos (canción e oda); linguas minorizadas e lusofonía

2º Avaliación: tipoloxía textual (a estrutura dos textos narrativos, descritivos, argumentativos, instrutivos e dialogados e monologados); as categorías gramaticais (artigos, demostrativos, posesivos, relativos, interrogativos, exclamativos; paradigma xeral do verbo; puntuación (punto, vírgula, punto e vírgula, dous puntos, puntos suspensivos, sinais de interrogación e exclamación); subxéneros narrativos (lenda, fábula, conto, novela); subxéneros dramáticos (comedia e traxedia); situación legal das linguas no estado español, normalización lingüística.

3º Avaliación: textos xornalísticos informativos; verbos regulares, semirregulares e irregulares, adverbio, preposición e conxunción; funcións sintácticas e tipos de frase; ortografía (b/v; h; s/x, grupos consonánticos, termos que van xuntos ou separados); subxéneros didácticos (ensaio); outras vinculacións literarias (literatura electrónica, literatura e cinema, videoxogos, outras artes...); variedades lingüísticas; preconceptos lingüísticos.

Non obstante, o profesorado poderá alterar esta orde se o considera conveniente para o mellor desenvolvemento das aulas.

- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS: materiais en rede e/ou dixitalizados, cartafol do alumno, libros de lectura...



**** Lecturas.**

1.-Obrigatorias (unha por trimestre):

1.- Unha estrela no vento , Leticia Costas –Xerais-
2.- O misterio das badaladas , Xavier P. Docampo -Vía Láctea-
3.- O achado do castro , Manuel Núñez Singala –Galaxia-

• **Voluntarias:**


• O faro escuro, María López Sandez – Galaxia-

- **A chave da Atlántida**, Anxo Fariña –Xerais-
- **Sempre quente o sol**, A. García Teijeiro –Alfaguara-
- **A miña planta de laranxa lima**, José Mauro de Vasconcelos, -Ed. Primerapersona-
- **Cando petan na porta pola noite**, Xavier P. Docampo –Xerais-
- **Amor dos quinze anos**, Marilyn, Agustín Fernández Paz -Xerais-
- **Das cousas de Ramón Lamote**, Paco Martín –Galaxia-
- **Rapazas**, Agustín Fernández Paz –Xerais-
- **Manual de instrucións para querer a Irene**, Carlos Mosteiro –Galaxia-
- **O ceo dos afoados**, Francisco Castro – Xerais-
- **As lágrimas de Shiva**, César Mallorquí –Rodeira-
- **O contador de estrelas**, Jaureguizar, -Alfaguara-
- **As meigas de Lupa**, María Solar –Xerais-
- **As flores radioactivas**, Agustín Fernández Paz –Xerais-
- **Un monstro vén a verme**, Patrick Ness –Kalandraka-
- **Game over**, Santiago Lopo –Biblos-
- **As voces da auga**, Ánxela Gracián –Baía-

- Calquera outro libro de lectura recomendado ou autorizado polo profesorado.

Atendendo ao obxectivo citado de lograr criterios persoais na selección de lecturas, o profesorado poderá ter en conta en cada avaliación as lecturas voluntarias que efectuou o alumno, sempre que fose baixo a súa dirección, e demostrando a comprensión da/s obra/s.

Cada obra de lectura voluntaria cualificarase ata 0,5, podendo obterse ata o máximo de 1 punto na avaliación correspondente. Poderá avaliarse sempre ata un mes antes da avaliación correspondente. Para sumar as lecturas e outras puntuacións voluntarias, cómpre ter una nota mínima de 3 puntos nos exames da materia. O sistema de avaliación da lectura voluntaria será determinado polo profesor.



Para premiar as actitudes, a colaboración activa co **Equipo de Dinamización da Lingua Galega** e a participación nos **Clubs de lectura** poderán sumar ata 1 punto positivo na nota da avaliación (ata 0,5 polo CL e ata 0,5 polo EDLG), de acordo coas indicacións do profesorado coordinador.

Criterios de avaliación de 2º ESO valorarase o grao de adquisición das competencias básicas, dos contidos e a consecución dos obxectivos

Mínimos:

- Saber sintetizar oralmente e por escrito o sentido global de diversos tipos de textos, orais ou escritos, diferenciando as ideas principais das secundarias.
- Participar en galego en diversas situacións comunicativas, individual ou colectivamente.
- Elaborar diferentes tipos de textos escritos: expositivos, narrativos, descritivos, etc. con corrección.
- Coidar a orde, claridade e presentación dos escritos. Tamén integrar as normas ortográficas, morfosintácticas e léxicas.
- Producir textos orais e escritos relacionados cos distintos medios de comunicación.
- Saber utilizar o vocabulario que conforma os campos léxicos adecuados á súa idade, e lembrar o vocabulario explicado na clase.
- Utilizar a lingua galega con fluidez e normalidade nos diferentes contextos comunicativos.
- De acordo co nivel do curso, analizar sintacticamente un texto ou frase.
- Responder con corrección as cuestións explicadas na clase sobre morfoloxía e sintaxe.
- Coñecer os conceptos básicos da historia da lingua e da realidade sociolingüística.
- Identificar aqueles autores e aquelas obras máis relevantes da literatura galega explicados no libro.
- Analizar e comentar textos (ou fragmentos de textos) literarios pertencentes ós distintos xéneros.
- Partindo das propias ideas e experiencias, tomando como modelo as obras lidas ou traballadas na clase, producir textos de intención literaria.
- Ter o caderno de clase ao día e ben coidado.
- Comentar oralmente ou por escrito os libros de lectura obrigatoria demostrando a súa lectura.
- Respetar o protocolo propio de Abalar.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Procedementos: ao comezo do curso farase unha **proba de avaliación inicial** para vermos o dominio oral e escrito da lingua galega que ten o alumnado e para podermos adoptar as medidas oportunas. Alén da avaliación inicial, outros procedementos utilizados na aula serán: observación sistemática, análises das producións dos alumnos, intercambios orais cos alumnos, probas específicas e cuestionarios.



Instrumentos: os instrumentos utilizados serán as probas orais e escritas e o traballo diario na aula (o profesor poderá solicitar o caderno ao alumno): composicións, traducións, ditados, test, vocabulario, verbos, presentacións, diálogos, controis etc

Criterios: en cada avaliación o profesor/a terá en conta para a cualificación do alumno/a todas as anotacións do caderno de seguimento individual do alumnado: chamadas, tarefas realizadas, controis, libros lidos, progresión, actitudes positivas e negativas facendo unha media ponderada de todo (ata 50% probas escritas e orais individúaise, un 10% o libro de lectura obrigatoria, un 20% a oralidade galega (exposicións orais, diálogos, dramatizacións) e un 20% o resto (composicións, traducións, ditados, test, vocabulario, verbos, presentacións, diálogos, controis, etc. Á nota resultante sumaráselle os libros voluntarios (ver plan lector) e clubs de lectura e EDLG, se o/a alumno/a é merecente .

Na **convocatoria extraordinaria** o Departamento elaborará unha proba baseada baseada no traballo do curso (ver contidos). Para aprobar cómpre un 5 na proba (de 4,5 a 4,9 redondearase a 5, de 4,1 a 4,4 redondearase a 4).

O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente. A avaliación será continua, en números do 1 ao 10.

Criterios de avaliación de 2º ESO valorarase o grao de adquisición das competencias básicas, dos contidos e a consecución dos obxectivos


1. Extraer a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos medios de comunicación e do ámbito escolar, así como seguir instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.

Con este criterio preténdese avaliar se o alumnado comprende textos orais procedentes dos programas de carácter informativo dos medios de comunicación (reportaxes, crónicas...) e é capaz de obter deles e seleccionar os datos relevantes. Tamén se pretende comprobar se é quen de recoller en esquemas e resumos o contido máis significativo de presentacións e exposicións orais sinxelas feitas na aula. E, finalmente, se se seguen normas e instrucións recibidas oralmente.

2. Extraer a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos escritos dos ámbitos social e académico, así como seguir instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.

Con este criterio preténdese comprobar se o alumnado comprende textos propios da vida cotiá como diarios ou cartas persoais; dos medios de comunicación, como noticias, reportaxes, crónicas... e do ámbito académico, como entradas de enciclopedias e de dicionarios, webs educativas, etc.

3. Realizar exposicións orais planificadas claras e áxiles de informacións de actualidade poñendo de relevo as diferenzas no modo de presentar uns mesmos feitos de diferentes medios, así como participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas (simulacións, traballos colaborativos...) respectando as regras que as rexen. Adoptar o rexistro adecuado a cada tipo de texto e



situación.

Con este criterio preténdese comprobar cal é a capacidade do alumnado para expoñer oralmente informacións de actualidade e breves informes de tema académico seguindo un guión previamente elaborado e axudándose eficazmente dos medios audiovisuais e das TIC. Preténdese tamén que sirva para valorar a calidade das súas interaccións orais, tanto cando fala como cando escoita. Valoraranse habilidades lingüísticas e actitudes: a corrección, o respecto aos valores democráticos e ás regras sociocomunicativas (con especial atención ás formas de tratamento e ás fórmulas de cortesía), a actitude dialogante e atenta ás expresións ou opinións das outras persoas, a pertinencia e elaboración das intervencións (adequación ao contexto e expresividade) e a manifestación de ideas propias.

4. Escribir -a partir de modelos aos que incorporar as propias achegas- textos propios dos medios de comunicación e dos ámbitos social e académico. Planificar e revisar os ditos textos con progresiva autonomía aplicándolles normas de coherencia, de cohesión, de corrección e de precisión léxica.

Este criterio permitiralle ao alumnado demostrar se é quen de redactar contos, diarios persoais, cartas, solicitudes, crónicas e reportaxes, resumos ou exposicións académicas sinxelas... previamente planificados mediante esquemas que reflectan as ideas que se queren expresar. Tamén permitirá comprobar se se coida a presentación e se se revisan as propias producións, aproveitando para todo isto os propios coñecementos e as posibilidades que ofrecen procesadores de textos, correctores ortográficos ou dicionarios e glosarios en diversos soportes.

5. Consultar de maneira progresivamente autónoma textos en diferentes soportes co fin de seleccionar a información relevante e incorporala ás propias producións, especialmente a traballos do ámbito académico adecuados ao nivel.

Este criterio permite avaliar a capacidade de usar con efectividade recursos variados suxeridos polo profesorado e outros descubertos polo propio alumnado para seleccionar información e incorporala a sinxelos traballos de aula.

6. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar de xeito progresivamente autónomo os propios textos.

Con este criterio procúrase comprobar como se usa a reflexión sobre a lingua e as normas de uso para a mellora da comprensión e mais da composición e revisión textuais. Avaliase, sobre todo, a apreensión do funcionamento dos mecanismos de cohesión (como a deixé, as referencias internas de tipo léxico e os conectores), da adecuación e da gramaticalidade e a súa incorporación ás propias producións, recoñecendo os erros e considerándoos parte do proceso de aprendizaxe.

7. Recoñecer, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os mecanismos da lingua e coñecer e usar unha terminoloxía lingüística básica.

Este criterio permitirá saber se se inducen e asimilan as formas e as regras lingüísticas a través dos usos contextualizados e se se coñece e se usa de forma adecuada a terminoloxía necesaria para seguir as explicacións e as actividades sobre a lingua que se realizan na aula. Avaliarase tamén a progresiva autonomía na obtención de todo tipo de información lingüística en dicionarios e outras obras de consulta.

8. Observar os condicionamentos actuais da valoración e uso social da lingua galega e utilizala con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.

Con este criterio avaliarase a comprensión, a través dun achegamento activo, do noso contexto sociolingüístico a respecto de usos e actitudes, considerando a valoración das actuacións normalizadoras, a reflexión diante dos prexuízos e a adopción de actitudes positivas cara ao uso normalizado da lingua.

9. Recoñecer e comprender a diversidade lingüística do mundo actual.


Este criterio permite avaliar o recoñecemento da diversidade lingüística e cultural e a comprensión das principais situacións sociolingüísticas

10. Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expoñer unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e valorando o uso dos elementos do xénero, o punto de vista e o emprego da linguaxe.

Este criterio está dirixido a avaliar a competencia lectora no ámbito literario a través da lectura persoal de obras completas axeitadas á idade. Considerarase a elaboración dunha opinión propia fundamentada, atendendo á potencialidade dos trazos temático-formais para ampliar o coñecemento do mundo que cada quen posúe.

11. Utilizar os coñecementos literarios na comprensión de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente aos trazos dos subxéneros e á funcionalidade dos recursos retóricos.

Con este criterio avaliase a comprensión e valoración de textos representativos do sistema literario a partir dos comentarios realizados na aula. Porase especial atención na identificación das



características dos distintos subxéneros e na captación do valor funcional dos recursos retóricos.

12. Participar de maneira activa na creación de textos de intención estética tomando como modelo os lidos e comprendendo os recursos que se empregarán.

Avaliarase a través deste criterio a implicación en obradoiros literarios de (re)creación a partir de modelos, con comprensión dos distintos recursos, fundamentalmente estilísticos, dos textos lidos e comentados na aula. Terase que comprobar que o alumnado é quen de empregar nos propios escritos determinados coñecementos literarios.


e) Polo tanto, os mínimos que se esixirán orientados ao logro das competencias básicas arriba sinaladas serán os seguintes:

1. Saber sintetizar oralmente e por escrito o sentido global de diversos tipos de textos, orais ou escritos, diferenciando as ideas principais das secundarias.
2. Participar en galego en diversas situacións comunicativas, individual ou colectivamente.
3. Elaborar diferentes tipos de textos escritos: expositivos, narrativos, descritivos, etc. con corrección.
4. Coidar a orde, claridade e presentación dos escritos. Tamén integrar as normas ortográficas, morfosintácticas e léxicas.
5. Producir textos orais e escritos relacionados cos distintos medios de comunicación.
6. Saber utilizar o vocabulario que conforma os campos léxicos adecuados á súa idade, e lembrar o vocabulario explicado na clase.
7. Utilizar a lingua galega con fluidez e normalidade nos diferentes contextos comunicativos.
8. De acordo co nivel do curso, analizar sintacticamente un texto ou frase.
9. Responder con corrección as cuestións explicadas na clase sobre morfoloxía e sintaxe.
10. Coñecer os conceptos básicos da historia da lingua e da realidade sociolingüística.
11. Identificar aqueles autores e aquelas obras máis relevantes da literatura galega explicados no libro.
12. Analizar e comentar textos (ou fragmentos de textos) literarios pertencentes ós distintos xéneros.
13. Partindo das propias ideas e experiencias, tomando como modelo as obras lidas ou traballadas na clase, producir textos de intención literaria.
14. Ter o caderno de clase (papel-dixital) ao día e ben coidado.
15. Comentar oralmente ou por escrito os libros de lectura obrigatoria demostrando a súa lectura.
16. Respetar o protocolo propio de Abalar.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Procedementos: ao comezo do curso farase unha **proba de avaliación inicial** para vermos o dominio oral e escrito da lingua galega que ten o alumnado e para podermos adoptar as medidas oportunas. Este é o conxunto de estratexias e técnicas de obtención de información, que guiará o proceso de avaliación dos alumnos/as e que responde a unha concepción xeral da avaliación asumida polo centro: **observación sistemática, análises das producións dos alumnos, intercambios orais cos alumnos, probas específicas e cuestionarios.**

A avaliación inicial consistirá nunha proba de competencia en comunicación lingüística (comprensión e expresión oral e escrita) baseada no modelo CELGA e adaptada aos cursos e á duración das sesións. A continuación indicamos as correspondencias por niveis e unha ligazón ao web lingua.gal que permite visualizar modelos:



1ºESO e 2ºESO, nivel Celga1, A2: https://www.lingua.gal/o-galego/aprendelo/celga-1/modelos-de-exame/_/contido_0027/exames-convocatoria-xuno-2017

3ºESO, nivel Celga 2, B1: https://www.lingua.gal/o-galego/aprendelo/celga-2/modelos-de-exame/_/contido_0028/exames-convocatoria-novembro-2016

4ºESO, nivel Celga 3, B2: https://www.lingua.gal/o-galego/aprendelo/celga-3/modelos-de-exame/_/contido_0011/exames-convocatoria-xuno-2017

Será de grande importancia a coordinación de todo o profesorado que imparta docencia en cada grupo co fin de tomar medidas conxuntas que faciliten o progreso do alumnado. Seguiremos, en todo caso, as directrices que establezan o Departamento de orientación, a Xefatura de estudos e a Comisión de coordinación pedagóxica.


Exemplo de rúbrica C1 páxina 5: https://www.lingua.gal/c/document_library/get_file?folderId=1647078&name=DLFE-18621.pdf

En xeral: 14 e 16 https://www.lingua.gal/c/document_library/get_file?folderId=1647069&name=DLFE-22528.pdf

PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL en 2º ESO: na primeira semana do curso realizarase a cada grupo unha proba oral e escrita de avaliación inicial que permita ao profesorado coñecer con maior precisión o nivel de competencias acadado, os coñecementos reais de cada alumno e detectar os posíbeis problemas que poidan existir, para solicitar a intervención doutros sectores se é necesario (titor, xefatura de estudos, departamento de orientación, familia...) e establecer unha primeira guía de actuación para corrixir estes. Comprobarase o nivel oral e escrito de cada alumno mediante unha proba sobre un texto: comprensión, expresión, ortografía e vocabulario.

A avaliación inicial consistirá nunha proba de competencia en comunicación lingüística (comprensión e expresión oral e escrita) baseada no modelo CELGA e adaptada aos cursos e á duración das sesións. A continuación indicamos as correspondencias por niveis e unha ligazón ao web lingua.gal que permite visualizar modelos:

1ºESO e 2ºESO, nivel Celga1, A2: https://www.lingua.gal/o-galego/aprendelo/celga-1/modelos-de-exame/_/contido_0027/exames-convocatoria-xuno-2017



3ºESO, nivel Celga 2, B1: https://www.lingua.gal/o-galego/aprendelo/celga-2/modelos-de-exame/_/contido_0028/exames-convocatoria-novembro-2016

4ºESO, nivel Celga 3, B2: https://www.lingua.gal/o-galego/aprendelo/celga-3/modelos-de-exame/_/contido_0011/exames-convocatoria-xuno-2017

Será de grande importancia a coordinación de todo o profesorado que imparta docencia en cada grupo co fin de tomar medidas conxuntas que faciliten o progreso do alumnado. Seguiremos, en todo caso, as directrices que establezan o Departamento de orientación, a Xefatura de estudos e a Comisión de coordinación pedagóxica.

Exemplo de rúbrica C1 páxina 5: https://www.lingua.gal/c/document_library/get_file?folderId=1647078&name=DLFE-18621.pdf

En xeral: 14 e 16 https://www.lingua.gal/c/document_library/get_file?folderId=1647069&name=DLFE-22528.pdf

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE e reforzo


As unidades didácticas dos libros do alumno amosan multitude de suxestións prácticas para dar resposta a estilos cognitivos, dominio de coñecementos, capacidades e necesidades dos alumnos considerados individualmente e como grupo. Pero esta resposta pedagóxica vese reforzada e ampliada nos libros de programación e didáctica do profesor que o noso Proxecto perfila para cada curso.

Partindo deste proxecto curricular, haberá que realizar as adaptacións necesarias para atender a diversidade do alumnado. Para iso hai que delimitar os diferentes recursos que posibilitan o tratamento da diversidade. Algúns poderían ser:

- Adaptar o material didáctico.
- Variar a metodoloxía segundo as necesidades de cada alumno e alumna.
- Propor actividades de aprendizaxe diferenciadas.
- Organizar grupos de traballo flexíbeis.
- Ampliar ou reducir bloques de contidos segundo o interese e a capacidade do alumnado.

PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO REPETIDOR.

Circular 8/2009, instrución quinta, B. 1. 1.1 "O alumnado repetidor de 1º e 2º curso seguirá un programa específico personalizado, orientado á superación das dificultades comunicadas polo seu profesorado titor do curso anterior no informe de avaliación final, establecido no artigo 14º da Orde do 21 de decembro de 2007, pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na comunidade



autónoma de Galicia, e considerando a información obtida no proceso da avaliación inicial, segundo o establecido no artigo 4o da orde anteriormente citada. Este programa será individual e deberá incluír actividades de aprendizaxe.

Programas específicos para O ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE.

Unha vez comezado o curso e enviadas as listas de alumnado coa materia pendente procederase a habilitar as medidas correspondentes. Atenderase especialmente a este alumnado. Habilitarase un curso na AV para que o alumnado poida subir as actividades feitas e seguir os temas teóricos.


Velaquí o programa para os exames que oportunamente sinalará as datas Xefatura de Estudos

LINGUA GALEGA E LITERATURA DE 2º ESO PENDENTE

1ª Avaliación: Os elementos de comunicación. O signo lingüístico. Substrato e superestrato (formación da lingua). Acentuación. Xénero e número. Interferencias lingüísticas. Variedades xeográficas (bloques). O verbo. Uso de b/v. Procedementos de cohesión textual: deíxe. Vocabulario: oficios e profesións.

2ª Avaliación: A pluralidade lingüística. Toponimia e antroponimia. Oración simple composta. Suxeito, predicado e complementos. Procedementos de cohesión textual: elipse. Vocabulario: o magosto. Procedementos de cohesión textual: substitución. Vocabulario: transporte e viaxes.

Para aprobar a nota mínima é un 5. A nota final será a media dos exames. Se a nota final é inferior a 5 poderase realizar unha proba extraordinaria, , examinándose de toda a materia do curso.



INVESTIGACIÓN E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN

Materia optativa de libre configuración de 2º de ESO


(*A impartición da materia realizarase no espazo da Biblioteca Escolar do centro*)

Obxectivos:

- A formación do alumnado en COMPETENCIA INFORMACIONAL, a alfabetización mediática e informacional (AMI) que abrangue o coñecemento de toda a tipoloxía de medios de comunicación e outros provedores de información, como bibliotecas, arquivos, museos e internet, independentemente das tecnoloxías empregadas. Esta competencia aparece supeditada, na vixente normativa, á competencia dixital, e involucra un complexo grupo de destrezas, coñecementos e actitudes imprescindibles para se desenvolver na sociedade da información e, a unha escala máis próxima, nas prácticas académicas máis comúns.
- O coñecemento, as actitudes e a suma de habilidades necesarias para saber cando e que información é necesaria, onde e como obter esa información, como avaliala criticamente e organizala logo de atopala, e como usala de xeito ético.
- A aprendizaxe, o desenvolvemento do pensamento crítico e das destrezas de comprensión que cubran e superen as fronteiras profesionais e educativas. Inclúe o tratamento de todos os tipos de fontes: orais, impresas e dixitais.
- A experiencia con programas de traballo coa información ou ligada ás prácticas metodolóxicas activas ou de traballo por proxectos, que implican a consulta de fontes informativas diversas, fóra do libro de texto.
- O coñecemento da biblioteca, do seu funcionamento e recursos xa que logo é o espazo educativo natural para o traballo coa información, xa que ofrece oportunidades de aprendizaxe con recursos impresos e dixitais, presentes ou accesibles a través da rede.

84. Metodoloxía de traballo:

A metodoloxía de proxectos resulta a máis acaída para garantir o tratamento de todos os contidos previstos e a adquisición dos estándares de avaliación propostos no currículo da materia, pois requiren a identificación dunha



necesidade informativa, a planificación e a distribución de tarefas entre os membros dun grupo, a realización de pequenas investigacións e tarefas integradas de cara á elaboración dun produto final que cómpre comunicar. Os *traballos de investigación de carácter interdisciplinar*, que responden á metodoloxía de proxectos ou problemas, enfrontan o alumnado a situacións de contacto coa información para as que debe desenvolver coñecementos, habilidades e actitudes complexas. Traballar neste tipo de proxectos axudaralles non só a adquirir habilidades de uso, tratamento e produción de información: permitiralles construír o seu coñecemento e adquirir competencia de aprender a aprender, entre outras. É por isto que se recomenda o tratamento dos contidos propostos a partir dun tópico, un problema ou a necesidade de coñecer, comprender e comunicar as súas descubertas, sobre unha situación do seu contexto máis próximo ou doutras realidades ás que pode acceder o alumnado. O proceso de xestión da información (procura, recuperación, análise, tratamento, comunicación e aplicación) pode alcanzar diferentes niveis de complexidade que deberán adaptarse á situación informativa que se deseñe e ao nivel competencial do alumnado.


85. As competencias clave:

O desenvolvemento curricular desta materia recolle criterios e estándares de avaliación que responden a varias competencias clave do actual currículo. A competencia en comunicación lingüística, a competencia dixital, a competencia de aprender a aprender e o sentido de iniciativa e espírito emprendedor son as máis beneficiadas. Pero tamén axuda a desenvolver as competencias sociais e cívicas, e a de conciencia e expresións culturais. Un tratamento interdisciplinar destes contidos beneficiará a adquisición de todas e as competencias clave.

86. Os contidos:

1º BLOQUE: "A biblioteca, punto de acceso á cultura impresa e dixital", supón un achegamento á biblioteca escolar do centro (e a outras bibliotecas) e ás súas posibilidades para acceder a textos informativos de diversa índole, cunha primeira aproximación á tipoloxía de fontes que se poden consultar e á maneira de facelo de xeito eficaz e con recoñecemento dos dereitos de autoría.

- A biblioteca como espazo de acceso á información.
- As bibliotecas como espazos culturais.
- Recursos informativos: fontes orais, recursos físicos e virtuais.
- Estratexias de procura eficaz.



- Dereitos de autoría.

2º BLOQUE: "Fontes informativas. Localización e selección", procura afondar nas estratexias de procura de información en fontes impresas ou dixitais, e en documentos de formato e contido diverso, con atención ás características de internet como medio de información.

- Recursos físicos. Sistemas estandarizados de organización da biblioteca.
- Procuras no catálogo informatizado da biblioteca escolar.
- Recursos dixitais. Internet como fonte de información.
- Necesidade dun plan de procura de información. Palabras clave e outras estratexias de procura. Motores de procura.
- Espazos web e redes sociais como plataformas de comunicación e información.
- Beneficios e riscos da rede. Dereito de privacidade.
- Fiabilidade dos espazos web.
- Internet e as creacións colectivas: Galipedia, Wikipedia, etc.
- Valoración da información recollida na rede

3º BLOQUE: "Organizarse para investigar", revisa os primeiros pasos da elaboración dun traballo de investigación, nos que a planificación, a formulación de preguntas e a recuperación dos coñecementos previos son esenciais.

- Procesos de investigación.
- Planificación dun proxecto de investigación.
- Traballo en grupo.
- Preparación da procura informativa.
- Recuperación dos coñecementos previos e definición de obxectivos de procura.

4º BLOQUE: "Procura e tratamento da información", afonda na necesidade de análise e valoración da información que se recolle, así como na compilación das fontes consultadas para o seu recoñecemento posterior.

2. Necesidades informativas, fontes de información e procesos de procura, valoración e selección de información.
3. Análise e comprensión da información atopada.



4. Interpretación e valoración da información atopada.
5. Proceso da información: extracción e síntese.
6. Citas e referencias.

5º BLOQUE: "Xeración de contidos e comunicación", aborda a reelaboración da información, un proceso no que cómpre sintetizar e estruturar a información, e personalizar en produtos orixinais, impresos, audiovisuais ou dixitais o coñecemento adquirido para unha comunicación eficaz. Recolle tamén este bloque aspectos relacionados coa avaliación do proceso realizado e a transferencia deste coñecemento á vida persoal, académica ou social do alumnado.

- Organización e reelaboración da información.
- Estruturación da información recollida mediante gráficos, diagramas, etc.
- Reelaboración e personalización da información.
- Presentación dos produtos informativos propios. Pautas para a presentación de traballos escritos.
- Elaboración de materiais de apoio ás presentacións orais.
- Citas e referencias nos traballos informativos (artigos, monografías, presentacións, produtos audiovisuais, etc.).
- Tratamento e edición de produtos dixitais (presentacións, vídeos, etc.).
- Características dos textos dixitais eficaces.
- Exposicións orais dos traballos realizados. Escoita atenta e respecto polo traballo das demais persoas.
- Avaliación e aplicación das aprendizaxes realizadas a través dos traballos de investigación á vida persoal, académica e social.

87. Instrumentos de avaliación:

- Realización dun proxecto documental, traballo de investigación coa organización en grupos colaborativos e heteroxéneos, un proxecto trimestral.
- Desenvolvemento de tarefas parciais relativas a cada un dos bloques de contido do currículo que resulten acaídas para a avaliación da evolución da aprendizaxe da materia.
- Elaboración dun portfolio persoal (dixital) que amose o seguimento da materia.



Dado que o proceso de avaliación é continuo, terase en conta, á hora de avaliar ao alumnado, o seu rendemento diario nas aulas. Valorarase positivamente a súa boa actitude, a súa capacidade de traballo e a súa participación activa no desenvolvemento das clases, así como todo tipo de iniciativas que complementen as actividades propias do curso.

Valorarase igualmente a capacidade expresiva á hora de transmitir os coñecementos adquiridos.

88. Criterios de cualificación:

2. Avaliarase a resolución dun problema ou á realización dun produto, textual ou audiovisual, como resposta a unha necesidade de información.
3. Avaliarase a adquisición dos contidos da materia, a evolución e progreso do alumnado no desenvolvemento práctico dos mesmos.
4. Avaliaranse as distintas entregas de tarefas propostas na aula.
5. Avaliarase o correcto desenvolvemento dos roles e da participación equitativa nas tarefas do grupo colaborativo, a valoración con criterio e respecto do traballo dos compañeiros e compañeiras do grupo xa que logo todos e todas os compoñentes do grupo recibirán a mesma cualificación.

Ponderación:

O portfolio e tarefas parciais realizadas na aula: 25%

O proxecto colaborativo trimestral: 50 %


O desenvolvemento dos roles e prácticas do grupo colaborativo: 20%.

A corrección lingüística, expresividade, capacidades expositivas nas producións e no uso da lingua oral e escrita: 5%

As avaliacións realizaránse mediante rúbricas de cualificación.

Para a superación da avaliación a alumnado debe obter 5 puntos na cualificación.

A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde una formulación integradora.



89. Contidos mínimos:

- Utilizar a biblioteca do centro para cubrir necesidades de lectura e de información e na procura de recursos informativos para os seus traballos individuais e grupais.
- Diferenciar os documentos informativos en función do seu contido. Acudir ás fontes orais de referencia no seu contorno máis próximo para determinadas necesidades informativas. Acceder de forma autónoma a contidos audiovisuais, presenciais ou virtuais.
- Distinguir as ideas principais das secundarias nos documentos consultados. Recuperar de forma eficaz contido informativo dos recursos dixitais.
- Identificar os códigos da CDU polos que están organizados os fondos. Recuperar facilmente os documentos que precisa. Procurar no catálogo informatizado da biblioteca escolar.
- Usar internet de xeito autónomo para resolver necesidades de información. Utilizar internet valorando as características deste medio en relación a aspectos como a permanencia, a fiabilidade, a veracidade, a organización, a selección, a gratuidade, a dispoñibilidade, a autoría, etc.
- Empregar as creacións colectivas en internet: Wikipedia, Galipedia, etc. Valoración da información recollida na rede. Avaliar de forma crítica a información recollida e contrastar información en distintas fontes. Comparar a información recollida en distintas fontes informativas na rede.
- Identificar os obxectivos do traballo de investigación e as súas fases. Planificación dun proxecto de investigación. Planificar o proceso de procura e recuperación da información. Elaborar un esquema do traballo que se vaia realizar.
- Traballar en grupo. Organizar o traballo a nivel individual ou grupal, e responsabilizarse das tarefas adxudicadas. escoitar aos integrantes do grupo, garda a quenda de palabra, argumenta as súas opinións e respecta as opinións das outras persoas Contribúe á distribución de tarefas e responsabilízase das que lle corresponden.
- Preparación da procura informativa. Identificar o tema para investigar e os aspectos clave. Formula preguntas sobre o tema sobre o que se vaia investigar. Recuperación dos coñecementos previos e definición de obxectivos de procura. Recuperar os coñecementos previos sobre o tema e definir os aspectos sobre os que precisa informarse. Concreta os conceptos clave que van guiar o traballo de procura de información.




- Seleccionar a información tras valorala seguindo uns determinados criterios (pertinencia, veracidade, fiabilidade, etc.). Proceso da información: extracción e síntese. Extraer a información precisa, en función dos obxectivos do traballo, de forma sintetizada. Sintetiza a información atopada en función dos obxectivos do traballo
- Presentar os seus traballos segundo unhas pautas consensuadas: paxinación, índice, bibliografía, etc. Citas e referencias. Recoller as fontes consultadas para os efectos de citalas correctamente no produto final. Compilar as fontes consultadas e citaas correctamente.
- Elaborar textos propios mediante un procesador de textos. Elaboración de materiais de apoio ás presentacións orais.. Realizar sinxelas presentacións para amosar o resultado dos seus traballos de investigación. Cita con corrección os libros consultados.
- Participar na presentación oral dos traballos elaborados. Defender con argumentos as opinións propias e respecta o traballo alleo. escoitar con atención as presentacións dos compañeiros e das compañeiras, e valora con argumentos o seu traballo.
- Avaliar, a través dos instrumentos que se lle ofrecen, a súa participación no proceso dun traballo de investigación, individual ou grupal. Identificar e valorar as aprendizaxes realizadas. Valorar con criterio e respecto o traballo das outras persoas.

90. Actividades complementarias e extraescolares:

Participación en faladoiros prácticos impartidos por especialistas (trimestrais) sobre:
 A biblioteca escolar e AMI (especialista en bibliotecas escolares).
 A Galipedia e a súa edición (Adrian Estévez).
 O galego.eu (Anxo González Guerra e Victoria Ogando).

91. Atención a diversidade:

A propia metodoloxía empregada baseada en proxectos de traballo converterase na mellor ferramenta de atención á diversidade. A devandita metodoloxía permitiranos adaptarnos ás necesidades do noso alumnado ofrecéndolle diferentes tarefas e responsabilidades segundo as súas características. Basearemos o traballo




na técnica de aprendizaxe cooperativo onde o obxectivo último será a inclusión de todo o alumnado. Levaranse a cabo medidas de reforzo educativo por parte do profesor/-a naqueles casos que sexa necesario.

3.º DE ESO

Índice

1. Introducción
2. Obxectivos
 - 2.1. Obxectivos xerais de etapa
 - 2.2. Contribución da materia de Lingua Galega e Literatura á consecución dos obxectivos xerais de etapa
3. Secuenciación dos contidos
 - 3.1. Temporalización das unidades.
4. Tratamento do currículo
5. Competencias clave
 - 5.1. As competencias clave e a materia de Lingua Galega e Literatura
 - 5.2. As competencias clave no noso proxecto educativo
6. Obxectivos, estándares de aprendizaxe e competencias clave.
7. Concrecións metodolóxicas
 - 7.1. Modalidades de agrupamento propostas nas actividades de aprendizaxe
8. Atención á diversidade
9. Transversalidade
10. Materiais, recursos didácticos e Plan lector
11. Criterios de avaliación




- 12. Mínimos esixidos
- 13. Procedementos e instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.
- 13. Atención á diversidade e reforzo
- 14. Atención ao alumnado coa materia pendente



2. Obxectivos

2.1. Obxectivos xerais de etapa

1. Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
2. Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
3. Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
4. Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
5. Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
6. Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
7. Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
8. Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
9. Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
10. Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
11. Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
12. Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.




13. Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
14. Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

2.2. Contribución da materia de Lingua Galega e Literatura á consecución dos obxectivos xerais de etapa

O desenvolvemento da LOMCE implica a desaparición dos obxectivos de área e a implementación dos catorce obxectivos xerais incluídos no apartado anterior e aos cales deben contribuír activamente todas as materias que conforman a ESO.

As materias do ámbito lingüístico están excepcionalmente dotadas para contribuír á consecución dos obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria posto que, alén dos contidos curriculares que lles corresponden de forma directa, a integración doutro tipo de contidos mediante textos, debates, actividades de creación literaria etc. resulta especialmente doada e facilita a creación de situacións de aprendizaxe que, á súa vez, posibiliten enfoques metodolóxicos diversos.


A estreita vinculación que se establece a través de bloques como o de Lingua e sociedade ou Coñecemento literario con contidos relacionados coa situación sociolingüística e coa historia de Galiza contribúen a facilitar a consecución de obxectivos específicos da nosa comunidade e facilitan a transferencia de coñecementos entre diferentes materias.




3. Secuenciación dos contidos

O noso proxecto para 3.º de ESO consta nomeadamente dun libro de texto dividido en 12 unidades con varios anexos. Cada unidade presenta 8 bloques de contido: 1) Lectura, 2) Expresión oral, 3) Lingua e texto, 4) Léxico, 5) Gramática, 6) Ortografía, 7) Lingua e sociedade e 8) Literatura. No final de cada unidade inclúese, como nos cursos anteriores, unha ficha de Reforzo de competencias.


Lectura	Cada unidade ábrese cun texto acompañado por un grupo de actividades. Na selección de textos primamos os seguintes parámetros: calidade e adecuación aos intereses e gustos do alumnado, paridade entre o número de escritores e de escritoras e a heteroxeneidade xenérica (presentamos tres textos do xénero narrativo, tres do xénero lírico, tres do xénero dramático e tres extraídos de xornais, revistas, folletos etc.). Todas as lecturas van acompañadas dun conxunto de actividades en progresión de complexidade agrupadas do seguinte modo: actividades de comprensión textual, actividades de comprensión lectora, actividades de análise do texto e actividades de ampliación; este último grupo abrangue actividades de creación literaria e de ampliación da lectura a través de traballos de investigación, exposicións orais, debates etc.
Expresión oral	Consideramos fundamental para a consecución dos estándares de aprendizaxe da materia de Lingua Galega e Literatura, así como para a consecución das competencias clave, a inclusión dun apartado completo de Expresión oral. Trátase dun apartado concibido como unha ficha de traballo que procura desenvolver no alumnado habilidades de expresión oral e de escoita, fundamentadas principalmente no recurso ao xogo de roles para a súa consecución. A primeira unidade “Pedir información persoal” foi ideada como unha dinámica de interacción inicial co grupo que permita afondar na confianza grupal, de modo que facilite o desenvolvemento de actividades posteriores. En xeral, este apartado busca recrear situacións verosímiles que faciliten a transferencia do aprendido, de aí que se traballen as destrezas necesarias para a expresión dos propios sentimentos, para mostrar acordo e desacordo, para expresar e defender a propia opinión, para solicitar información de forma efectiva e para aconsellar etc.
Lingua e texto	Procuramos con este apartado realizar un achegamento a diferentes modelos textuais desde unha perspectiva práctica. Partimos de tres unidades destinadas a introducir algúns conceptos teóricos básicos como as funcións da linguaxe e as principais distincións entre tipoloxías textuais (texto oral, texto escrito e texto electrónico etc.) para despois centrármolos nos bloques de texto literario, texto xornalístico, texto científico, texto administrativo, texto publicitario e texto



	electrónico. En todos os casos propíciase a reflexión desde o punto de vista teórico sobre a estrutura idónea para os diferentes modelos textuais, mais tamén se introduce un bo número de prácticas que permiten pór en marcha eses coñecementos.
Léxico	O manual de 3.º de ESO presenta como novidade este bloque dividido en dous apartados: un de léxico, que mantén o esquema utilizado en cursos anteriores, e outro de semántica, que incorpora contidos e actividades referidos á organización do léxico, ao seu enriquecemento etc. Cada unidade ábrese cunha lámina de gran formato, con atención ao detalle e co emprego de vivas cores que introduce o vocabulario que se vai traballar. Pretendemos facer da adquisición de léxico un elemento relevante do noso proxecto atendendo a organizar os campos semánticos que se presentan en función da súa complexidade e da necesidade de vocábulos que poidan mostrar os alumnos e as alumnas na súa vida cotiá; debido a isto, non repetimos ningún campo semántico ao longo dos catro libros que conforman o noso proxecto de estudo da materia de Lingua Galega e Literatura para os catro cursos de ESO. Por tanto, tencionamos que este sexa un apartado dedicado á adquisición de vocabulario, mais tamén á precisión e enriquecemento do caudal léxico persoal de cada alumno/a de aí que as actividades se centren con frecuencia nas relacións semánticas, na fraseoloxía e na precisión léxica.
Gramática	O apartado dedicado á gramática preséntase en cada unidade con tres páxinas de contidos e unha de actividades. Partimos dunha unidade introdutoria centrada na lingua e na súa organización para despois centrármonos no estudo e na análise do substantivo, do adxectivo, do pronome, do verbo, do oadverbio, da preposición e da conxunción. O recoñecemento das categorías gramaticais resulta imprescindible para o bloque seguinte que se abre a partir da unidade 9 até a fin co estudo da Sintaxe. Dentro da Sintaxe a unidade 9 vai dedicada ás funcións sintácticas e ao recoñecemento e á análise dos diferentes tipos de frase, elementos básicos para ir avanzando no desenvolvemento desta disciplina, en canto a unidade 10 se centra no estudo das funcións sintácticas no interior da cláusula. O manual de 3.º finaliza cunha breve distinción entre cláusulas e oracións que será o punto de partida do manual de 4.º. En último lugar, procuramos presentar a información gramatical de forma clara e ben organizada, acompañada por numerosos cadros que se recollen novamente nos anexos para proporcionarlle ao estudantado material de estudo máis sintético. Por outra parte, seguimos unha terminoloxía moderna e coherente e ofrecemos, sempre que é posíbel, variantes terminolóxicas co fin de facilitar o tratamento integrado de linguas. Este modelo



	gramatical e terminolóxico que usamos ten como obra de referencia a <i>Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión</i> (Baía Edicións, 2011).
Ortografía	Dedicamos á Ortografía dúas páxinas, unha cos contidos teóricos acompañados de abundantes e variados exemplos e outra coas correspondentes actividades. Consideramos que, para fomentar unha aprendizaxe verdadeiramente construtiva e para mellorar o interese do alumnado por este apartado, a organización da Ortografía debe responder a unha progresión real da dificultade e á non repetición de contidos. Debido a este motivo agrupamos o conxunto de unidades dedicadas á Ortografía en dous grandes bloques: un primeiro formado polos manuais de 1.º e de 2.º de ESO e un segundo formado polos libros de 3.º e 4.º de ESO. Así, o coñecemento necesario para escribir correctamente en galego aparece condensado nos libros de 1.º e 2.º de ESO, mentres que nos libros de 3.º e de 4.º este apartado contén, principalmente, un repaso dos coñecementos adquiridos en cursos anteriores acompañado dunha pequena ampliación de contidos. A abordaxe da Ortografía para o 3.º curso de ESO comprende a acentuación, o uso dos sinais de puntuación e as regras de uso de letras e palabras que poidan entrañar unha especial dificultade.
Lingua e sociedade	Incorporamos por vez primeira ao noso proxecto o bloque de Lingua e sociedade con contidos amplos e non unicamente con prácticas, tal e como viña aparecendo en cursos anteriores. Este bloque presenta dous tipos de contidos ben diferenciados. Por unha banda, aparecen catro unidades dedicadas á historia da lingua galega desde a súa orixe até 1916, que se colocan en paralelo coas unidades que tratan o mesmo período histórico literario; consideramos que este era o mellor modo de facilitar o estudo do alumnado e de establecer relacións entre o que se conta nun e noutro apartado. As restantes oito unidades afondan en conceptos como o de bilingüismo, diglosia, conflito lingüístico e normalización lingüística, mais tamén no concepto de lingua estándar, na lusofonía, nas variedades lingüísticas dos galego, na lexislación lingüística etc. As actividades que ilustran os conceptos procuran que o alumnado potencie a investigación, a resolución de problemas e profundan de maneira particular tanto na competencia dixital como na competencia de aprender a aprender.
Literatura	Ao tratarse do 3.º curso de ESO introdúcese por vez primeira o estudo da historia da literatura. A unidade 1 achégase ao concepto de Literatura Galega e pon en relación a periodización desta coa doutras literaturas europeas. Tamén se fai un repaso das principais características dos xéneros literarios que consideramos fundamental para se iniciar no estudo da historia literaria. As unidades 2 a 11 recollen a historia da Literatura Galega desde a Idade Media até a Literatura finisecular. Decidimos delimitar esta etapa co estudo de Noriega Varela por consideralo un autor




	que encaixaba mellor coa estética decimonónica que Ramón Cabanillas, que é quen abre o manual do 4.º curso de ESO. Finalmente, na unidade 12 realízase un percorrido polos subxéneros da literatura popular. Por outro lado, a maior parte das unidades van acompañadas de dous bloques de actividades, un primeiro vinculado aos conceptos da unidade e un segundo que depende dun conxunto de textos representativos de períodos e autores/as cos que finaliza este bloque.
--	--

Ao final de cada unidade inclúese unha ficha práctica de Reforzo de competencias.

Reforzo de competencias	Este apartado conta sempre cun texto non literario, variado, actual e próximo á realidade do alumnado como <i>input</i>. A partir del desenvólvese unha serie de actividades que teñen como obxecto valorar a comprensión textual xunto con outro conxunto destinado a traballar e reforzar de forma integrada as sete competencias clave. Moitas das actividades que propomos supoñen que o alumnado se enfrente a unha serie de subtarefas de complexidade variábel, polo que moitas delas poderían desenvolverse como proxectos máis amplos.
--------------------------------	---

No anexo presente ao final do libro recóllense os seguintes documentos de referencia: apéndice literario, apéndice gramatical e apéndice sintáctico.




Apéndice literario	Presenta de forma organizada un apartado de recursos literarios agrupados en recursos fónicos, recursos morfosintácticos e recursos semánticos, que se presentan cunha definición e un exemplo. Introdúcese tamén un apartado de métrica que exemplifica as composicións estróficas e poéticas máis frecuentes. O Apéndice literario fécchase coa análise estrutural interna e externa dunha <i>Cantiga de Santa María</i>.
Apéndice gramatical	Recolle de forma ordenada e sistemática cadros de todas as unidades morfolóxicas estudadas no libros, para alén de modelos de conxugación verbal de verbos regulares, irregulares e semirregulares.
Apéndice sintáctico	Inclúe recursos de grande utilidade tanto para o profesorado como para o alumnado. Así mesmo, presenta unha táboa de “Equivalencias da nomenclatura terminolóxica sintáctica” que coadxuva ao tratamento integrado de linguas e facilita o achegamento a esta disciplina. Finalmente, recóllense tamén todas as abreviaturas empregadas ao longo das unidades e ofrécense modelos de análise completos de todos os tipos de frases, das diferentes funcións sintácticas dentro da cláusula e de cláusulas simples e complexas.

3.1. Proposta de temporalización das unidades


Dado que o manual aparece dividido en doce unidades e tres proxectos de investigación, a temporalización ideal pasa por impartir catro unidades por trimestre e por desenvolver un proxecto durante este mesmo período. Con todo, a práctica docente acostuma ter que se enfrontar cun primeiro trimestre máis amplo e máis homoxéneo (arredor de 14 semanas), fronte a un segundo e terceiro trimestres que oscilan entre as 10 e as doce semanas en función dos períodos vacacionais. Por mor disto, optamos por ofrecer un modelo de periodización flexíbel que calcula un período medio de tres semanas por unidade para que o tempo sexa o necesario para impartir contidos, para realizar secuencias de aprendizaxe, para revisar e ampliar conceptos e, finalmente, para realizar avaliacións.

	Bloques Unidades	Lectura	Expresión oral	Lingua e texto	Léxico	Gramática	Ortografía	Lingua e sociedade	Literatura
1.º trimestre e	Unidade 1 (semanas 1-3)	“Ruthie, a de Edna”	Pedir información persoal	Funcións da linguaxe	Hixiene e coidado persoal / Campo semántico	A lingua e a súa organización	Acentuación (I): regras xerais	Historia da lingua (I): orixe da lingua galega	Literatura galega. Xéneros literarios
	Unidade	<i>Sempre</i>	Mostrar	Tipoloxía	Sentimentos	Nome	Acentuación	Historia da lingua	Literatura




	2 (semanas 4-6)	<i>quixen bailar un tango</i>	alegría e tristeza	textual (I)	e estados de ánimo / Campo asociativo	substantivo e nome adxectivo	(II): ditongos, tritongos e hiatos; diérese	(II): a lingua galega na Idade Media	medieval. Lírica profana (I)
	Unidade 3 (semanas 7-9)	“Un estudo encontra hórreos galegos en Australia e en Nova Zelandia”	Expresar contrariedade e desculpase	Tipoloxía textual (II)	Hospedaxe / Familia léxica	Pronome (I): artigo, demostrativo e posesivo	Acentuación (III): acentuación diacrítica	Linguas en contacto (I): interferencia e alternancia de código	Lírica profana (II)
	Unidade 4 (semanas 10-12)	“Shopping girls” e “Son un manequín...”	Narrar unha historia	Texto literario (I): biografía e autobiografía	Comercio / Palabras patrimoniais, cultas e semicultas	Pronome (II): identificador, cuantificador, numeral, relativo, interrogativo e exclamativo	Maiúsculas e minúsculas	Linguas en contacto (II): conflito lingüístico, bilingüismo e diglosia; normalización e substitucións lingüísticas	Cantigas de temática amorosa: cantigas de amigo e cantigas de amor

	Bloques Unidades	Lectura	Expresión oral	Lingua e texto	Léxico	Gramática	Ortografía	Lingua e sociedade	Literatura
2.º trimestre	Unidade 5 (semanas 13-15)	“As exhibicións cinematográficas en Galiza (1896-1954)”	Describir unha persoa	Texto literario (II): retrato e autorretrato	Arquitectura / Abreviación, abreviatura e símbolo	Pronome (III): persoal	Puntuación (I): punto, vírgula e punto e vírgula	O galego e a lusofonía	Cantigas de <i>escarnho e maldizer</i> . Outros xéneros. Lírica relixiosa. Prosa medieval
	Unidade 6 (semanas 16-18)	<i>Tres capitáns de tempos idos</i>	Contraargumentar	Texto xornalístico (I): debate	Artes plásticas / Enriquecemento do léxico (I): derivación	Verbo (I): formas persoais	Puntuación (II): sinais de interrogación e de exclamación, dous puntos e aspas	Historia da lingua (III): a lingua galega nos Séculos Escuros e na Ilustración	Literatura da Idade Moderna
	Unidade 7	“Top secret” e “Hoax”	Mostrar acordo e desacordo	Texto xornalístico	Cinema / Enriquecemento	Verbo (II): formas	Puntuación (III):	Historia da lingua (IV):	Prerrexurdimento e



	(semanas 19-21)			(II): entrevista	o do léxico (II): composición	infinitas, perífrase verbal e voz verbal	parénteses, trazo medio, curto e longo; barra oblicua e apóstrofo	a lingua galega do século XIX até 1916	Rexurdimento
	Unidade 8 (semanas 22-24)	Sangue do noso sangue	Expresar unha opinión e aconsellar	Texto xornalístico (III): crónica e reportaxe	Música e baile / Enriquecemento do léxico (III): sigla, acrónimo e amálgama	Adverbio, preposición e conxunción	Uso de b/v, de h e dalgúns vogais	Lingua estándar e desvíos	Rosalía de Castro


	Bloques Unidades	Lectura	Expresión oral	Lingua e texto	Léxico	Gramática	Ortografía	Lingua e sociedade	Literatura
3.º trimestre	Unidade 9 (semanas 25-27)	<i>Caderno de Xapón</i>	Pedir información	Texto científico: relatorio, conferencia, teleconferencia e mesa redonda	Radio e televisión / Enriquecemento do léxico (IV): préstamo e estranxeirismo	Unidade e función sintácticas ; frase	Uso doutras consoantes	Variedades lingüísticas: variedades diatópicas e variedades diastráticas	Eduardo Pondal
	Unidade 10 (semanas 28-30)	“Aparece nos meus soños...” e “(Debilidade debilidad e pola luz do anxo caído)”	Pedir favores e servizos	Texto administrativo: acta e solicitude	Ecoloxía / Enriquecemento do léxico (V): onomatopea	Funcións sintácticas na cláusula (I)	Grupos consonánticos	O galego e as leis	Manuel Curros Enríquez
	Unidade 11 (semanas 31-33)	“Corredores”	Chamar a atención do/da interlocutor/a	Texto publicitario: anuncio	Seres míticos e ritos máxicos / Enriquecemento do léxico (VI): palabra tabú e eufemismo	Funcións sintácticas na cláusula (II)	Palabras homónimas e parónimas	Lingua inicial e usos lingüísticos	Ensaio, narrativa e teatro do Rexurdimento . Literatura finisecular
	Unidade 12 (semanas 34-36)	<i>Antígona</i>	Conversar ao teléfono	Texto electrónico: correo electrónico e conversa gráfica	Deporte / Enriquecemento do léxico (VII): cultismo e latinismo	Cláusula e oración	Xuntos ou separados?	Preconceitos lingüísticos	Literatura popular




4. Tratamento do currículo

O currículo divide os contidos, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe en cinco bloques. O tratamento que lles demos a través das páxinas do noso manual pretende proporcionar as ferramentas que permitan desenvolver unha praxe pedagóxica baseada na mestura dos bloques curriculares que poden ser abordados desde calquera das subdisciplinas que compoñen a materia.


	1. Comunicación oral. Escoitar e falar	2. Comunicación escrita. Ler e escribir	3. Funcionamento da lingua	4. Lingua e sociedade	5. Educación literaria
Unidade 1	Expresión oral. Pedir información persoal. B1.5. / B1.6. / B1.7. / B1.8. / B1.9. Ortografía. Acentuación (I): regras xerais. B1.6.	Lectura: “Ruthie, a de Edna”. B2.1. / B2.7. / B2.8. Lingua e texto. Funcións da linguaxe. B2.12. Reforzo de competencias B2.1. / B2.3. / B2.6. / B2.7. / B2.11. / B2.12. / B2.13.	Lectura: “Ruthie, a de Edna”. B3.1. / B3.9. / B3.10. Lingua e texto. Funcións da linguaxe. B3.10. / B3.11. / B3.13. Léxico. Hixiene e coidado persoal. B3.1. / B3.5. Léxico. Campo semántico. B3.1. / B3.5. Gramática. A lingua e a súa organización. B3.2. / B3.4. / B3.8. / B3.9. / B3.13. Ortografía. Acentuación (I): regras xerais. B3.4. / B3.5. / B3.6.	Lingua e sociedade. Historia da lingua (I): orixe da lingua galega. B4.2. / B4.6.	Lectura: “Ruthie, a de Edna”. B5.6. Literatura galega. Xéneros literarios. B5.1. / B5.5.
Unidade 2	Expresión oral. Mostrar alegría e tristeza. B1.5. / B1.6. / B1.7. / B1.8. / B1.9.	Lectura: <i>Sempre quixen bailar un tango</i> . B2.1. / B2.7. / B2.8. Lingua e texto. Tipoloxía textual (I): tipos de texto segundo a canle comunicativa. B2.12. / B2.14. Reforzo de competencias B2.1. / B2.4. / B2.6. / B2.7. / B2.11. / B2.12. / B2.13.	Lectura: “Sempre quixen bailar un tango”. B3.1. / B3.10. Léxico. Sentimentos e estados de ánimo. B3.1. / B3.5. Lingua e texto. Tipoloxía textual (I): tipos de texto segundo a canle comunicativa. B3.10. Léxico. Campo asociativo. B3.1. / B3.5.	Lingua e sociedade. Historia da lingua (II): a lingua galega na Idade Media. B4.1. / B4.3. / B4.6.	Lectura: <i>Sempre quixen bailar un tango</i> . B5.6. Literatura. Literatura medieval. Lírica profana (I). B5.1. / B5.2. / B5.3. / B5.4. / B5.5. / B5.6.



			Gramática. Nome substantivo e nome adxectivo. B3.2. / B3.13. Ortografía. Acentuación (II): ditongos, tritongos e hiatos; diérese. B3.4. / B3.6.		
Unidade 3	Expresión oral. Expresar contrariedade e desculpase. B1.3. / B1.5. / B1.6. / B1.7. / B1.8. / B1.9.	Lectura: “Un estudo encontra hórreos galegos en Australia e en Nova Zelandia”. B2.1. / B2.3. / B2.8. Lingua e texto. Tipoloxía textual (II): tipos de texto segundo a temática e a intención comunicativa. B2.1. / B2.2. / B2.3. / B2.4. / B2.5. / B2.12. Reforzo de competencias B2.1. / B2.4. / B2.6. / B2.7. / B2.11. / B2.12. / B2.13.	Lingua e texto. Tipoloxía textual (II): tipos de texto segundo a temática e a intención comunicativa. B3.9. / B3.10. / B3.13. Léxico. Hospedaxe. B3.1. / B3.5. Léxico. Familia léxica. B3.1. / B3.5. Gramática. Pronome (I): artigo, demostrativo e posesivo. B3.2. / B3.13. Ortografía. Acentuación (III): acentuación diacrítica. B3.4. / B3.5. / B3.6.	Lingua e sociedade. Linguas en contacto (I): interferencias e alternancia de código. B4.4. / B4.9.	Lectura: “Un estudo encontra hórreos galegos en Australia e en Nova Zelandia”. B5.6. Literatura. Lírica profana (II). B5.1. / B5.2. / B5.3. / B5.4. / B5.5. / B5.6.
Unidade 4	Expresión oral. Narrar unha historia. B1.5. / B1.6. / B1.7. / B1.8. / B1.9.	Lectura: “Shopping Girls” e “Son un manequín...”. B2.1. / B2.7. / B2.8. Lingua e texto. Texto literario: biografía e autobiografía. B2.1. / B2.12. Reforzo de competencias B2.1. / B2.3. / B2.6. / B2.7. / B2.11. / B2.12. / B2.13.	Lingua e texto. Texto literario: biografía e autobiografía. B3.9. / B3.10. / B3.13. Léxico. Comercio. B3.1. / B3.5. Léxico. Palabras patrimoniais, cultas e semicultas. B3.1. / B3.5. Gramática. Pronome (II): identificador, cuantificador, numeral, relativo, interrogativo e exclamativo. B3.2. / B3.13. Ortografía. Maiúsculas	Lingua e sociedade. Linguas en contacto (II): conflito lingüístico; bilingüismo e diglosia; normalización e substitución lingüísticas. B4.1. / B4.5.	Literatura. Cantigas de temática amorosa: cantigas de amigo e cantigas de amor. B5.1. / B5.2. / B5.3. / B5.4. / B5.5. / B5.6.



			e minúsculas. B3.6. / B3.7.		
Unidade 5	Expresión oral. Describir unha persoa. B1.5. / B1.6. / B1.7. / B1.8. / B1.9.	Lectura: “As exhibicións cinematográficas en Galiza (1896-1954)”. B2.1. / B2.4. / B2.8. Lingua e texto. Texto literario (II): retrato e autorretrato. B2.5. / B2.12. Reforzo de competencias B2.1. / B2.3. / B2.6. / B2.7. / B2.10. / B2.11. / B2.12. / B2.13.	Lingua e texto. Texto literario (II): retrato e autorretrato. B3.9. / B3.10. / B3.13. Léxico. Arquitectura. B3.1. / B3.5. Léxico. Abreviación, abreviatura e símbolo. Gramática. Pronome (III): persoal. B3.2. / B3.13. Ortografía. Puntuación (I): punto, vírgula e punto e vírgula. B3.6. / B3.7.	Lingua e sociedade. O galego e a lusofonía. B4.3.	Lectura: “As exhibicións cinematográficas en Galiza (1896-1954)”. B5.6. Literatura. Cantigas de <i>escarnho maldizer</i> . Outros xéneros. Lírica relixiosa. Prosa medieval. B5.1. / B5.2. / B5.3. / B5.4. / B5.5. / B5.6.
Unidade 6	Expresión oral. Contraargumentar. B1.3. / B1.5. / B1.6. / B1.7. / B1.8. / B1.9. Lingua e texto. Texto xornalístico (I): debate. B1.3. / B1.4. / B1.5. / B1.7. / B1.8. / B1.9. / B1.10.	Lectura: <i>Tres capitáns de tempos idos</i> . B2.1. / B2.8. Lingua e texto. Texto xornalístico (I): debate. B2.1. / B2.3. / B2.12.	Lingua e texto. Texto xornalístico (I): debate. B3.9. / B3.10. / B3.13. Léxico. Artes plásticas. B3.1. / B3.5. Léxico. Enriquecemento do léxico (I): derivación. B3.1. / B3.3. / B3.5. Gramática. Verbo (I): formas persoais. B3.2. / B3.13. Ortografía. Puntuación (II): sinais de interrogación, exclamación, dous puntos e aspas. B3.6. / B3.7.	Lingua e sociedade. Historia da lingua (III): a lingua galega nos Séculos Escuros e na Ilustración. B4.1. / B4.4. / B4.6.	Lectura: <i>Tres capitáns de tempos idos</i> . B5.6. Literatura. Literatura da Idade Moderna. B5.1. / B5.2. / B5.3. / B5.4. / B5.5. / B5.6.
Unidade 7	Expresión oral. Mostrar acordo e desacordo. B1.3. / B1.5. / B1.6. / B1.7. / B1.8. / B1.9. Lingua e texto. Texto xornalístico (II): entrevista. B1.1. / B1.2. / B1.6. / B1.8. / B1.10.	Lectura: “Top secret” e “Hoax”. B2.1. / B2.8. Lingua e texto. Texto xornalístico (II): entrevista. B2.1. / B2.3. / B2.10. Reforzo de competencias B2.1. / B2.3. / B2.6. / B2.7. / B2.11. / B2.12. / B2.13.	Lingua e texto. Texto xornalístico (II): entrevista. B3.9. / B3.10. / B3.13. Léxico. Cinema. B3.1. / B3.5. Léxico. Enriquecemento do léxico (II): composición. B3.1. / B3.3. / B3.5.	Lingua e sociedade. Historia da lingua (IV): a lingua galega do século XIX até 1916. B4.1. / B4.4. / B4.6.	Lectura: “Top secret” e “Hoax”. B5.6. Literatura. Prerrexurdimento e Rexurdimento. B5.1. / B5.2. / B5.3. / B5.4. / B5.5. / B5.6.




			Gramática. Verbo (II): formas infinitas, perífrase verbal e voz verbal. B3.2. / B3.13. Ortografía. Puntuación (III): trazo medio, curto e longo, barra oblicua e apóstrofo. B3.6. / B3.7.		
Unidade 8	Expresión oral. Expresar unha opinión e aconsellar. B1.3. / B1.5. / B1.6. / B1.7. / B1.8. / B1.9. Lingua e texto. Texto xornalístico (III): crónica e reportaxe. B1.1. / B1.2. / B1.6. / B1.8. / B1.10.	Lectura: “Sangue do noso sangue”. B2.1. / B2.8. Lingua e texto. Texto xornalístico (III): crónica e reportaxe. B2.1. / B2.3. / B2.10. / B2.12. Reforzo de competencias B2.1. / B2.4. / B2.6. / B2.7. / B2.11. / B2.12. / B2.13.	Lingua e texto. Texto xornalístico (III): crónica e reportaxe. B3.9. / B3.10. / B3.13. Léxico. Música e baile. B3.1. / B3.5. Léxico. Enriquecemento do léxico (III): sigla, acrónimo e amálgama. B3.1. / B3.3. / B3.5. Gramática. Adverbio, preposición e conxunción. B3.2. / B3.13. Ortografía. Uso de b/v, de h e dalgunhas vogais. B3.4. / B3.5. / B3.6.	Lingua e sociedade. Lingua estándar e desvíos. B4.9.	Lectura: “Sangue do noso sangue”. B5.6. Literatura. Rosalía de Castro. B5.1. / B5.2. / B5.3. / B5.4. / B5.5. / B5.6.
Unidade 9	Expresión oral. Pedir información. B1.5. / B1.6. / B1.7. / B1.8. / B1.9. Lingua e texto. Texto científico: relatorio, conferencia, teleconferencia e mesa redonda. B1.3. / B1.4. / B1.5. / B1.6.	Lectura: <i>Caderno de Xapón</i> . B2.1. / B2.3. / B2.8. Lingua e texto. Texto científico: relatorio, conferencia, teleconferencia e mesa redonda. B2.1. / B2.5. / B2.11. / B2.12. Reforzo de competencias B2.1. / B2.4. / B2.6. / B2.7. / B2.11. / B2.12. / B2.13.	Lingua e texto. Texto científico: relatorio, conferencia, teleconferencia e mesa redonda. B3.9. / B3.10. / B3.13. Léxico. Radio e televisión. B3.1. / B3.5. Léxico. Enriquecemento do léxico (IV): préstamo e estranxeirismo. B3.1. / B3.3. / B3.5. Gramática. Unidade e función sintácticas;	Lingua e sociedade. Variedades lingüísticas: variedades diatópicas e variedades diastráticas. B4.9.	Lectura: <i>Caderno de Xapón</i> . B5.6. Literatura. Eduardo Pondal. B5.1. / B5.2. / B5.3. / B5.4. / B5.5. / B5.6.



			frase. B3.2. / B3.8. / B3.13. Ortografía. Uso doutras consoantes. B3.4. / B3.5. / B3.6.		
Unidade 10	Expresión oral. Pedir favores e servizos. B1.5. / B1.6. / B1.7. / B1.8. / B1.9.	Lectura: “Aparece nos meus soños...” e “(Debilidadedebilidade pola luz do anxo caído)”. B2.1. / B2.8. Lingua e texto. Texto administrativo: acta e solicitude. B2.1. / B2.2. / B2.9. / B2.12. Reforzo de competencias B2.1. / B2.2. / B2.6. / B2.7. / B2.11. / B2.12. / B2.13.	Lingua e texto. Texto administrativo: acta e solicitude. B3.9. / B3.10. / B3.13. Léxico. Ecoloxía. B3.1. / B3.5. Léxico. Enriquecemento do léxico (V): onomatopea. B3.1. / B3.3. / B3.5. Gramática. Funcións sintácticas na cláusula (I): suxeito, predicado, CD e CI. B3.2. / B3.8. / B3.13. Ortografía. Grupos consonánticos. B3.4. / B3.5. / B3.6.	Lingua e sociedade. O galego e as leis. B4.7.	Lectura: “Aparece nos meus soños...” e “(Debilidadedebilidade pola luz do anxo caído)”. B5.6. Literatura. Manuel Curros Enríquez. B5.1. / B5.2. / B5.3. / B5.4. / B5.5. / B5.6.
Unidade 11	Expresión oral. Chamar a atención do/da interlocutor/a. B1.5. / B1.6. / B1.7. / B1.8. / B1.9.	Lectura: “Corredores”. B2.1. / B2.8. Lingua e texto. Texto publicitario: anuncio. B2.1. / B2.12. Reforzo de competencias B2.1. / B2.2. / B2.4. / B2.6. / B2.7. / B2.11. / B2.12. / B2.13.	Lingua e texto. Texto publicitario: anuncio. B3.9. / B3.10. / B3.13. Léxico. Seres míticos e ritos máxicos. B3.1. / B3.5. Léxico. Enriquecemento do léxico (VI): palabra tabú e eufemismo. B3.1. / B3.3. / B3.5. Gramática. Funcións sintácticas na cláusula (II): atributo, predicativo, suplemento, complemento axente e complemento circunstancial. B3.2. / B3.8. / B3.13. Ortografía. Palabras	Lingua e sociedade. Lingua inicial e usos lingüísticos. B4.9.	Lectura: “Corredores”. B5.6. Literatura. Ensaio, narrativa e teatro do Rexurdimento. Literatura finisecular. B5.1. / B5.2. / B5.3. / B5.4. / B5.5. / B5.6.



			homónimas e parónimas. B3.4. / B3.5. / B3.6.		
Unidade 12	Expresión oral. Conversar ao teléfono. B1.5. / B1.6. / B1.7. / B1.8. / B1.9.	Lectura: <i>Antígona</i> . B2.1. / B2.7. / B2.8. Lingua e texto. Texto electrónico: correo electrónico e conversa gráfica. B2.1. / B2.12. / B2.9. / B2.14. Reforzo de competencias B2.1. / B2.3. / B2.6. / B2.7. / B2.11. / B2.12. / B2.13.	Lingua e texto. Texto electrónico: correo electrónico e conversa gráfica. B3.9. / B3.10. / B3.13. Léxico. Deporte. B3.1. / B3.5. Léxico. Enriquecemento do léxico (VII): cultismo e latinismo. B3.1. / B3.3. / B3.5. Gramática. Cláusula e oración. B3.2. / B3.8. / B3.13. Ortografía. Xuntos ou separados? B3.2. / B3.5. / B3.6.	Lingua e sociedade. Preconceitos lingüísticos. B4.8.	Lectura: <i>Antígona</i> . B5.6. Literatura. Literatura popular. B5.1. / B5.2. / B5.3. / B5.4. / B5.5. / B5.6.



5. Competencias clave


As competencias veñen definidas pola Unión Europea (*Recomendación do Parlamento europeo e do Consello de 18 de decembro de 2006 sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente, 2006/962/CE*) como “unha combinación de coñecementos, capacidades e actitudes adecuadas ao contexto. As competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoais, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”. A Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) determinou a través do informe *Definición e selección de competencias* (1999, 2003) que unha competencia é “a capacidade de responder demandas complexas e levar a cabo tarefas diversas de forma adecuada” dado que “supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz”.

A introdución do concepto de “competencias clave para a aprendizaxe permanente” implica unha total renovación do proceso de ensino-aprendizaxe posto que o foco da educación se traslada desde a adquisición de contidos propia dun sistema de ensino tradicional até o “saber facer” promulgado polas competencias. O coñecemento como ben abstracto deixa de ter sentido se non conta cunha adecuada transferencia á práctica. Esta renovación pretende, ademais, potenciar entre a cidadanía o modelo educativo da aprendizaxe ao longo de toda a vida (*long life learning*).

Ao tempo, a *Recomendación do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de decembro de 2006 sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente (2006/962/CE)* delimita un total de sete temas comúns ao marco de referencia competencial que deben ser tidos en conta para mellorar o proceso de adquisición de competencias e para favorecer a mencionada aprendizaxe ao longo de toda a vida.

- Pensamento crítico.
- Creatividade.
- Capacidade de iniciativa.
- Resolución de problemas.
- Avaliación de riscos.
- Toma de decisións.
- Xestión construtiva dos sentimentos.

A Unión Europea recoñece oito competencias básicas: comunicación en lingua materna, comunicación en linguas estranxeiras, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, competencia dixital, aprender a aprender, competencias sociais e cívicas, sentido da iniciativa e espírito de empresa e conciencia e expresión culturais.



Pola súa parte o Ministerio de Educación, cultura e deporte (*Orde ECD/65/2015*) e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (*Decreto 86/2015*) recoñecen as seguintes sete competencias:

1. Comunicación lingüística (CCL).
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
3. Competencia dixital (CD).
4. Aprender a aprender (CAA).
5. Competencias sociais e cívicas (CSC).
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
7. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

A aprendizaxe baseada en competencias debe caracterizarse pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. Todas as materias deben traballar todas as competencias e ter como fin último a consecución de todas elas no seu máis alto grao, proceso que se desenvolverá ao longo de toda a vida.


A necesidade de traballar as competencias de forma transversal, dinámica e integral motiva que o traballo docente se desenvolva a través de situacións de aprendizaxe e de actividades de aprendizaxe integradas. Estes dous elementos resultan de particular utilidade nas materias do ámbito lingüístico e, nomeadamente, no caso da materia de Lingua Galega e Literatura. As situacións de aprendizaxe desenvólvense no noso libro, principalmente, a través dos bloques de Expresión Escrita e de Expresión Oral que forzan o alumnado á activación dun elevado número de recursos e destrezas tanto activas como pasivas.

Resumimos, a seguir, os elementos definitorios (clasificados en coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes e valores) das competencias clave segundo a *Orde ECD/65/2015 pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato*.

	Coñecementos	– Sobre o compoñente lingüístico: léxico, gramática, semántica, fonoloxía, ortografía e ortoépica. – Sobre o compoñente pragmático-discursivo –que inclúe as dimensións sociolingüística, pragmática e discursiva– e o sociocultural –coñecemento do mundo e dimensión intercultural–.
	Destrezas	– Lectura. – Alfabetización múltiple.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).


Neste documento empregaremos as siglas que aquí aparecen para abreviar as competencias por seren as que se utilizan no *Decreto 86/2015*. Con todo, no noso libro de texto usamos unha clave simplificada cuxa lenda aparece no pé de páxina de todas as fichas de Reforzo de competencias.




CCL	Actitudes	– Respecto á normas de convivencia. – Exercicio activo da cidadanía. – Desenvolvemento dun espírito crítico. – Respecto aos dereitos humanos e ao pluralismo. – Concepción do diálogo como ferramenta primordial para a convivencia, a resolución de conflitos e o desenvolvemento das capacidades afectivas en todos os ámbitos. – Curiosidade, interese e creatividade cara á aprendizaxe e o recoñecemento das destrezas inherentes tales como a lectura, a conversa, a escritura etc. como fontes de pracer relacionadas co desfrute persoal e cuxa promoción e práctica son tarefas esenciais no reforzo da motivación cara á aprendizaxe.
CMCCT	Coñecementos	– Os números. – As medidas e as estruturas. – As operacións e as representacións matemáticas. – A comprensión dos termos e dos conceptos matemáticos. – A física. – A química. – A bioloxía. – A xeoloxía. – A tecnoloxía.
	Destrezas	– Aplicación dos principios e procesos matemáticos en contextos sociais, persoais, profesionais ou científico. – Emisión de xuízos fundados. – Seguimento de cadeas argumentais na realización de cálculos. – Análise de gráficos e representacións matemáticas. – Manipulación de expresións alxébricas. – Utilización e manipulación de ferramentas e máquinas tecnolóxicas. – Uso de datos e procesos científicos para alcanzar un obxectivo: identificación de preguntas, resolución de problemas, chegada a conclusións e toma de decisións baseadas en probas e argumentos.
		– Rigor. – Respecto aos datos. – Veracidade. – Asunción de criterios éticos asociados á ciencia e á tecnoloxía.




	Actitudes	– Interese pola ciencia. – Apoio á investigación científica. – Valoración do coñecemento científico. – Sentido de responsabilidade en relación coa conservación dos recursos naturais e coas cuestións ambientais. – Adopción dunha actitude adecuada para lograr unha vida física e mental saudábel nun contorno natural e social.
CD	Coñecementos	– Linguaxe específica básica: textual, numérica, icónica, visual, gráfica e sonora, así como as súas pautas de decodificación e de transferencia. – Acceso ás fontes e ao procesamento de información. – Coñecemento dos dereitos e as liberdades que asisten as persoas no mundo dixital.
	Destrezas	– Aquelas relacionadas co acceso á información, co procesamento e uso para a comunicación, coa creación de contidos, coa seguridade e coa resolución de problemas en contextos formais, informais e non formais. – Uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñíbeis. – Avaliación e selección de novas fontes de información e innovacións tecnolóxicas.
	Actitudes	– Actitude activa, crítica e realista cara ás novas tecnoloxías e aos medios tecnolóxicos. – Valoración das fortalezas e das debilidades da tecnoloxía. – Respecto de principios éticos no uso da tecnoloxía. – Participación e traballo colaborativo. – Motivación e curiosidade pola aprendizaxe. – Mellora no uso das tecnoloxías.
CAA	Coñecementos	a) Sobre os procesos mentais implicados na aprendizaxe. b) Sobre o proceso de aprendizaxe persoal desde tres dimensións: • Coñecemento que ten o/a estudante acerca do que sabe o descoñece, do que é quen de aprender, do que lle interesa etc. • Coñecemento da disciplina en que se localiza a tarefa de aprendizaxe e o coñecemento do contido concreto e das demandas da propia tarefa • Coñecemento sobre as distintas estratexias posíbeis para afrontar a tarefa
		• Estratexias de planificación que reflictan a meta de aprendizaxe perseguida.




	Destrezas	• Estratexias de supervisión que permitan examinar a adecuación das accións que se están desenvolvendo. • Estratexias de avaliación que analicen tanto o proceso como os resultados.
	Actitudes	• Motivación. • Confianza.
	Coñecementos	– Códigos de conduta e usos xeralmente aceptados nas diversas sociedades e contornos. – Tensións sociais e grupos de cambio. – Conceptos relativos ao individuo, ao grupo, á organización do traballo, á igualdade e á non discriminación entre homes e mulleres e entre diferentes grupos étnicos ou culturais, á sociedade e á cultura. – Comprensión das dimensións intercultural e socioeconómica das sociedades europeas. – Percepción das identidades culturais e nacionais como un proceso sociocultural dinámico e cambiante, en interacción coa identidade europea. – Coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos e civís así como a formulación destes dereitos nas Constitución española, na Carta dos dereitos fundamentais da Unión Europea e en declaracións internacionais e a súa aplicación institucional a escala local, rexional, nacional, europea e internacional. – Coñecemento dos acontecementos contemporáneos. – Coñecemento dos acontecementos máis destacados e das principais tendencias nas historias nacional, europea e mundial. – Comprensión dos procesos sociais e culturais de carácter migratorio que implican a existencia de sociedades multiculturais no mundo globalizado.
		– Capacidade de comunicarse dunha maneira construtiva en distintos contornos sociais e culturais. – Tolerancia. – Expresión e comprensión de puntos de vista diferentes. – Negociación sabendo inspirar confianza e sentir empatía. – Habilidade para interactuar eficazmente no ámbito público. – Habilidade para manifestar solidariedade e interese por resolver os problemas que afecten ao contorno escolar e á comunidade.



CSC	Destrezas	– Reflexión crítica e creativa. – Participación construtiva nas actividades da comunidade ou do ámbito mediato e inmediato. – Toma de decisións nos contextos local, nacional ou europeo, en particular, mediante o exercicio do voto e da actividade social e cívica.
	Actitudes	1. Seguridade nun/nunha mesmo/a. 2. Integridade. 3. Honestidade. 4. Interese polo desenvolvemento socioeconómico e pola súa contribución a un maior benestar social da poboación. 5. Interese pola comunicación intercultural, a diversidade de valores e o respecto ás diferenzas. 6. Disposición a superar os prexuízos. 7. Pleno respecto dos valores humanos. 8. Vontade de participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis. 9. Manifestación do sentido da responsabilidade. 10. Comprensión e respecto dos valores compartidos necesarios para garantir a cohesión da comunidade. 11. Respetto dos principios democráticos. 12. Actividades cívicas. 13. Apoio á diversidade e cohesión social. 14. Apoio ao desenvolvemento sustentábel. 15. Vontade de respectar os valores e a intimidade dos demais. 16. Recepción reflexiva e crítica da información procedente dos medios de comunicación.
	Coñecementos	17. Capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais. 18. Comprensión das liñas xerais que rexen o funcionamento das sociedades, as organizacións sindicais e empresariais. 19. Comprensión das liñas xerais económicas e financeiras. Organización e procesos empresariais. 20. Deseño e implementación dun plan (a xestión de recursos humanos e/ou financeiros).. 21. Postura ética das organizacións e coñecemento de como estas poden ser un



CSIEE		impulso positivo, por exemplo, mediante o comercio xusto e as empresas sociais.
	Destrezas	22. Capacidade de análise. 23. Capacidades de planificación, organización, xestión e toma de decisións. 24. Capacidade de adaptación ao cambio e resolución de problemas. 25. Comunicación, presentación, representación e negociación efectivas. 26. Habilidade para traballar tanto individualmente como dentro dun equipo. 27. Participación, capacidade de liderado e delegación. 28. Pensamento crítico e sentido da responsabilidade. 29. Autoconfianza, avaliación e autoavaliación. 30. Manexo da incerteza e asunción e xestión do risco.
	Actitudes	– Predisposición a actuar dunha forma creadora e imaxinativa. – Autocoñecemento e autoestima. – Autonomía e independencia. – Interese e esforzo. – Espírito emprendedor. – Iniciativa, pro-actividade e innovación tanto na vida privada e social como na profesional. – Motivación e determinación á hora de cumprir uns obxectivos tanto persoais como colectivos e/ou laborais.
	Coñecementos	– Sobre a herdanza cultural (patrimonio cultural, histórico-artístico, literario, filosófico, tecnolóxico, ambiental etc.) a escala local, nacional e europea e o seu lugar no mundo. – Sobre a concreción da cultura en diferentes autores/as e obras, así como en diferentes xéneros e estilos, tanto das belas artes como doutras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá. – Sobre técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas. – Identificación das relacións existentes entre as diferentes manifestacións artísticas e a sociedade. – Sobre a evolución do pensamento, as correntes estéticas, as modas e os gustos. – Sobre a importancia representativa, expresiva e comunicativa dos factores estéticos na vida cotiá.
		– Aplicación de diferentes habilidades de pensamento, perceptivas, comunicativas, de sensibilidade e de sentido estético para poder comprender, emocionarse e



CCEC	Destrezas	disfrutar coas manifestacións artísticas. – Iniciativa. – Imaxinación e creatividade expresadas a través de códigos artísticos. – Capacidade de empregar distintos materiais e técnicas no deseño de proxectos. – Habilidades de cooperación. – Toma de conciencia da importancia de apoiar e apreciar as contribucións alleas.
	Actitudes	– Interese, recoñecemento e respecto polas diferentes manifestacións artísticas e culturais, e pola conservación do patrimonio. – Valoración da liberdade de expresión, do dereito á diversidade cultural, do diálogo entre culturas e sociedades e da realización de experiencias artísticas compartidas. – Interese por participar na vida cultural e por comunicar e partillar coñecementos, emocións e sentimentos a partir de expresións artísticas.

5.1. As competencias clave e a materia de Lingua Galega e Literatura

A materia de Lingua Galega e Literatura favorece a posta en práctica das competencias básicas e, por tanto, contribúe poderosamente ao seu desenvolvemento no alumnado non só no que á competencia en comunicación lingüística se refire senón tamén canto ás seis restantes.

A seguir, presentamos unha breve xustificación de como pode a nosa materia contribuír ao proceso de desenvolvemento competencial retomando aqueles descritores das competencias anteriormente expostos que poden ser especificamente abordados desde a Lingua Galega e Literatura.

▪ Comunicación lingüística

Como xa sinalamos, resulta evidente que esta é a competencia á que máis e mellor pode contribuír a nosa materia. Por tanto, non cómpre incidirmos nos aspectos que poden ser postos en práctica a través de Lingua Galega e Literatura, mais si debemos sinalar que a plena competencia en comunicación lingüística precisa tamén de destrezas que permitan que certos saberes das áreas de lingua actúen como vasos comunicantes que faciliten o proceso de aprendizaxe do alumnado e que proporcionen, á fin, un mellor aproveitamento de determinados conceptos e estruturas.

Alén disto, hai que recalcar a relevancia do desenvolvemento da comprensión lectora. A lectura aparece integrada como habilidade básica desta competencia, mais tamén se lle recoñece o valor instrumental imprescindible para a consecución das restantes competencias e, en xeral, de calquera das actividades que garden relación non só coa educación, senón co desenvolvemento vital persoal.



- Coñecementos sobre o compoñente lingüístico (léxico, gramática, semántica, fonoloxía, ortografía e ortoépica), sobre o compoñente pragmático-discursivo e sobre o compoñente sociocultural.
- Desenvolvemento das estratexias de mellora da lectura e de comprensión lectura.
- Promoción de elementos que faciliten a alfabetización múltiple.
- Adquisición de valores como o respecto á normas de convivencia, o exercicio activo da cidadanía, o desenvolvemento dun espírito crítico, o respecto aos dereitos humanos e ao pluralismo e a concepción do diálogo como ferramenta primordial para a convivencia, a resolución de conflitos e o desenvolvemento das capacidades afectivas en todos os ámbitos.
- Curiosidade, interese e creatividade cara á aprendizaxe e o recoñecemento das destrezas inherentes como a lectura, a conversa, a escritura etc. como fontes de pracer relacionadas co desfrute persoal.


▪ **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

Tradicionalmente esta foi unha das competencias cuxo desenvolvemento resultou desbotado desde as materias da área lingüística dado que se lles presupuña a estas unha menor capacidade de actuación; porén, o desenvolvemento do razoamento e do pensamento lóxico e a súa aplicación a tarefas claramente integradas nos nosos plans curriculares –como, por exemplo, a análise sintáctica– requiren claramente do desenvolvemento destas destrezas.

- Coñecementos sobre os números, a mellora das comprensión dos termos nos conceptos matemáticos, as representacións matemáticas como as gráficas.
- Habilidades como a emisión de xuízos fundados, o seguimento de cadeas argumentais, a análise de gráficos e doutras representacións matemáticas, o uso de datos e de procedementos científicos para a consecución dun obxectivo que inclúa a chegada a conclusións e a toma de decisións seguindo un razoamento dedutivo.
- O rigor, o respecto aos datos, a veracidade, a valoración do coñecemento científico etc.

▪ **Competencia dixital**

A competencia dixital é un dos eixos do desenvolvemento competencial necesario para desenvolverse como cidadán e cidadá activo e integrado na sociedade actual. Desde a materia de Lingua Galega e Literatura, da mesma maneira que desde as outras áreas lingüísticas, un dos puntos fortes do desenvolvemento desta competencia pasa por ofrecer ao alumnado destrezas de busca, de síntese e de análise de información, para alén do manexo competente de diferentes ferramentas e recursos informáticos.



Adquisición de coñecementos sobre linguaxes e códigos específicos así como seus procesos de decodificación e de transferencia; acceso a fontes de información e establecemento de parámetros adecuados de busca, selección e procesamento da información.

Interese por participar en traballos colaborativos, motivación e curiosidade pola aprendizaxe e tamén mellora do uso das tecnoloxías.

▪ **Aprender a aprender**

Aprender a aprender é unha das competencias con máis alto grao de transversalidade cuxa progresión nas destrezas que require garante a consecución dun obxectivo de alto nivel: o recoñecemento do alumno ou da alumna como aprendiz e a análise dos seus puntos fortes e das fraquezas que presenta no seu modo de abordar a nosa materia e as materias restantes.


A adquisición de destrezas suficientes nesta competencia asegura a consecución duns mecanismos de aprendizaxe eficaces e aplicábeis a todos os ámbitos vitais.

- Coñecementos sobre estratexias de resumo, análise e síntese que permiten o deseño de estratexias de aprendizaxe que permiten unha abordaxe eficaz de diferentes campos e saberes.
- Desenvolvemento de estratexias de planificación, supervisión e avaliación das tarefas levadas a cabo.
- Potenciación da motivación e da confianza.

▪ **Competencias sociais e cívicas**

Trátase dunha das competencias máis intrinsecamente relacionadas co currículo de Lingua Galega e Literatura, xa que a integración neste dos bloques de Lingua e sociedade e de Coñecemento literario fan que a explicación dun e doutro ámbito beban directamente das fontes da interpretación e de análise da sociedade en que se insiren.

Alén dos coñecementos directamente vinculados coa historia de Galiza, o tratamento desta competencia desde a nosa materia tamén debe ter con conta o desenvolvemento de actitudes cívicas claramente apreciábeis no decorrer diario das aulas e no desenvolvemento de actividades como, por exemplo, os debates.



- Adquisición de coñecementos relativos á vida segundo os parámetros dunha determinada sociedade; percepción das identidades culturais e nacionais como un proceso sociocultural dinámico e cambiante; coñecemento dos acontecementos contemporáneos e dos principais acontecementos históricos a nivel tanto local como mundial; comprensión dos fenómenos migratorios.
- Desenvolvemento das destrezas necesarias para comunicarse de forma eficaz en calquera ámbito social ou persoal; a capacidade de negociación; a realización de intervencións en público adecuadas; a reflexión crítica e creativa.
- Potenciación de actitudes como a autoconfianza, a integridade, o interese pola comunicación intercultural, a tolerancia, a disposición a superar preconceitos, o sentido da responsabilidade e a reflexión acerca das mensaxes transmitidas polos medios de comunicación.

▪ Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Na sociedade actual resulta imprescindible formar persoas que dispoñan das ferramentas necesarias para se integraren nela como axentes activos e participativos, con capacidade para tomaren as súas propias decisións.


Ademais do factor directamente relacionado co desenvolvemento económico e empresarial, o tratamento desta competencia na nosa materia favorece o desenvolvemento da conciencia da avaliación de riscos e da toma de decisións e a capacidade de se comunicar de forma eficaz en calquera ámbito.

- Adquisición e mellora de destrezas como a capacidade de análise e de planificación, a organización e a toma de decisións, a capacidade de adaptación ao cambio e a resolución de problemas, a adquisición de destrezas de comunicación e negociación efectivas, a habilidade para traballar individualmente ou dentro dun equipo, o desenvolvemento do pensamento crítico.
- Valores como a potenciación da creatividade e das solucións imaxinativas, a autoestima, a autonomía e o esforzo, a motivación á hora de cumprir uns obxectivos sexan estes persoais, académicos ou laborais.

▪ Conciencia e expresións culturais

Finalmente, a competencia en conciencia e expresións culturais, ao igual que acontece coa competencias sociais e cívicas, mantén unha relación máis estreita da nosa materia co currículo. O achegamento ao feito literario, o estudo de épocas e períodos artísticos tanto propios como vinculante coa historia europea constitúen unha parte importante da nosa materia.


Alén do coñecemento sobre os xéneros literarios, os seus códigos estéticos e o seu desenvolvemento histórico, esta competencia tamén se practica mediante a creación de textos de intención literaria.



17. Adquisición de coñecementos de historia da cultura desde diferentes disciplinas artísticas incluída a literatura, o coñecemento de autores/as, obras e estilos representativos incluíndo o coñecemento de autores/as actuais, a identificación das relacións entre as manifestacións artísticas e as sociedades en que se insiren, os coñecementos sobre a evolución das ideas estéticas e dos gustos e convencións.
18. Potenciación da imaxinación e desenvolvemento do pensamento creativo, traballo en equipo, iniciativa.
19. Actitudes como a valoración da liberdade de expresión, o dereito á diversidade cultural, o respecto polas diferentes manifestacións culturais e artísticas e o interese por participar da vida cultural da comunidade.

Presentamos, a seguir, un cadro que sintetiza os obxectivos, os estándares de aprendizaxe e as competencias clave segundo o *Decreto 86/2015* e que recolle a relación de unidades que contribúen á consecución deses estándares de aprendizaxe.

Marcamos cun **x** as unidades que presentan contidos ou actividades integradas que favorecen a consecución dos estándares e cun **X** as unidades que desenvolven de modo máis amplo conceptos que contribúen ao mesmo obxectivo.




7. Concrecións metodolóxicas

Procuramos en todo momento que as actividades propostas resultasen variadas en tipoloxías e gradadas en dificultade, de modo que enfrontarse con elas sexa unha forma de asentar conceptos e supoña un reto real para o alumnado. Alén disto, intentamos integrar en todas as unidades actividades que obriguen ao manexo de diferentes ferramentas TIC, á busca e ao procesamento de información a través de internet e doutras fontes documentais, á utilización do dicionario, á creación literaria, á resolución de problemas, á investigación, á exposición oral, ao desenvolvemento de proxectos etc.

Por outra parte, consideramos que o traballo individual é preciso en certas actividades que serven para asentar coñecementos moi concretos (ortografía, gramática etc.) e tamén noutras que favorecen o autocoñecemento e a expresión dos propios sentimentos (expresión da propia opinión, creación de textos de intención literaria etc.), mais somos conscientes da demanda da sociedade actual de cidadáns e cidadás e profesionais que saiban traballar de modo colaborativo, de aí que todas as unidades contén cun bo número de actividades ideadas para seren resoltas en pares, en pequenos grupos ou en gran grupo xunto con outras que implican ao grupo clase ou ao grupo nivel; en último lugar, son ampliábeis, por suposto, ao traballo con grupos de niveis educativos diferentes.

Moitas destas actividades admiten outro tipo de agrupamentos segundo o criterio do/da docente, polo que se reuniron baixo a etiqueta “Agrupamento flexíbel”.

Inclúese no interior do Solucionario orientacións metodolóxicas concretas sobre o desenvolvemento dos contidos e sobre a execución das secuencias de aprendizaxe, así como propostas de materiais e recursos que poden enriquecer a posta en práctica das unidades nas aulas.




8. Atención á diversidade

Cada vez máis contamos nas nosas aulas cun maior número de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE). Segundo o *Decreto 86/2015* debemos incluír dentro desta denominación aqueles alumnos e alumnas que:

- Presenten dificultades específicas de aprendizaxe.
- Teñan trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH).
- Teñan altas capacidades intelectuais.
- Se viran obrigados/as a incorporarse tardiamente ao noso sistema educativo.
- Posúan condicións persoais ou de historia escolar que así o recomenden.

Os principios básicos para o tratamento co alumnado con NEAE parten da inclusión na aula, da non discriminación e da igualdade efectiva. Para favorecer o cumprimento destes principios as actividades de aprendizaxe integradas que se ofrecen en todas as unidades responden a tipoloxías e agrupamentos variados –favorecendo en moitos casos os agrupamentos flexíbeis– e gradadas en dificultade.




9. Transversalidade

Segundo o establecido no *Decreto 86/2015, de 25 de xuño polo que se regula o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia* os elementos transversais que deben traballarse a través de todas as materias son os seguintes:

- B)** Comprensión lectora.
- C)** Expresión oral e escrita.
- D)** Comunicación audiovisual.
- E)** Tecnoloxías da información e da comunicación.
- F)** Emprendemento.
- G)** Educación cívica e constitucional.

Alén disto, tamén son considerados elementos transversais a ter en conta tanto nas programacións docentes como no desenvolvemento das aulas os seguintes valores e conceptos:

Igualdade e respecto	– Igualdade efectiva entre homes e mulleres. – Prevención da violencia de xénero. – Prevención da violencia contra persoas con discapacidade. – Igualdade de trato e non discriminación. – Prevención de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.
	– Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos nos ámbitos persoal, familiar e social. – Aprendizaxe dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, o respecto ás persoas con discapacidade, o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
	– Evitación de comportamentos e de contidos sexistas. – Evitación dos estereotipos que supoñan discriminación por razón de orientación sexual ou de identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.




Emprendemento	– Fomento das participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa e o traballo en equipo, a confianza nun/nunha mesmo/a e o sentido crítico.
Educación viaria	– Promoción de accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico con fin de divulgar entre o alumnado dos seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías como peóns, viaxeiros/as e condutores/as, o respecto polas normas e os sinais para así favorecer a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía de modo que se tenda á evitación dos accidentes de tráfico e das súas secuelas.

Todos estes aspectos aparecen amplamente representados tanto nos contidos como nos textos, nos exemplos e nas actividades do noso proxecto didáctico. Non obstante, tamén consideramos esenciais para o desenvolvemento do alumnado como cidadáns e cidadás plenamente conscientes dos seus dereitos e dos seus deberes e como individuos inseridos na nosa sociedade a presenza doutros elementos transversais non explicitados neste apartado do currículo, aínda que si forman parte, por exemplo, do deseño de competencias; así, tamén incluímos materiais que abordan o tratamento da ecoloxía e o respecto polo medio, a educación dos/das consumidores/as, a educación para a saúde e a educación para o lecer.

A seguir, presentamos a distribución dos temas transversais por unidades didácticas e por proxectos trimestrais:

	U. 1	U. 2	U. 3	U. 4	U. 5	U. 6	U. 7	U. 8	U. 9	U. 10	U. 11	U. 12	P. 1	P. 2	P. 3
Igualdade e respecto															
Emprendemento															
Educación viaria															
Ecoloxía e respecto polo medio															
Educación dos/das consumidores/as															
Educación para saúde															
Educación para o lecer															



-MATERIAIS, RECURSOS DIDÁCTICOS E PLAN LECTOR:

Libro dixital de Consorcio editorial Galego correspondente a 3oESO e contidos EDIXGAL

-Temporalización:

O libro de texto está dividido en 12 unidades con varios anexos. Cada unidade presenta 8 bloques de contido: 1) Lectura, 2) Expresión oral, 3) Lingua e texto, 4) Léxico, 5) Gramática, 6) Ortografía, 7) Lingua e sociedade e 8) Literatura. No final de cada unidade inclúese unha ficha de Reforzo de competencias. Polo tanto, corresponderá a cada avaliación o estudo de catro unidades:

1a avaliación: unidades 1 – 4

2a avaliación: unidades 5 – 8

3a avaliación: unidades 9 – 12

Non obstante, o profesorado poderá alterar esta orde se o considera conveniente para o mellor desenvolvemento das clases e a adaptación aos diferentes ritmos ou niveis grupais ou individuais do alumnado.

-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS: os citados textos dixitais, o cartafol de alumno/a, libros de lectura e materiais tic, biblioteca, etc.

PLAN LECTOR.

A. Obrigatorias (unha por trimestre):

1.- O corazón de Xúpiter, Leticia Costas

2.- A sombra cazadora, Suso de Toro


3.- Comedia bífida, M. Núñez Singala.

B.- Lecturas voluntarias

- No centro do labirinto, Agustín Fernández Paz

- Anxos en tempos de choiva, Miguel Vázquez Freire

- Rebeldes, S. H. Hinton




- Exogamia 0.3, Ramón Caride
- Diario dun xove maniático, A. Macfarlane e Ann McPerson
- Investigación 091, Pepe Carballude.
- Asústate Merche, Fina Casalderrey.
- Quen matou a Inmaculada de Silva, Marina Mayoral
- Guía para xoves maniáticos, Aidan Macfarlane, Ann McPersON
- Trece badaladas, Suso de Toro
- A chave das noces, Xavier P. Docampo
- Cartas de inverno, Agustín Fernández Paz
- Leonel, Antón Cortizas
- A paixón de Alexandra, Xulio Ricardo Trigo
- A cova das vacas mortas, Jaureguizar
- O pintor do sombreiro de malvas, Marcos Calveiro
- María e mais eu, Miguel Gallardo (novela gráfica)
- Moda galega, María Reimóndez (poesía)
- Maquinaria, Carlos Negro (poesía)
- Calquera outro libro de lectura recomendado ou autorizado polo profesorado.

Cada obra de lectura voluntaria cualificarase ata 0,5, podendo obterse ata o máximo de 1 punto na avaliación correspondente.

Poderá facerse o control de lecturas voluntarias ata un mes antes da avaliación correspondente. Para sumar as lecturas e outras puntuacións voluntarias, cómpre ter una nota mínima de 4 puntos nos exames da materia. O sistema de avaliación das lecturas será determinado polo profesor, tendo en conta os dous aspectos básicos da oralidade e da escrita. A colaboración activa co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e a participación nos Clubs de lectura poderán sumar ata 1 punto positivo na nota da avaliación (ata 0,5 polo CL e ata 0,5 polo EDLG), de acordo coas indicacións aportadas polo profesorado coordinador.

A biblioteca do instituto é un recurso imprescindible para levar a porto este proxecto de lecturas. Fomentarase a participación do alumnado no blog da Biblioteca <https://cadernodelecturas.blogspot.com/> blog para os comentarios e valoracións persoais do alumnado participante.



CRITERIOS DE AVALIACIÓN valorarase o grao de adquisición das competencias básicas, dos contidos e a consecución dos obxectivos.

Mínimos:

1. Saber sintetizar oralmente e por escrito o sentido global de diversos tipos de textos, orais ou escritos, diferenciando as ideas principais das secundarias.
2. Participar en galego en diversas situacións comunicativas, individual ou colectivamente.
3. Elaborar diferentes tipos de textos escritos: expositivos, narrativos, descritivos, etc. con corrección.
4. Coidar a orde, claridade e presentación dos escritos. Tamén integrar as normas ortográficas, morfosintácticas e léxicas.
5. Producir textos orais e escritos relacionados cos distintos medios de comunicación e novas tecnoloxías (entrevistas, crónicas, reportaxes...).
6. Saber utilizar o vocabulario que conforma os campos léxicos vistos no curso.
7. Utilizar a lingua galega con fluidez e normalidade nos diferentes contextos comunicativos.
8. Coñecer e explicar nun texto as cuestións explicadas na clase sobre morfoloxía, sintaxe e formación de palabras.
9. Identificar e revisar a estrutura dun texto.
10. Coñecer a situación lingüística plurilingüe da península.
11. Coñecer a formación da lingua galega e as etapas da súa historia social ata o s. XX.
12. Partindo das propias ideas e experiencias, tomando como modelo as obras lidas ou traballadas na aula, producir textos de intención literaria.
13. Coñecer e recoñecer as características das principais etapas, obras e autores da literatura galega ata o ano 1900.
14. Utilizar os coñecementos literarios na comprensión e análise de textos literarios ata o ano 1900.
15. Comentar oralmente e/ou por escrito os libros de lectura obrigatoria demostrando a súa lectura.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Procedementos: ao comezo do curso farase unha proba de avaliación inicial para vermos o dominio oral e escrito da lingua galega que ten o alumnado e para podermos adoptar as medidas oportunas. Este é o conxunto de estratexias e técnicas de obtención de información, que guiará o proceso de avaliación dos alumnos/as e que responde a unha concepción xeral da avaliación asumida polo centro: observación sistemática, análises das producións do alumnado, intercambios orais cos alumnos/as, probas específicas e cuestionarios.



Instrumentos: Os instrumentos utilizados serán as probas orais e escritas e o traballo diario na aula: composicións, traducións, ditados, test, vocabulario, verbos, presentacións, diálogos, controis, etc.

Criterios: En cada avaliación o profesor/a terá en conta para a cualificación do alumno/a todas as anotacións do caderno de seguimento individual destes: chamadas, tarefas realizadas, controis, libros lidos, progresión, colaboracións co EDLG, cos CL, facendo unha media ponderada de todo (ata 50% probas escritas e orais individuais, un 10% o libro de lectura obrigatoria, un 20% a oralidade galega (exposicións orais, diálogos, dramatizacións) e un 20% o resto (composicións, traducións, ditados, test, vocabulario, verbos, presentacións, diálogos, controis, etc. Á nota resultante sumaráselle os libros voluntarios (ver plan lector) e clubs de lectura e EDLG, de constatarse a colaboración e participación nas actividades propostas.

En xuño o Departamento elaborará unha proba extraordinaria baseada só nos contidos dixitais oficiais traballados ao longo do curso. Para aprobar cómpre un 5 na proba (de 4,5 a 4,9 redondearase a 5, de 4,1 a 4,4 redondearase a 4).

O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente. A avaliación será continua, en números do 1 ao 10.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN valorarase o grao de adquisición das competencias básicas, dos contidos, estándares de aprendizaxe e a consecución dos obxectivos xerais e específicos programados.


1. Comprender a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias de textos propios dos medios de comunicación audiovisual, así como seguir e recoller resumidamente o desenvolvemento oral dunha exposición académica.

Este criterio debe permitírnos comprobar se o alumnado pode extraer a idea fundamental e mais a información relevante de crónicas, reportaxes ou entrevistas dos medios de comunicación audiovisual. Así mesmo, debe servir para constatar se dá comprendido, e recollido en resumos e esquemas que reflectan a xerarquización das ideas, textos expositivos propios do ámbito académico.

2. Identificar e contrastar o propósito comunicativo en textos escritos do ámbito público e dos medios de comunicación, así como da vida académica, analizando criticamente os seus contidos, interpretando as connotacións e mensaxes implícitas que deles se deduzan e inferindo o tema principal e os secundarios.

Comprender e seguir as instrucións que regulan a vida social e os procesos de aprendizaxe complexos.

Con este criterio perséguese comprobar se as alumnas e os alumnos identifican o tema xeral, os subtemas e o propósito comunicativo, non sempre explícito, de diferentes tipos de texto fundamentais na vida social e cultural (crónicas, entrevistas, actas, etc.) e saben distinguir e interpretar os contidos informativos e valorativos, contrastándoos con outros procedentes doutras fontes.



Realizar exposicións orais planificadas claras e áxiles de traballos e de informacións de actualidade contrastando os diferentes puntos de vista e opinións expresadas en distintos medios audiovisuais, así como participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas (simulacións, traballos colaborativos...) respectando as regras que as rexen. Adoptar o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación.

Con este criterio preténdese comprobar cal é a capacidade do alumnado para expoñer oralmente informacións de actualidade, así como traballos e informes académicos, seguindo un guión previamente elaborado e mantendo a atención do auditorio coa axuda de pausas e inflexións da voz, da linguaxe non verbal e dos medios audiovisuais e das TIC.

4. Escribir textos propios dos medios de comunicación e dos ámbitos social e académico, usando con progresiva liberdade os modelos propostos na aula. Planificar e revisar os ditos textos de maneira case autónoma para asegurar a súa coherencia, cohesión, corrección e precisión léxica.

Con este criterio búscase comprobar se a redacción das producións do alumnado se axusta ás propiedades textuais todas e se dominan as técnicas fundamentais da escrita compositiva: planificar analizando a situación comunicativa, xerando e organizando as ideas e revisar realizando sucesivas versións.

5. Consultar de maneira case autónoma textos en diferentes soportes co fin de seleccionar e analizar criticamente a información relevante para integrala nas propias producións, especialmente en traballos do ámbito académico adecuados ao nivel.

Este criterio permite valorar a capacidade do alumnado para usar con efectividade os recursos e posibilidades da biblioteca do centro, así como os medios audiovisuais e as TIC (dicionarios, buscadores, bibliotecas e enciclopedias virtuais...). Con el comprobaremos se o alumnado pode contrastar e extraer información relevante de diversas fontes e incorporalas aos seus traballos de aula recoñecendo a autoría das ideas recollidas e expresando coas propias palabras algunhas delas.


6. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar de xeito progresivamente autónomo os propios textos.

Con este criterio procúrase comprobar como se usa a reflexión sobre a lingua e as normas de uso para a mellora da comprensión e mais da composición e revisión textuais. Avalíase, sobre todo, a aprehensión do funcionamento dos mecanismos de cohesión (as familias léxicas, as referencias internas de tipo léxico, os nexos e conectores), da adecuación, da coherencia e da gramaticalidade e a súa incorporación ás propias producións, recoñecendo os erros e considerándoos parte do proceso de aprendizaxe.

7. Recoñecer, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os mecanismos da lingua, e coñecer e usar a terminoloxía lingüística adecuada.

Este criterio permitirá saber se se inducen e asimilan as formas e as regras lingüísticas a través dos usos contextualizados e, ademais, se se coñece e se usa de forma adecuada a terminoloxía necesaria para seguir as explicacións e as actividades sobre a lingua que se realizan na aula e para referirse aos coñecementos gramaticais. Avaliarase tamén a progresiva autonomía na obtención de todo tipo de información lingüística en dicionarios e outras obras de consulta.

8. Identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega anterior ao século XX; extraer os trazos principais que definen a actual situación sociolingüística de Galicia, analizando criticamente os condicionamentos da valoración e uso social do galego; utilizar a lingua galega con fluidez e



normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.

Con este criterio preténdese avaliar a comprensión das circunstancias que definen as diferentes etapas da historia social da lingua galega co fin de afirmala como propia de Galicia e entender mellor a súa situación actual. Tamén se estimará a capacidade de análise, tras un achegamento activo, do noso contexto sociolingüístico e de reflexión crítica diante dos prexuízos e mais a adopción de actitudes positivas cara ao uso normalizado da lingua.

9. Recoñecer as causas da diversidade lingüística e dos procesos sociolingüísticos.

Avalíase a través deste criterio o recoñecemento das circunstancias que actúan na conformación e evolución social das linguas, especialmente das do noso contorno.

10. Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expoñer unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e valorando a estrutura, o punto de vista e o emprego da linguaxe.

Este criterio está dirixido a coñecer a competencia lectora no ámbito literario a través da lectura persoal de obras completas axeitadas á idade


11. Utilizar os coñecementos literarios na comprensión de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente á relación co contexto, á evolución dos xéneros, formas e estilos e á funcionalidade dos recursos retóricos.

Con este criterio avalíase a comprensión e valoración de textos representativos do sistema literario, enmarcándoos nun determinado momento en relación coa evolución das formas e motivos da escrita anterior ao século XX.

12. Participar de maneira activa na creación de textos de intención estética tomando como modelo os lidos e comprendendo os recursos que se empregarán; explicar as relacións das obras co contexto histórico e literario en que aparecen e os autores máis relevantes, realizando un traballo de información e de síntese ou de resolución de problemas.

Este criterio comprobará se se comprende o fenómeno literario como una actividade comunicativa estética nun contexto histórico determinado. Avaliarase a implicación en obradoiros literarios de (re)creación a partir dos textos lidos na aula e, ademais, a realización, en soporte papel ou dixital, dun traballo persoal de síntese e tratamento da información obtida sobre períodos, movementos, autores ou obras ou a participación nun labor colectivo de resolución de problemas no campo literario.

PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL en 3º ESO: na primeira semana do curso realizarase a cada grupo unha proba oral e escrita de avaliación inicial que permita ao profesorado coñecer con maior precisión o nivel de competencias acadado, os coñecementos reais de cada alumno e detectar os posíbeis problemas que poidan existir, para solicitar a intervención doutros sectores se é necesario (titor, xefatura de estudos, departamento de orientación, familia...) e establecer unha primeira guía de actuación para corrixir estes. Comprobarase o nivel oral e escrito de cada alumno mediante unha proba sobre un texto: comprensión, expresión, ortografía e vocabulario.



A avaliación inicial consistirá nunha proba de competencia en comunicación lingüística (comprensión e expresión oral e escrita) baseada no modelo CELGA e adaptada aos cursos e á duración das sesións. A continuación indicamos as correspondencias por niveis e unha ligazón ao web lingua.gal que permite visualizar modelos:

1ºESO e 2ºESO, nivel Celga1, A2: https://www.lingua.gal/o-galego/aprendelo/celga-1/modelos-de-exame/_/contido_0027/exames-convocatoria-xuno-2017

3ºESO, nivel Celga 2, B1: https://www.lingua.gal/o-galego/aprendelo/celga-2/modelos-de-exame/_/contido_0028/exames-convocatoria-novembro-2016

4ºESO, nivel Celga 3, B2: https://www.lingua.gal/o-galego/aprendelo/celga-3/modelos-de-exame/_/contido_0011/exames-convocatoria-xuno-2017

Será de grande importancia a coordinación de todo o profesorado que imparta docencia en cada grupo co fin de tomar medidas conxuntas que faciliten o progreso do alumnado. Seguiremos, en todo caso, as directrices que establezan o Departamento de orientación, a Xefatura de estudos e a Comisión de coordinación pedagóxica.

Exemplo de rúbrica C1 páxina 5: https://www.lingua.gal/c/document_library/get_file?folderId=1647078&name=DLFE-18621.pdf


En xeral: 14 e 16 https://www.lingua.gal/c/document_library/get_file?folderId=1647069&name=DLFE-22528.pdf

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE e reforzo

As unidades didácticas dos libros do alumno amosan multitude de suxestións prácticas para dar resposta a estilos cognitivos, dominio de coñecementos, capacidades e necesidades dos alumnos considerados individualmente e como grupo. Pero esta resposta pedagóxica vese reforzada e ampliada nos libros de programación e didáctica do profesor que o noso Proxecto perfila para cada curso.

Partindo deste proxecto curricular, haberá que realizar as adaptacións necesarias para atender a diversidade do alumnado. Para iso hai que delimitar os diferentes recursos que posibilitan o tratamento da diversidade. Algúns poderían ser:

- Adaptar o material didáctico.
- Variar a metodoloxía segundo as necesidades de cada alumno e alumna.
- Propor actividades de aprendizaxe diferenciadas.
- Organizar grupos de traballo flexíbeis.
- Ampliar ou reducir bloques de contidos segundo o interese e a capacidade do alumnado.



Programas específicos para o **alumnado** repetidor e coa **materia pendente**.

Unha vez comezado o curso e enviadas as listas de alumnado repetidor e coa materia pendente procederase a habilitar as medidas correspondentes. Atenderase especialmente a este alumnado. Habilitarase un curso na AV para que o alumnado poida subir as actividades e seguir os temas teóricos.


Velaquí o programa para os exames que oportunamente sinalará as datas Xefatura de Estudos

LINGUA GALEGA E LITERATURA DE 3º ESO PENDENTE.

1ª Avaliación: Acentuación. Uso de b/v. Clases de substantivos. Xénero e número. O artigo. O pronome persoal. A cantiga de amigo. A cantiga de amor. A cantiga de escarnio e maldicir. Os xéneros menores.

2ª Avaliación: Uso de h. Uso de s/x. O verbo: regulares e irregulares. Rosalía de Castro. Eduardo Pondal.

Para aprobar a nota mínima é un 5. A nota final será a media dos exames. Se a nota final é inferior a 5 poderase realizar unha proba extraordinaria, examinándose de toda a materia do curso.



VI.- 4º CURSO DA ESO


– **OBXECTIVOS para 4º ESO**

1. Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social, cultural e académica.
2. Expresarse oralmente de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural, adoptando mediante o diálogo actitudes de respecto e de colaboración cos demais.
3. Expresarse por escrito de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural.
4. Utilizar eficazmente a lingua na actividade escolar para buscar, procesar e analizar información e mais para redactar ou expoñer textos propios do ámbito académico.
5. Utilizar criticamente e con progresiva autonomía as bibliotecas, os medios de comunicación social e as TIC para obter, interpretar, elaborar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.
6. Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e mais para escribir e falar con adecuación, coherencia e corrección.
7. Comprender as circunstancias que condicionaron a historia social da lingua galega, afirmándoa como propia de Galicia, así como as que hoxe condicionan o seu uso, de xeito que se estea en disposición de superar as que supoñen obstáculos para a súa utilización en calquera contexto e situación.
8. Coñecer e respectar a realidade plurilingüe e pluricultural do Estado español, de Europa e do mundo actual, facerse consciente da riqueza que representa e entender as situacións que provoca o contacto de linguas.
9. Analizar os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos que supoñen xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.
10. Ler con fluidez, consolidar o hábito lector e facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.
11. Comprender textos literarios utilizando os coñecementos sobre as convencións de cada xénero, os temas e motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos.
12. Aproximarse ao coñecemento do patrimonio literario e valoralo como un xeito de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos histórico-culturais.

– **Contidos, secuencia e temporalización:**

-A **METODOLOXÍA DIDÁCTICA QUE SE VAI APLICAR** deberá:

- * Fomentar a participación, a reflexión, tanto individual como grupal.
- * Operar non só sobre o concreto senón tamén sobre conceptos, ideas.
- * Fomentar a formulación de hipóteses.
- * Buscar, seleccionar e tratar a información.
- * Fomentar a confrontación clara, respectuosa dela
- * Insistir na ordenación das ideas, comparación, xerarquización.



- * Elaborar percorridos ordenados, lóxicos desde a formulación de hipóteses á comprobación dos resultados.
- * Expresar correcta, clara e ordenadamente os resultados.
- * Comprobar noutros contextos diferentes aos utilizados para o traballo.
- * Relacionar os saberes aprendidos nas distintas materias.

Estes propósitos intégranse na proposta de contidos que mostramos a continuación e que toma corpo nas unidades didácticas do libro do alumno.

Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar.


Comprensión de textos orais.

- * Comprensión de textos propios dos medios de comunicación audiovisual, con especial atención aos xéneros de carácter argumentativo (debates, faladoiros, editoriais radiofónicos...).
 - * Comprensión e análise de textos publicitarios dos medios de comunicación audiovisual, atendendo aos compoñentes verbais e non verbais da comunicación publicitaria.
 - * Comprensión de textos orais utilizados no ámbito académico, como presentacións, relatorios, intervencións en mesas redondas...
 - * Desenvolvemento de habilidades de escoita activa. Actitude de interese, de cooperación e de respecto ante as intervencións orais de quen fala diante de nós, sobre todo en debates, exposicións do profesorado ou do alumnado e mais no traballo colaborativo.
 - * Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes dos medios de comunicación, con especial atención ás procedentes da publicidade e ás mensaxes implícitas e explícitas dos textos argumentativos. Detección dos usos lingüísticos discriminatorios e mais dos prexuízos que os sustentan e procura de alternativas que se incorporen con autonomía ás propias producións.
 - * Valoración das producións orais emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
- Produción textos orais.
- * Coa axuda dos medios audiovisuais e das TIC, presentacións orais ben organizadas sobre temas de actualidade tomados dos medios de comunicación audiovisual que admitan distintos puntos de vista, diferenciando información, opinión e persuasión e inserindo a propia visión de maneira argumentada e respectuosa.
 - * Participación activa en situacións propias do ámbito académico, especialmente en autoavaliacións das tarefas realizadas e en presentacións orais, con axuda dos medios audiovisuais e das TIC, de traballos previamente elaborados.
 - * Participación activa en debates e noutras situacións de comunicación reais ou simuladas onde se expresen opinións acerca dun tema de actualidade do interese do alumnado, ofrecendo argumentos e respectando as normas que rexen a interacción oral organizada.
 - * Uso consciente dos elementos paraverbais (volume de voz, velocidade, pausas, entoación) e non verbais (xestos, movementos...) na intervención oral planificada.
 - * Valoración do diálogo como medio de resolución de conflitos, intervencións orais respectuosas con quen nos rodea e actitude de cooperación en situacións de aprendizaxe compartida. Desenvolvemento de habilidades de comunicación asertiva, en especial á hora de rexeitar peticións e propostas cando sexa conveniente.
 - * Interese por producir enunciados correctos e non interferidos desde o punto de vista fonético, fuxindo dos prexuízos que adoitan relacionarse con determinados modelos de lingua oral.

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.

Comprensión de textos escritos.

- * Comprensión de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais, como contratos ou correspondencia institucional e comercial.
- * Comprensión de textos dos medios de comunicación, atendendo especialmente aos xéneros de opinión como editoriais, columnas, cartas ao director, etc.
- * Comprensión e análise de textos publicitarios dos medios de comunicación escritos, dos elementos verbais e non verbais que se empregan neles e das súas mensaxes explícitas e implícitas.
- * Comprensión de textos do ámbito académico, como os procedentes de dicionarios, glosarios, enciclopedias e outras fontes de información en diversos soportes, incluíndo fragmentos de ensaios.
- * Detección do tema e dos subtemas dun texto argumentativo, análise dos argumentos e elaboración de esquemas que reflectan que se captou a súa mensaxe principal e a súa estrutura.
- * Utilización autónoma da biblioteca e das TIC para obter, organizar e seleccionar a información.



* Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación, con especial atención ás procedentes da publicidade e dos xéneros de opinión nos medios de comunicación. Detección dos usos lingüísticos discriminatorios, dos prexuízos que os sustentan e procura de alternativas que se incorporen con autonomía ás propias producións.

* Lectura en voz alta adecuada aos patróns fonéticos do galego (entoación, fonética sintáctica...) e fluidez lectora que favoreza a comprensión dos textos traballados na aula.

Producción de textos escritos.

* Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais, como intervencións en foros e blogs, curricula vitae, reclamacións e solicitudes, etc.

* Composición de textos propios dos medios de comunicación en soporte papel ou dixital, como cartas ao director, editoriais, artigos de opinión, columnas, etc.

* Composición, en soporte papel e dixital, de textos, sobre todo expositivos e argumentativos, propios do ámbito académico e elaborados a partir de información obtida en distintas fontes. Redacción de proxectos e de informes sobre tarefas e sobre aprendizaxes.

* Planificación, revisión e boa presentación dos textos escritos, con respecto polas normas gramaticais e ortográficas e mais con adecuación á temática, fins, destinatarios, soporte... de cada escrito.

* Uso das TIC para elaborar textos escritos ben presentados e correctos, aproveitando as posibilidades dos procesadores de textos, correctores ortográficos, etc.

Bloque 3. Funcionamento da lingua.

* Revisión da adecuación de textos alleos e propios, con especial atención ás formas de expresión da subxectividade e ao enfoque do tema, sobre todo en exposicións e argumentacións.

* Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os de causa e consecuencia, os de condición e hipótese e os conclusivos, e mais dos mecanismos de cohesión textual como a referencia interna de tipo léxico, sobre todo as metáforas, metonimias, paráfrases e comodíns.

* Recoñecemento das principais regras de combinación impostas polos verbos en función dos seus argumentos e revisión das conseguíntes estruturas sintácticas e os tipos de oración segundo a natureza do predicado, aplicándoas na construción e revisión de textos; emprego dunha terminoloxía sintáctica apropiada.

* Uso dun léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos identificados nos textos traballados na aula.

* Identificación e revisión da estrutura do texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión temáticas en diferentes textos argumentativos, alleos e propios.

* Uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica, así como das normas ortográficas, con aprecio dos seus valores funcionais e sociais.

* Reflexión básica acerca daqueles aspectos da fonética e da fonoloxía do galego onde poidan producirse interferencias (apertura das vogais de grao medio, n velar, entoación...), exposición a modelos positivos e práctica.

* Uso de estratexias de autoavaliación e autocorrección, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe.

* Interpretación e aproveitamento das informacións lingüísticas que ofrecen os dicionarios e as obras de consulta, especialmente sobre cuestións de uso (semántico e sintáctico) e de normativa.

Bloque 4. Lingua e sociedade.

* Coñecemento xeral da situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español, con manexo e interpretación de gráficos, táboas, textos e información dos medios e tecnoloxías da comunicación, valorando positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.

* Coñecemento xeral das distintas etapas da historia social da lingua galega desde comezos do século XX, con manexo e interpretación de textos e información dos medios e tecnoloxías da comunicación. Análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.

* Comprensión da situación sociolingüística de Galicia a través da revisión da presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos e dos factores de normalización, desenvolvendo proxectos de traballo, con emprego dos medios e tecnoloxías da información, que permitan enfrontar e superar prexuízos lingüísticos.

* Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega, afirmando o plurilingüismo.

* Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega e da función da lingua estándar.

Bloque 5. Educación literaria.

* Selección e lectura autónoma de obras fundamentais da literatura galega desde comezos do século XX ata a actualidade adecuadas á idade. Recoñecer o papel dos personaxes femininos nestas obras.

* Lectura expresiva e comprensiva e audición de textos poéticos recitados ou cantados das distintas etapas da literatura galega desde o 1900, entendendo e apreciando os recursos empregados, sobre todo os que manifestan as innovacións dos principais movementos, grupos ou autoras e autores.

* Lectura expresiva e comprensiva e audición de textos da narrativa galega dos séculos XX e XXI, comentando os seus trazos e en especial a incorporación, por parte de certos grupos e autores/as, das novas visións do mundo e das técnicas modernas.

* Lectura dramatizada e comprensiva e mais visionamento de fragmentos ou breves obras teatrais galegas dos séculos XX e XXI, recollendo as diversas intencións e formas e resaltando as innovadoras.

* Desenvolvemento de tarefas colectivas sobre as lecturas e o seu contexto entendendo o influxo determinante das circunstancias históricas e da situación sociolingüística na



evolución do sistema literario galego.

* Creación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.

* Aproveitamento practicamente autónomo dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais.

Libro de Texto. Non hai libro impreso oficial. Utilizaranse os libros dixitais e demais materiais didácticos existentes na plataforma Edixgal e outras fontes que o profesorado con docencia neste nivel educativo indicará ao seu alumnado na aula.

-Temporalización dos contidos

***1º trimestre.** Literatura no tempo das Irmandades, Nós, Castelao e Literatura de vangarda. Unidades lingüísticas, fonética, a frase. O galego no 1º terzo do XX.. Variedades da lingua. Propiedades textuais 1. Morfoloxía e ortografía.

***2º trimestre:** Narrativa de posguerra: Blanco Amor, Cunqueiro e Fole. Poesía de posguerra 1. Morfoloxía e ortografía. A lingua galega e as leis. Propiedades textuais 2.

***3º Trimestre:** Poesía de posguerra 2. Literatura actual: narrativa, poesía, teatro, dixital. Oracións, complementos do verbo, oración composta. Prezúzos lingüísticos. Variedades lingüísticas. Propiedades textuais 3.

Non obstante, o profesorado poderá alterar esta orde se o considera conveniente para o mellor desenvolvemento das aulas.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS: o citado libro de texto, cartafol de alumno, libros de lectura e materiais tic dentro da posible utilización da aula de tics, aula de vídeo, paraninfo, biblioteca, a aula virtual, etc.

PLAN LECTOR.

Haberá tres obras de lectura obrigatoria para todo o alumnado como complemento ás unidades do curso e respondendo á necesidade de ler obras completas de literatura.

1.- Os dous de sempre ou Os vellos non deben de namorarse de A.D. R. Castelao.
2.- Memorias dun neno labrego , Xosé Neira Vilas
3.- Made in Galiza , Sechu Sende




Atendendo ao obxectivo citado de lograr criterios persoais na selección de lecturas, o profesorado poderá ter en conta en cada avaliación as lecturas voluntarias que efectuou o alumno, sempre que fose baixo a súa dirección e demostrando logo o alumno a comprensión e lectura da/a obra/s.

Cada obra de lectura voluntaria cualificarase ata 0,5, podendo obterse ata o máximo de 1 punto na avaliación correspondente. Poderán avaliarse lecturas voluntarias ata un mes antes da avaliación correspondente. Para sumar as lecturas e outras puntuacións voluntarias, cómpre ter una nota mínima de 3 puntos nos exames da materia. O sistema de avaliación da lectura voluntaria será determinado polo profesor.

Para premiar as actitudes, a colaboración activa co **Equipo de Dinamización da Lingua Galega** e a participación nos **Clubs de lectura** poderán sumar ata 1 punto positivo na nota da avaliación (ata 0,5 polo CL e ata 0,5 polo EDLG), de acordo coas indicacións do profesorado coordinador.

VOLUNTARIOS

- **Os escaravellos voan á tardiña**, María Gripe
- **A ciencia no punto de Mira**, Xorxe Mira
- **Cantares Gallegos**, Rosalía de Castro
- **As sete mortes**, Carlos Vila Sexto
- **Cartas de amor**, Fran Alonso
- **Anagnórise**, M^a. Victoria Moreno
- **Aires da miña terra**, M. Curros Enríquez
- **Á lus do candil**, Ánxel Fole
- **Camposanto**, Fátima Peón Torres
- **Poetízate**, Fran Alonso
- **A cabeza de Medusa**, Marilar Aleixandre
- **A compañía clandestina de contrapublicidade**, Marilar Aleixandre
- **As mans do medo**, Xosé Miranda
- **Un nome de Dicionario**, Amèlie Nothomb,
- **A neve interminable**, Agustín Fernández Paz
- **Irmán do vento**, Manuel Lourenzo González
- **Flor de area**, Manuel Lourenzo González
- **Xan do arrabaldo**, Fontoira Surís
- **O diario vermello de Carlota**, Gemma Lienas
- **O diario vermello de Flanagan**, Andreu Martín, Jaume Ribera
- **Peaxes**, Santiago Lopo.



- **Recinto gris**, Leticia Costas.
- **Iridium**, Francisco Castro.
- **Xa non estou aquí**, Iria Misa.
- **Masculino singular**, Carlos Negro (poesía)
- **Street points**, Fran Alonso (poesía)
- **Maus**, Spiegelman (novela gráfica)
- **Nómades**, Xosé Tomás (novela gráfica)

- Calquera outro libro de lectura recomendado ou autorizado polo profesorado.


Para premiar as actitudes, a colaboración activa co **Grupo de Dinamización Lingüística** e a participación nos **Clubs de lectura** poderán supoñer ata un punto positivo na nota da avaliación, de acordo coas indicacións do profesorado coordinador.

Criterios de avaliación: valorarase o grao de adquisición das competencias básicas, dos contidos e a consecución dos obxectivos

Mínimos:

92. Comprender e identificar a intención comunicativa, o tema, a idea principal e as secundarias, a tese e os argumentos de textos de diferentes ámbitos.
93. Utilizar a lingua galega con fluidez e normalidade nos diferentes contextos comunicativos
94. Producir textos de intención literaria e doutros tipos (propios da vida cotiá e das relacións sociais –intervencións en foros e blog, currícula vitae, reclamacións...-, dos medios de comunicación –editoriais, artigos de opinión...-, etc).
95. Coidar a orde, claridade e presentación dos escritos. Tamén integrar as normas ortográficas, morfosintácticas e léxicas.
96. Saber utilizar o vocabulario que conforma os campos léxicos vistos no curso.
97. Saber analizar sintacticamente e de acordo co nivel do libro de texto os textos propostos, usando a terminoloxía lingüística adecuada.
98. Saber expoñer claramente as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega; tamén da actual situación sociolingüística de Galicia, analizando criticamente os condicionamentos da valoración e uso social do galego
99. Recoñecer e saber explicar as principais variedades xeográficas do galego.
100. Utilizar os coñecementos adquiridos na comprensión e análise de textos literarios do século XX e XXI.
101. Explicar as relacións das obras co contexto histórico e literario en que aparecen e os autores máis relevantes, realizando un traballo de información e de síntese ou de resolución de problemas (séculos XX e XXI).
102. Ler as obras literarias marcadas, expondo unha opinión argumentada sobre a lectura.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN



Procedementos: ao comezo do curso farase unha **proba de avaliación inicial** para vermos o dominio oral e escrito da lingua galega que ten o alumnado e para podermos adoptar as medidas oportunas. Alén da avaliación inicial, outros procedementos utilizados na aula serán: observación sistemática, análises das producións dos alumnos, intercambios orais cos alumnos, probas específicas e cuestionarios.

Instrumentos: os instrumentos utilizados serán as probas orais e escritas e o traballo diario na aula (o profesor poderá solicitar o caderno ao alumno): composicións, traducións, ditados, test, vocabulario, verbos, presentacións, diálogos, controis etc

Criterios: en cada avaliación o profesor/a terá en conta para a cualificación do alumno/a todas as anotacións do caderno de seguimento individual do alumnado: chamadas, tarefas realizadas, controis, libros lidos, progresión, actitudes positivas e negativas facendo unha media ponderada de todo (ata 50% probas escritas e orais individúaise, un 10% o libro de lectura obrigatoria, un 20% a oralidade galega (exposicións orais, diálogos, dramatizacións) e un 20% o resto (composicións, traducións, ditados, test, vocabulario, verbos, presentacións, diálogos, controis, etc. Á nota resultante sumaráselle os libros voluntarios (ver plan lector) e clubs de lectura e EDLG, se o/a alumno/a é merecente .


Na **convocatoria extraordinaria** o Departamento elaborará unha proba baseada só no libro de texto oficial. Para aprobar cómpre un 5 na proba (de 4,5 a 4,9 redondearase a 5, de 4,1 a 4,4 redondearase a 4).

O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente. A avaliación será continua, en números do 1 ao 10.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Procedementos: ao comezo do curso farase unha **proba de avaliación inicial** para vermos o dominio oral e escrito da lingua galega que ten o alumnado e para podermos adoptar as medidas oportunas. Este é o conxunto de estratexias e técnicas de obtención de información, que guiará o proceso de avaliación dos alumnos/as e que responde a unha concepción xeral da avaliación asumida polo centro: **observación sistemática, análises das producións dos alumnos, intercambios orais cos alumnos, probas específicas e cuestionarios.**

A avaliación inicial consistirá nunha proba de competencia en comunicación lingüística (comprensión e expresión oral e escrita) baseada no modelo CELGA e adaptada aos cursos e á duración das sesións. A continuación indicamos as correspondencias por niveis e unha ligazón ao web lingua.gal que permite visualizar modelos:



1ºESO e 2ºESO, nivel Celga1, A2: https://www.lingua.gal/o-galego/aprendelo/celga-1/modelos-de-exame/_/contido_0027/exames-convocatoria-xuno-2017

3ºESO, nivel Celga 2, B1: https://www.lingua.gal/o-galego/aprendelo/celga-2/modelos-de-exame/_/contido_0028/exames-convocatoria-novembro-2016

4ºESO, nivel Celga 3, B2: https://www.lingua.gal/o-galego/aprendelo/celga-3/modelos-de-exame/_/contido_0011/exames-convocatoria-xuno-2017

Será de grande importancia a coordinación de todo o profesorado que imparta docencia en cada grupo co fin de tomar medidas conxuntas que faciliten o progreso do alumnado. Seguiremos, en todo caso, as directrices que establezan o Departamento de orientación, a Xefatura de estudos e a Comisión de coordinación pedagóxica.

Exemplo de rúbrica C1 páxina 5: https://www.lingua.gal/c/document_library/get_file?folderId=1647078&name=DLFE-18621.pdf

En xeral: 14 e 16 https://www.lingua.gal/c/document_library/get_file?folderId=1647069&name=DLFE-22528.pdf

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE e recuperación.

As unidades didácticas dos libros do alumno amosan multitude de suxestións prácticas para dar resposta a estilos cognitivos, dominio de coñecementos, capacidades e necesidades dos alumnos considerados individualmente e como grupo. Pero esta resposta pedagóxica vese reforzada e ampliada nos libros de programación e didáctica do profesor que o noso Proxecto perfila para cada curso.

Partindo deste proxecto curricular, haberá que realizar as adaptacións necesarias para atender a diversidade do alumnado. Para iso hai que delimitar os diferentes recursos que posibilitan o tratamento da diversidade. Algúns poderían ser:

- Adaptar o material didáctico.
- Variar a metodoloxía segundo as necesidades de cada alumno e alumna.
- Propor actividades de aprendizaxe diferenciadas.
- Organizar grupos de traballo flexíbeis.
- Ampliar ou reducir bloques de contidos segundo o interese e a capacidade do alumnado.


Programas específicos para o **alumnado** repetidor e coa **materia pendente**.



Unha vez comezado o curso e enviadas as listas de alumnado repetidor e coa materia pendente procederase a habilitar as medidas correspondentes. Atenderase especialmente a este alumnado. Sempre que sexa posible asistirán ás clases de reforzo **só temos unha hora semanal**), cando non encargarse o profesor que lle imparte a materia do curso actual.

Alumnado coa materia pendente de cursos anteriores (xa figura en cada curso o programa)

Alumnado coa **materia pendente: non hai en 4º ESO.**



VII.- Accións de contribución ao plan TIC na ESO.

En primeiro e segundo da ESO seguiremos o plan Abalar. O coordinador é profesor deste Departamento.

Dous profesores do Departamento teñen horas para a atención ao mantemento dos ordenadores do Instituto.

En terceiro e cuarto non podemos facer máis que actividades voluntarias xa que a maioría do alumnado non ten acceso a aulas con ordenadores que poidan utilizar.

Estas actividades xiran arredor de:

-Utilización en colaboración coa Biblioteca dos blogs sinalados en cada curso.

-Utilización da Aula Virtual voluntariamente cando sexa posible.

-Colaboración co equipo TICS e coa Biblioteca en todas as actividades que nos suxiran. Estamos dispostos no Departamento sempre a todas as indicacións do profesorado encargado das TICS que todos os anos traballan con grande mérito e esforzo.

-Todos os libros de texto da materia fan fincapé nas TICS polo que se incidirá nestes apartados aínda que non se poidan practicar.

VIII. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES na ESO

Estas actividades non son avaliadas nin forman parte do currículo do alumno

Resulta imposible nestes momentos especificar que actividades se van realizar neste curso. Impídeno os imponderables que poidan xurdir: Necesidades pedagóxicas, dispoñibilidade de horarios, de profesores acompañantes, de medios de transporte, da oferta de actos culturais.....No momento en que se poida realizar algún tipo de previsión comunicarémolo ao Consello Escolar para a súa debida autorización.

Así e todo manifestamos que o Departamento intentará organizar algunha actividade extraescolar e que intentaremos colaborar coa Vicedirección do Centro nas actividades xerais propostas que nos afecten; ademais de colaborar coa Biblioteca e o ENL como xa se fixo nos anos anteriores. Pensamos nas visitas teatrais, nas visitas a exposicións, etc.


En todas as actividades que requiran saír do centro pediremos permiso por escrito aos pais ou titores ademais de solicitar a aprobación do Equipo directivo.

Previsto:

-Visitas de escritores ao centro

-Visitas ao Museo de Pontevedra


- Algunha visita de algún grupo en particular



BACHARELATO

I.- Orientacións metodolóxicas no Bacharelato.

1. A sociedade actual, en que se insire o noso alumnado, require das súas cidadás e dos seus cidadáns a capacidade de enfrontarse a unha gran cantidade de información. Por este motivo o seu tratamento é un dos obxectivos do sistema educativo. Este reto concrétese na necesidade de integrar o manexo de diversos soportes e fontes, utilizando tanto medios audiovisuais coma informáticos, enfrontando o alumnado coa tarefa de busca, selección, análise e interpretación da información, así como no desenvolvemento da capacidade crítica con respecto a ela. A **biblioteca** do centro móstrase así como un recurso cun alto valor dentro da comunidade educativa que deberemos ter en conta á hora de programar as nosas actividades docentes.
2. Débese ter en conta igualmente a necesidade de traballar coas catro destrezas básicas dun xeito integrado, ben que é aconsellable nesta etapa darlles prioridade a aquelas que se detecten como as máis deficitarias para o noso alumnado dependendo do contexto.
3. As materias lingüísticas, en xeral, contribúen de forma importante ao desenvolvemento e aprendizaxe do currículo por canto que son instrumentos de comunicación, soporte básico do coñecemento, vehículo para as relacións sociais e para a expresión emocional.
4. Neste sentido, para desenvolver o currículo da materia de lingua galega e literatura, propóñense as seguintes orientacións metodolóxicas:
 - Adoptar un enfoque comunicativo no ensino e aprendizaxe da lingua, que faga do texto a unidade comunicativa fundamental e que favoreza o emprego do idioma en distintas funcións e contextos de uso. Por tanto, as habilidades e estratexias lingüísticas deben ser obxecto de especial atención sen por iso desdeñar a reflexión e o coñecemento do código lingüístico.
 - Proporcionar e traballar con textos de distinta natureza, especialmente expositivos e argumentativos.
 - Promover a utilización da diversidade de fontes e recursos para a obtención da información. A busca guiada desta tanto na biblioteca coma na internet ou noutros medios, así como a composición de textos utilizando distintos soportes.
 - Propiciar, non só actividades individuais, senón tamén grupais, que favorezan o intercambio respectuoso de ideas, o discurso




argumentativo e o espírito crítico e cooperativo.

- Lectura, interpretación e valoración de obras literarias.

- Creación de dinámicas que impliquen o alumnado e o leven á participación na planificación e avaliación das súas actividades.

- Ofrecer actividades abertas que impliquen a busca, selección e tratamento da información, a posibilidade de tomar decisións e emitir opinións sobre diferentes cuestións de forma crítica.



ÍNDICE

1. Obxectivos xerais do Bacharelato.
2. Obxectivos xerais para a Lingua Galega e Literatura
3. Secuenciación de contidos.
4. Como contribúe a materia á consecución das competencias.
5. Metodoloxía.
6. Medidas para a inclusión e a atención á diversidade.
7. Contidos e secuenciación.
8. Plan lector.
9. Criterios de avaliación.
- 10.** Mínimos esixidos.
- 11.** Procedementos e instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.
- 12.** Atención á diversidade e reforzo.
- 13.** Actividades para alumnado coa materia pendente.
- 14.** Cadro de descritores.
- 15.** Anexo de ferramentas de avaliación.
- 16.** Anexo de ferramentas para o tratamento da diversidade.



OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO

No marco da LOMCE, o Bacharelato ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos e habilidades que os facultan para desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará o alumnado para acceder á educación superior.


O Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permiten:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos



valores da Constitución española así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e a galega.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e a mellora do seu ámbito social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.



OBXECTIVOS XERAIS PARA A MATERIA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

A LOMCE, segundo o Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, establece os seguintes obxectivos xerais para a Lingua Galega e Literatura:

«A materia Lingua Galega e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe tamén achegar as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoriamente en calquera situación comunicativa da vida familiar, social e profesional. Eses coñecementos son os que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por un lado, e de comprensión e expresión escrita por outro. A estruturación do pensamento do ser humano faise a través da linguaxe, de aí que esa capacidade de comprender e de expresarse sexa o mellor e o máis eficaz instrumento de aprendizaxe».

»A finalidade da reflexión lingüística é o coñecemento progresivo da propia lingua, que se produce cando o alumnado percibe o uso de diferentes formas lingüísticas para diversas funcións e cando analiza as súas propias producións e as dos que o rodean para comprendelas, avalialas e, no seu caso, corrixilas. A reflexión literaria a través da lectura, comprensión e interpretación de textos significativos favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos estudantes, dálles acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas e enfróntaos a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos.

»Os elementos de Lingua Galega e Literatura supoñen unha progresión respecto aos saberes e habilidades adquiridos desde o inicio da vida escolar. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da lingua artículase ao redor dun eixe que é o uso social da lingua en diferentes ámbitos: privados e públicos, familiares e escolares. A materia céntrase na aprendizaxe das destrezas discursivas que poden darse en diversos ámbitos: o das relacións persoais, o académico, o social e o dos medios de comunicación, cuxo dominio require procedementos e coñecementos explícitos acerca do funcionamento da linguaxe en todas as súas dimensións, tanto relativos aos elementos formais como ás normas sociolingüísticas que presiden os intercambios.


»A lectura de textos diversos e a súa comprensión contribúe á adquisición de destrezas comunicativas».

A lei establece a adquisición das destrezas básicas que debe manexar o alumnado para ampliar a súa capacidade de comprensión e expresión oral e escrita e a súa educación literaria a través de catro bloques de contidos cuxos obxectivos específicos resumimos aquí:

Comunicación oral: escoitar e falar

- Adquirir habilidades para comunicar con precisión as ideas propias.
- Realizar discursos elaborados e adecuados á situación comunicativa.
- Escoitar os demais e interpretar correctamente as súas ideas.

Comunicación escrita: ler e escribir



- Aplicar estratexias de lectura para achegarse a textos con diferentes graos de complexidade.
- Entender textos de diversos xéneros.
- Recoñecer as ideas explícitas e implícitas dos textos.
- Desenvolver o pensamento crítico e creativo.
- Seguir un método estruturado no traballo escrito: planificación, creación de borradores, revisión e redacción.
- Escribir textos coherentes e adecuados.


Coñecemento da lingua

- Utilizar os mecanismos lingüísticos como base para un uso correcto da lingua.
- Interiorizar e usar adecuadamente as regras ortográficas e gramaticais.
- Reflexionar sobre as palabras, o seu uso e os seus valores significativos e expresivos dentro dun discurso, dun texto e dunha oración.
- Recoñecer as relacións gramaticais entre as palabras e os grupos de palabras dentro do texto.
- Afondar nas relacións textuais que fundamentan o discurso.
- Reflexionar sobre as variedades lingüísticas da lingua.

Educación literaria

- Formarse como lectores cultos e competentes.
- Ler, comprender e interpretar os textos literarios máis representativos da literatura galega.
- Achegarse aos xéneros literarios.
- Establecer as relacións entre o contexto sociocultural e a obra literaria.
- Desenvolver o gusto pola lectura de obras da literatura galega e universal.
- Desenvolver o gusto pola lectura de obras en xeral e de obras da literatura galega e universal de todos os tempos.

Por último, a lei conclúe que a materia Lingua galega e Literatura, «persegue o obxectivo último de crear cidadáns conscientes e interesados no desenvolvemento e na mellora da súa competencia comunicativa, capaces de interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo e de formar as súas propias opinións a través da lectura crítica das obras literarias máis importantes de todos os tempos».



1. XENERALIDADES

O desenvolvemento dos contidos no presente proxecto de Lingua Galega e Literatura de 1.º de Bacharelato segue as directrices establecidas na actualidade polas administracións educativas.

Ao longo das quince unidades das que se compón o libro do alumnado, distribúense os distintos contidos da área de Lingua Galega e Literatura que abranguen tres campos que permiten ao alumnado adquirir as destrezas básicas para adquirir a competencia comunicativa: o coñecemento da lingua, a variedade dos discursos e o tratamento da información, e o discurso literario.

As unidades 1 e 2 inciden nas características dos textos (adecuación, coherencia e cohesión) e no estudo de todas aquelas variedades textuais, tanto orais coma escritas, que poden ser de utilidade para os estudantes na súa vida cotiá. O coñecemento da lingua segue no libro coas unidades 3 a 7 dedicadas aos conceptos fundamentais da morfoloxía: o substantivo e o adxectivo, o pronome persoal, os determinantes e outros pronomes, o verbo e o adverbio, as preposicións e as conxuncións. As unidades 8 e 9 dedícanse ao estudo da Historia da Lingua, desde os seus inicios ata a actualidade; a unidade 10 céntrase no estudo da variación e a diversidade lingüística. Estas unidades de Lingua complementáanse cunhas Actividades de repaso, que se desenvolven nunha páxina e teñen como obxectivo reforzar os contidos estudados a partir de actividades relacionadas cun texto.

A unidade 11 introduce os contidos de Literatura cunha unha visión histórica das producións máis significativas do noso acervo literario, desde a Idade Media ata o século XIX. En cada época estúdanse os xéneros e os autores máis representativos, de cuxas principais obras se extractan fragmentos sobre os que consideran actividades diversas. Préstaselle especial atención á literatura galega medieval e aos autores do Rexurdimento.

Cada unha das unidades do libro introdúcese cunha interesante lectura cuxo contido garda relación co que se vai explicar e a traballar e en relación ao cal se lles formulan aos estudantes unhas preguntas. Non ten outro obxecto que predispónelo positivamente cara ao estudo do tema e activar os coñecementos previos que sobre el ha de ter.

Comúns tamén a todas as unidades do libro é o resumo da unidade que recolle as ideas principais tratadas dos contidos propios de Lingua e de Literatura.

Como colofón a cada tema do libro, insírese un apartado dedicado á análise de textos, que desenvolve a capacidade de comprensión, de estruturación, de contextualización e de expresión de ideas. Propóñense todo tipo de textos no caso das unidades de Lingua, e especificamente literarios nas de Literatura sobre os que se realiza un comentario guiado e progresivo en canto á extensión e a dificultade ao longo das unidades, con preguntas e suxestións que abordan a comprensión do texto, a súa estrutura, a análise lingüística e o comentario crítico.



2. SECUENCIACIÓN POR UNIDADES

Unidade 1. Comunicación e linguaxe

1. A comunicación
2. A linguaxe humana
3. Elementos do acto comunicativo
4. O contorno da comunicación
5. Ruído e redundancia
6. A intención comunicativa
7. Os signos

Repaso da unidade.

Comentario de textos: A lectura e a comprensión do texto²⁴

Unidade 2. Tipoloxía textual

1. Comunicación oral e escrita
2. Tipoloxía textual
3. O texto dialogado
4. O texto descritivo
5. O texto narrativo
6. O texto expositivo
7. O texto argumentativo
8. As propiedades textuais

Repaso da unidade


Comentario de textos: O resumo

Unidade 3. O substantivo e o adxectivo

1. O substantivo
2. O adxectivo cualificativo

Repaso da unidade

Comentario de textos: O título e o tema.



Unidade 4. O pronome persoal

1. Definición, morfoloxía e funcións
2. Serie tónica
3. Serie átona

Repaso da unidade

Comentario de textos: O esquema

Unidade 5. Os determinantes e outros pronomes

1. O artigo
2. Os demostrativos
3. Os posesivos
4. Os relativos
5. Os interrogativos e os exclamativos
6. Os numerais
7. Os indefinidos

Repaso da unidade

Comentario de textos: A estrutura


Unidade 6. O verbo

1. Definición e estrutura
2. As categorías verbais
3. O sistema verbal do galego
4. Algúns valores dos modos e dos tempos
5. Formas nominais ou amodo-temporais
6. As perífrases verbais

Repaso da unidade

Comentario de textos: O comentario crítico: obxectivo e fases

Unidade 7. O adverbio, as preposicións e as conxuncións



1. O adverbio

2. As preposicións

3. As conxuncións

Repaso da unidade.

Comentario de textos: O comentario crítico: introdución

Unidade 8. Historia da lingua: ata o século VIII

1. Formación da lingua galega

2. O período prerromano

3. A romanización

4. Do latín vulgar ao galego portugués

5. Formación histórica do léxico galego

Repaso da unidade.

Comentario de textos: O comentario crítico: o corpo argumentativo

Unidade 9. Historia da lingua: séculos IX a XIX

1. A Baixa Idade Media: galego antigo

2. A Idade Moderna: galego medio

3. A Idade Contemporánea: galego moderno

Repaso da unidade

Comentario de textos: O comentario crítico: conclusión

Unidade 10. A variación e a diversidade lingüística

1. Introducción

2. A variación intralingüística


3. A diversidade lingüística

4. A realidade plurilingüe da Península

Repaso da unidade

Comentario de textos: O comentario crítico: finalidade

Unidade 11. A literatura galega medieval



1. Periodización da literatura galega
 2. Contexto da literatura galega medieval
 3. A lírica medieval galego-portuguesa
 4. A lírica profana
 5. A cantiga de amigo
- Repaso da unidade
Lecturas guiadas
Comentario de textos: Os textos poéticos

Unidade 12. A literatura galega medieval

1. A cantiga de amor
 2. Cantigas de escarnio e maldicir
 3. Xéneros menores da lírica profana.
 4. A lírica relixiosa: *Cantigas de Santa María*
 5. Decadencia da lírica galego-portuguesa
 6. A prosa literaria medieval
- Repaso da unidade
Lecturas guiadas
Comentario de textos: Os textos poéticos: a estrutura

Unidade 13. Dos Séculos Escuros ao prerrexurdimento

1. Os Séculos Escuros
 2. A literatura popular
 3. O prerrexurdimento
- Repaso da unidade
Lecturas guiadas
Comentario de textos: Os textos poéticos: conclusión

Unidade 14. Rexurdimento: Rosalía de Castro



1. Caracterización e delimitación do Rexurdimento
2. As causas do Rexurdimento: o galeguismo
3. Os protagonistas do Rexurdimento
4. Rosalía de Castro

Repaso da unidade

Lecturas guiadas .

Comentario de textos: Os textos dramáticos

Unidade 15. Rexurdimento: Eduardo Pondal e Curros Enríquez


1. Eduardo Pondal
2. Manuel Curros Enríquez
3. Outros escritores. A prosa
4. A literatura entre dous séculos: Antonio Noriega Varela e Ramón Cabanillas

Repaso da unidade

Lecturas guiadas

Comentario de textos: Os textos dramáticos

TRATARASE DE REALIZAR UN ESTUDO EQUITATIVO DE UNIDADES AO LONGO DO CURSO, DE XEITO QUE A CADA PERIODO LECTIVO DAS TRES AVALIACIÓNS LLE CORRESPONDEN CINCO DAS UNIDADES ANTERIORES



COMO CONTRIBÚE A MATERIA Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS

Tal e como se describe na LOMCE, todas as áreas ou materias do currículo deben participar no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado. Estas, de acordo coas especificacións da lei, son:

- 1.º Comunicación lingüística.
- 2.º Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- 3.º Competencia dixital.
- 4.º Aprender a aprender.
- 5.º Competencias sociais e cívicas.
- 6.º Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- 7.º Conciencia e expresións culturais.


O proxecto de Lingua e Literatura de 1.º de Bacharelato pretende que os alumnos e as alumnas adquiren as habilidades necesarias para facer efectiva a comunicación no nivel persoal, académico, social e profesional. Para iso, ademais da comunicación lingüística, propia da materia e a conciencia e expresións culturais, relacionada especialmente coa literatura, en todas as unidades se desenvolven outras competencias inherentes á propia aprendizaxe como son aprender a aprender e sentida de iniciativa e espírito emprendedor, e a competencia dixital, relacionada coa busca de información.

A competencia fundamental que desenvolve é, polo tanto, a **comunicación lingüística**. A través dos contidos, lecturas e actividades propostas ao longo do libro búscase que o alumnado sexa competente en; a) a comprensión oral e a comprensión escrita mediante a escoita e a lectura de textos de diversa índole e a escoita atenta das explicacións nas situacións comunicativas da aula e b) a expresión oral e a expresión escrita mediante a elaboración de textos propios orais ou escritos cun vocabulario e unhas estruturas lingüísticas precisos e de forma coherente e adecuada a cada situación comunicativa.

As **competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** están presentes naquelas unidades nas que se traballan textos relacionados co medio e a ciencia.

A **competencia dixital** implica a utilización de medios dixitais que o alumnado de Lingua e Literatura precisará para solicitar información de dicionarios e enciclopedias e obter datos concretos sobre autores e obras, así como para ampliar os contidos ou traballar os medios de comunicación.

O carácter abstracto dunha gran parte dos contidos que se traballan en Lingua implican unha necesaria xestión dos estilos de aprendizaxe e os recursos e motivacións persoais, e un desenvolvemento das estratexias de comprensión por parte do alumnado. Así mesmo, os estudantes enfróntanse ao seguimento dunha aprendizaxe pautada e á reflexión creativa, crítica e emocional, especialmente nas análises e comentarios dos textos. Por último, a posibilidade de autoavaliar os obxectivos de aprendizaxe e de tomar conciencia dos




procesos de aprendizaxe están sempre presentes nas actividades de repaso e nos resumos das unidades. Todo iso fai que a competencia **aprender a aprender** se traballe en practicamente todos os apartados de cada unidade.

O alumnado adquire **competencias sociais e cívicas** a través do recoñecemento e o respecto da diversidade de ideas e opinións nos traballos de tipo colaborador de diálogo e debate e das vertidas, especialmente, nos ensaios e nos artigos de opinión. Por outra parte, os alumnos e as alumnas deberán establecer unha escala de valores desde a que emitir xuízos críticos e fundamentados sobre os textos. Traballarán tamén esta competencia ao valorar a riqueza cultural da realidade plurilingüe da Península Ibérica e ao establecer a relación da realidade histórica e a literatura.

O **sentido de iniciativa e espírito emprendedor** faise patente en todas as actividades do libro que requiren achega de ideas, análise sistemática, aplicación do aprendido para xerar novas posibilidades, creación de textos, elección de recursos, etc. Así, o alumnado adquire esta competencia en especial participando nas actividades motivadoras do inicio da unidade, resolvendo cuestións lingüísticas, construíndo oracións, realizando as análises de texto pautadas, creando textos propios ou achegándose aos recursos diversos que se ofrecen na web.

A materia contribúe especialmente ao fomento da apreciación cultural e a educación do gusto que desenvolve a competencia **conciencia e expresións culturais**. Por un lado, o libro ofrece unha gran cantidade de textos de tipoloxía variada e de autores recoñecidos para traballar os contidos do curso, cuxa temática, ademais, se relaciona con temas que van desde o patrimonio natural ou científico ata a interculturalidade. Por outro, a Literatura invita ao alumnado a entrar en contacto directo con obras e autores de diversos xéneros e de valor universal sobre os que se dan as pautas e os contextos para a súa mellor comprensión, o que supón un estímulo para que os estudantes se acheguen con sensibilidade e agrado ao patrimonio literario.



METODOLOXÍA

A metodoloxía didáctica en Bacharelato debe favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados de investigación e tamén debe subliñar a relación dos aspectos teóricos das materias coas súas aplicacións prácticas.

En Bacharelato, a relativa especialización das materias determina que a metodoloxía didáctica estea fortemente condicionada polo compoñente epistemolóxico de cada materia e polas esixencias do tipo de coñecemento propio de cada unha.

Ademais, a finalidade propedéutica e orientadora da etapa esixe o traballo con metodoloxías específicas e que estas comporten un importante grao de rigor científico e de desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel.

1. CRITERIOS METODOLÓXICOS


No proxecto de Lingua e Literatura de Bacharelato están presentes os seguintes criterios metodolóxicos:

- Adecuación das actividades á madurez do alumnado nesta etapa educativa.
- Diversidade de propostas e actividades que responden aos modos diferentes de aprendizaxes.
- Integración do aprendido a través da interdisciplinariedade.
- Desenvolvemento das capacidades cognitivas do alumnado.
- Organización e precisión en contidos teóricos e actividades prácticas.
- Aprendizaxe autónoma dos estudantes.
- Secuenciación pautada da aprendizaxe práctica.
- Participación activa do alumnado na aprendizaxe individual e en grupo.
- Fomento do interese pola aprendizaxe.
- Uso funcional da lingua.

2. ESTRATEXIAS E ACTIVIDADES DIDÁCTICAS


A estrutura que presenta o libro de Lingua Galega e Literatura de Bacharelato, con formulacións introdutorias para cada unidade, presentación dos contidos en apartados e subapartados diferenciados, actividades directas e focalizadas, actividades interdependentes, favorece a elección do docente das estratexias adecuadas en cada caso para que o alumnado sexa competente en comunicación lingüística segundo os obxectivos que consideran na etapa.

Entre as estratexias didácticas patentes no libro ou suxeridas nas presentacións das unidades ou nos recursos da web encóntanse a lectura; a detección de ideas previas; as explicacións sobre os contidos; as aplicacións prácticas dos saberes e as habilidades; a aplicación de técnicas de



estudo; a análise e a reflexión sobre conceptos, textos ou ideas complexas; a investigación lingüística e literaria; a construción de ideas novas e xuízos críticos.

Para levalas a cabo, ofrécense actividades de diversos tipos que responden a diferentes enfoques, formas de aprendizaxe e niveis de complexidade, individuais ou de grupo, asociadas ou non a técnicas determinadas e en función dos campos traballados da lingua e a literatura: actividades de identificación, de relación, de clasificación, de organización, de estruturación, de síntese, de análise indutiva e dedutiva, de lectura, de comentario, de escritura, de chuvia de ideas, de diálogo e debate, de reflexión, de contextualización, de busca de información, de investigación, etc.



MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN DA DIVERSIDADE

Os estudantes manifestan unha gran diversidade de intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe. Hai estudantes reflexivos (detéñense na análise dun problema) e estudantes impulsivos (responden moi rapidamente); estudantes analíticos (pasan lentamente das partes ao todo) e estudantes sintéticos (abordan o tema desde a globalidade); uns traballan durante períodos longos e outros necesitan descansos; algúns necesitan un reforzo continuo e outros non; hainos que prefiren traballar sós e hainos que prefiren traballar en pequeno ou gran grupo.

O deseño do libro de Lingua Galega e Literatura considera esa diversidade expoñendo a información de diferentes formas (textos explicativos, cadros-resumo, esquemas), utilizando os recursos que se ofrecen na rede e ofrecendo unha gran tipoloxía de actividades.

Ademais, propóñense as seguintes medidas para dar resposta á diversidade:

- Detectar as ideas previas mediante, por exemplo, diálogos na aula ou debates, que permitirán que o docente coñeza aos estudantes e eles, a si mesmos.
- Repasar as nocións estudadas con regularidade e resolver os problemas detectados.
- Realizar numerosas e diversas actividades que combinen as resolucións individuais e en pequeno e gran grupo, e a oralidade e o escrito.
- Utilizar recursos gráficos, dixitais, visionado de películas, etc.
- Usar o resumo da unidade como unha forma de autoavaliación.

7. CONTIDOS E SECUENCIACIÓN.

Contidos comúns.

- Lectura comprensiva, análise e comentario de textos de natureza diversa e cun nivel de dificultade adaptado aos obxectivos propios da etapa postobligatoria.
- Produción de textos orais e escritos respectuosos coas regras de coherencia, cohesión, adecuación, presentación e corrección ortográfica que facilitan a comunicación lingüística.
- Elaboración de exposicións orais e composicións escritas realizadas de xeito documentado e cun vocabulario rigoroso que lle proporcionen ao alumnado os rudimentos do discurso científico.
- Aplicación e respecto polas normas básicas que rexen o intercambio e a interacción comunicativa.
- Busca, obtención, selección e integración de información procedente de fontes bibliográficas e audiovisuais proporcionadas polas bibliotecas e polas tecnoloxías da información.
- Valoración da nosa lingua como elemento de identidade colectiva e consideración positiva do esforzo e o compromiso individual a prol da normalización lingüística.



-Interese pola literatura como manifestación artística do ser humano, como fonte de formación permanente e de satisfacción persoal. Reflexión e análise de obras e fragmentos de diversos períodos literarios.

Lingua e texto.


- Reflexión e comprensión dos principais conceptos de lingüística xeral que teñen que ver coa comunicación e a linguaxe: comunicación, linguaxe, lingua, unidades lingüísticas, signo lingüístico, funcionalidade lingüística e disciplinas lingüísticas.
- Reflexión sobre o concepto de rexistro lingüístico, os seus tipos e as súas manifestacións lingüísticas. Aplicación ás producións propias dos coñecementos adquiridos. Análise do rexistro en producións alleas.
- Recoñecemento da presentación e corrección ortográfica como dúas propiedades textuais que deben aplicar ás producións propias. Repaso de casos de ortografía dubidosa.
- Texto descritivo: intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas. Substantivo e adxectivo: xénero e número, o grao do adxectivo, as conxuncións comparativas.
- Texto expositivo: intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas. Outras palabras adnominais (artigo, demostrativo, posesivo, cuantificadores e identificadores). Caracterización e tipoloxía.
- Texto narrativo: intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas O verbo: a conxugación verbal regular e irregular. As perífrases verbais. O infinitivo conxugado. Descrición e usos.
- Texto argumentativo: intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas. Os conectores: preposicións e conxuncións. Caracterización e tipoloxía. As locucións prepositivas. O adverbio: caracterización e tipoloxía. As locucións adverbiais.
- Texto dialogado: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, características lingüísticas. Os pronomes: caracterización e tipos. Funcións e usos.

A sociolingüística.

- A formación da lingua galega: substrato e superestrato. O estrato latino: principais evolucións fonéticas do latín ao galego. Cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais. Familias léxicas irregulares.
- A lingua galega na Idade Media: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
- A lingua galega nos Séculos Escuros: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
- A lingua galega no Rexurdimento: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
- A diversidade lingüística no mundo e en Europa: unidade e diversidade lingüística. Multilingüismo e plurilingüismo.
- A diversidade lingüística na Península Ibérica: linguas faladas na Península Ibérica. Territorios, usos e situación legal. O caso galego.

A literatura.

- A literatura e o texto literario. Xéneros e recursos formais. Introducción á cronoloxía xeral da historia da literatura galega.
- A literatura medieval: a lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio) e a lírica relixiosa (as cantigas de Santa María). Caracterización, lectura e comentario. A prosa medieval.
- A literatura nos Séculos Escuros e na Ilustración: literatura popular e culta. Caracterización, lectura e comentario.



-A literatura no século XIX: o Prerrexurdimento. O Rexurdimento. Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Eduardo Pondal. Outros autores coetáneos.

Libro de texto: LINGUA GALEGA E LITERATURA, 1 BACHARELATO, ANAYA , 2015, ISBN 978-84-678-2805-4

Non mercar o libro ata que o indique o/a profesor/a.

1.Temporalización:

A secuenciación dos contidos seguirá un destes dous índices:

1a avaliación: Temas 1, 2, 3, 4 e 5 correspondentes ó libro de texto citado.

2a avaliación: Temas 6, 7, 8, 9 e 10

3a avaliación: Temas 11, 12, 13, 14 e 15

Primeira avaliación

Comunicación e linguaxe. Tipoloxía textual. Morfoloxía: o substantivo, o adxectivo, o pronomes persoal, os determinantes e outros pronomes.

Segunda avaliación

Morfoloxía: o verbo, o adverbio, as preposicións e as conxuncións. Historia da lingua até o século XIX.

A variación e a diversidade lingüística.

Terceira avaliación

A literatura galega medieval. Dos Séculos Escuros ao prerrexurdimento. O Rexurdimento: primeiras manifestacións literarias. Rosalía de Castro, Eduardo Pondal e Manuel Curros Enríquez. A literatura entre os séculos XIX e XX (Noriega Varela e Cabanillas).

Non obstante, o profesorado poderá alterar esta orde se o considera conveniente para o mellor desenvolvemento das aulas.

2 .Plan lector

Os libros de lectura obrigatoria son os seguintes:

1ª avaliación: “Remexido de patacas” de Eli Ríos.

2ª avaliación: “Infamia” de Leticia Costas.

3ª avaliación: “Morning Star” de Xosé Miranda.

Os libros de lectura optativa son os que seguen:



1a Avaliación

BLANCO-AMOR, Eduardo: Os biosbardos. Ed. Galaxia
P. LORENZO, Fran: Cabalos e lobos. Ed. Xerais
DÁVILA, Berta: O derradeiro libro de Emma Olsen. Ed. Galaxia. (novela ou banda deseñada)
SALINGER, J.D.: O vixía no centeo. Ed. Xerais. Fóra de xogo.

2a Avaliación

CASTELAO: Retrincos. Ed. Galaxia.
MOURE, Teresa: Unha primavera para Aldara. Ed. Xerais. (Teatro)
VILLAR, Domingo: A praia dos afogados. Ed. Galaxia.
NOTHOM, Amelie: Un nome de dicionario. Ed. Galaxia

3a Avaliación:

CUNQUEIRO, Álvaro: Os outros feirantes. Ed. Galaxia
COSTAS, Leticia: Infamia. Ed. Xerais
AMEIXERIAS, Diego: Tres segundos de memoria. Ed. Xerais.
SCOTT CARD, Orson: O xogo de Ender. Urco Editora


Calquera outra obra recomendada ou previamente autorizada polo profesorado.3. Instrumentos de avaliación e recuperación

No inicio do curso realizarase unha avaliación inicial. Esta avaliación inicial servirá ao profesorado para establecer o plan de reforzo durante o primeiro trimestre e non terá influencia nas cualificacións.

En cada avaliación realizaranse dúas probas que valerán 4 puntos cada unha. Nestas probas partirase dun modelo máis ou menos estandarizado con actividades e preguntas de ortografía, gramática, sociolingüística e literatura, correspondentes ás unidades traballadas en cada avaliación. A ortografía e a gramática avaliaranse en exercicios prácticos, con preguntas de completar, relacionar, reflexionar, explicar etc.; para a sociolingüística e a literatura utilizaranse preguntas de desenvolver un tema ou aspecto dun tema, análise de texto etc. Indicarase en cada pregunta cal será a súa puntuación. A cualificación poderá facerse sobre 10 ou sobre o valor real que acadan estas probas na avaliación, é dicir, 4; as preguntas de análise de texto obterán unha puntuación maior que poderá supoñer o dobre que cada unha das demais. A isto hai que lle sumar as cuestións referidas ao libro de lectura obrigatoria (até 1 punto); a criterio do profesorado, esta proba poderá realizarse de xeito oral realizando un coloquio entre todo o grupo ou realizando un comentario de valoración persoal sobre a lectura correspondente.

A cualificación total completárase coas notas de clase por intervencións espontáneas e a exposición oral de traballos específicos, ora individuais, ora en equipo, sobre algún aspecto do temario (até 1 punto) que se poderá avaliar mediante rúbricas ou calquera outro procedemento estimado polo docente.

Unha vez que o alumnado chegue ao 4 coa totalidade das probas anteriores pode sumar até 2 puntos de mellora por avaliación: até



1 punto pola lectura de libros voluntarios (até 0,5 cada libro). Esta tarefa será entregada un mes antes do final de cada avaliación). E até 1 punto por colaboración en proxectos do EDLG. Estas notas de mellora poden incrementarse tamén na avaliación final se se deu o caso de telas e non ter aprobada a avaliación correspondente.

Se non dá unha media de 5 entre as tres avaliacións faranse as recuperacións no exame final de finais de maio daquelas avaliacións suspensas. O alumnado que suspenda o exame final de maio deberá presentarse ao exame extraordinario de xuño , tanto neste exame como no anterior avaliaranse os contidos de lingua e gramática (5 puntos) e literatura e sociolingüística (5 puntos).

No caso de que o horario se torne non presencial, na súa totalidade, as probas escritas serán realizadas durante un tempo taxado no día e hora acordados co alumnado e coa caligrafía do/a alumno/a. A continuación, enviaranse escaneadas á profesora. Asemade, teranse en conta a entrega das tarefas semanais e demais traballos xa pormenorizados nas notas de mellora.

4. Criterios e métodos de avaliación

No que se refire especificamente ao aspecto lingüístico (ortografía, morfosintaxe, etc.) establécese que cada falta leve (tiles non diacríticos, puntuación, castelanismos...) descontará 0,05 puntos e que as faltas graves (nomes propios con minúscula, b/v, h, y, acentuación diacrítica, mala colocación dos pronomes átonos, tempos compostos) descontarán 0,1 puntos na cualificación final dos exercicios ou exames. Até o máximo de desconto de dous puntos por proba escrita.

Mínimos esixidos en xuño:

1. Dominio da morfoloxía sendo capaces de dar explicacións en certos usos especiais: valores das perífrases, uso dos infinitivos persoais e dos pronomes, etc.
2. Ortografía e expresión correctas en textos variados.
3. Recoñecemento e explicación das variedades da lingua. Comprensión dos conceptos de sociolingüística vistos no curso.
4. Responder correctamente a cuestións léxicas dun texto: significados, sinónimos, substitucións, renovación léxica. Tamén as cuestións de comprensión: resumo, esquema, tema, crítica...
5. Redactar un texto correctamente sobre un dos temas sinalados no programa ou outro calquera tema.
6. Coñecer os autores e comentar as obras máis representativas da literatura galega da Idade Media ao século XIX, establecer relacións e interpretar textos e obras.
7. Entregar dentro do prazo os traballos requeridos.
8. Lectura comprensiva dos libros de lectura obrigatoria.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE e REFORZO

As unidades didácticas dos libros do alumno amosan multitude de suxestións prácticas para dar resposta a estilos cognitivos, dominio de coñecementos, capacidades e necesidades dos alumnos considerados individualmente e como grupo. Pero esta resposta pedagóxica vese reforzada e ampliada nos libros de programación e didáctica do profesor que o noso Proxecto perfila para cada curso.



Partindo deste proxecto curricular, haberá que realizar as adaptacións necesarias para atender a diversidade do alumnado. Para iso hai que delimitar os diferentes recursos que posibilitan o tratamento da diversidade. Algúns poderían ser:

- Adaptar o material didáctico.
- Variar a metodoloxía segundo as necesidades de cada alumno e alumna.
- Propor actividades de aprendizaxe diferenciadas.
- Organizar grupos de traballo flexíbeis.
- Ampliar ou reducir bloques de contidos segundo o interese e a capacidade do alumnado.

Actividades para alumnado coa materia pendente (no 1º BAC):


Alumnado coa **materia pendente**. Atenderase especialmente a este alumnado. Habilitarase un curso na AV para que o alumnado poida subir as actividades e seguir os temas tóricos. O alumnado fará os exames marcados pola Xefatura de Estudos sobre:

<u>LINGUA GALEGA E LITERATURA DE 1º DE BACHARELATO PENDENTE</u>

1º exame. A cantiga de amigo, a cantiga de amor, a cantiga de escarnio e maldicir. O Séculos escuros. Historia do galego: das orixes ao XVIII. Substantivo e adxectivo, xénero e número. Voces patrimoniais, cultismos, semicultismos.

2º exame. Rosalía de Castro, Eduardo Pondal e Curros Enríquez. Historia do galego: do XIX á actualidade. O pronome persoal. Familias léxicas irregulares. Variación interna da lingua: variación social e situacional; rexistros lingüísticos. O verbo. Os préstamos.

Para aprobar a nota mínima é un 5. A nota final será a media dos exames. Se a nota final é inferior a 5 poderase realizar unha proba extraordinaria FINAL, examinándose de toda a materia do curso.



Bacharelato

Descritores

DESCRITORES

COMPETENCIA

INDICADORES


DESCRITORES



<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	Coidado do ámbito natural e dos seres vivos	- Interactuar co ámbito natural de xeito respectuoso. - Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible. - Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito. - Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
	Vida saudable	- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico. - Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste.
	A ciencia no día a día	- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá. - Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...). - Manexar os coñecementos sobre <i>ciencia e tecnoloxía</i>




		para solucionar problemas, comprender o que acontece ao noso redor e responder a preguntas.
	Manexo de elementos matemáticos	- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc. - Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico. - Expresarse con propiedade na linguaxe matemática.
	Razoamento lóxico e resolución de problemas	- Organizar a información utilizando procedementos matemáticos. - Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas. - Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.




<i>Comunicación lingüística</i>	Comprensión: oral e escrita	- Comprender o sentido dos textos escritos e orais. - Manter unha actitude favorable cara á lectura.
	Expresión: oral e escrita	- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia. - Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais. - Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
	Normas de comunicación	- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor... - Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.
	Comunicación noutras linguas	- Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta. - Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos.




		- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación. - Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.
<i>Competencia dixital</i>	Tecnoloxías da información	- Empregar distintas fontes para a busca de información. - Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade. - Elaborar e facer publicidade de información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
	Comunicación audiovisual	- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas. - Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
	Utilización de ferramentas dixitais	- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria. - Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.



<i>Conciencia e expresións culturais</i>	Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas	- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento. - Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural. - Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
	Expresión cultural e artística	- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos. - Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián. - Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	Educación cívica e constitucional	- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes, e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.




		- Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
	Relación cos demais	- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos. - Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos. - Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
	Compromiso social	- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores. - Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela. - Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades. - Involucrarse ou promover accións cun fin social.



<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	Autonomía persoal	- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias. - Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas. - Ser constante no traballo superando as dificultades. - Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
	Liderado	- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos. - Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos. - Darlle prioridade á consecución de obxectivos de grupo sobre intereses persoais.
	Creatividade	- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. - Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa. - Encontrar posibilidades no ámbito que outros non aprecian.



	Emprendemento	- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos. - Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas. - Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou dos proxectos. - Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
<i>Aprender a aprender</i>	Perfil de aprendiz	- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas... - Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe. - Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
	Ferramentas para estimular o pensamento	- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente... - Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos



	Planificación e avaliación da aprendizaxe	- Planificar os recursos necesarios e os pasos que hai que realizar no proceso de aprendizaxe. - Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios. - Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. - Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.
--	---	--




A avaliación debe ir enfocada a mellorar a aprendizaxe dos alumnos; para iso, é necesario diversificar as ferramentas de avaliación e programar tempos e espazos na aula.

Propoñemos aquí algunhas ferramentas destinadas á avaliación de desempeños competenciais, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe. Unhas serán para o desenvolvemento común de competencias en todas as áreas; outras, para a avaliación das aprendizaxes concretas postas en práctica nas distintas materias.

Un aspecto que se intenta potenciar dentro do marco europeo educativo é a reflexión sobre a propia práctica docente. Debe considerarse esta reflexión un proceso formativo que fortalecerá o labor docente e permitirá ao profesor ou á profesora mellorar as aprendizaxes dos alumnos e alumnas. Incluímos algunhas ferramentas de avaliación destinadas a facilitar este proceso.

Ferramentas comúns de avaliación competencial

1. Rúbrica para avaliar os apuntamentos da clase.
2. Rúbrica para avaliar a resolución individual de exercicios.
3. Rúbrica para a avaliación dun exame.
4. Rúbrica para avaliar mapas conceptuais.
5. Rúbrica para avaliar a redacción e a presentación de traballos escritos.
6. Rúbrica para avaliar a exposición oral de traballos.
7. Rúbrica para avaliar o resumo dunha lectura crítica.
8. Rúbrica para avaliar un debate



Ferramentas para o tratamento da diversidade

1. Rúbrica para avaliar o tratamento da diversidade individual.
2. Rúbrica para avaliar o tratamento da diversidade no grupo.

Ferramentas para a reflexión e a avaliación da práctica docente

1. Planificación.
2. Motivación do alumnado.
3. Desenvolvemento da ensinanza.
4. Seguimento e avaliación do proceso de ensinanza aprendizaxe.



Ferramentas comúns de avaliación competencial


1. Rúbrica para avaliar os apuntamentos da clase.
2. Rúbrica para avaliar a resolución individual de exercicios.
3. Rúbrica para a avaliación dun exame.
4. Rúbrica para avaliar mapas conceptuais.
5. Rúbrica para avaliar a redacción e a presentación de traballos escritos.
6. Rúbrica para avaliar a exposición oral de traballos.
7. Rúbrica para avaliar o resumo dunha lectura crítica.
8. Rúbrica para avaliar un debate



Nome e Apelidos: _____ Curso: _____ Data: _____

1. RÚBRICA PARA AVALIAR DOS APUNTAMENTOS DA CLASE

	EXCELENTE	MOI AVANZADO	SATISFACTORIO	BÁSICO	ESCASO
APUNTAMENTOS	Os apuntamentos están escritos, organizados e ordenados con moito coidado.	Os apuntamentos están escritos e teñen certa organización.	Os apuntamentos están escritos.	Os apuntamentos están escritos só con axuda dun compañeiro ou do profesor cando llo recorda.	Carece de apuntamentos.
CANTIDADE DE INFORMACIÓN	Ten información de todos os temas e preguntas tratados.	Ten información de todos os temas e da maioría das preguntas tratadas.	Ten información de case todos os temas e preguntas tratados.	Ten información dalgúns dos temas e preguntas tratados.	Non ten información ou esta é moi escasa.
ORGANIZACIÓN	A información está moi ben organizada con parágrafos ben redactados e con subtítulos.	A información está organizada con parágrafos ben redactados.	A información está organizada, pero os parágrafos non están ben redactados.	A información proporcionada non parece estar organizada.	A información carece de estrutura de redacción.
IDEAS RELEVANTES	A información está claramente relacionada co tema principal e proporciona varias ideas secundarias e/ou exemplos.	A información ten as ideas principais e unha ou dúas ideas secundarias.	A información ten as ideas principais pero non as secundarias.	A información ten algunha das ideas principais.	A información non ten ideas principais.
GRAMÁTICA E ORTOGRAFÍA	Non hai erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación.	Case non hai erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación.	Existen dous erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación.	Existen tres erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación.	Existen máis de tres erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación.
INFORMACIÓN GRÁFICA, DEBUXOS, ILUSTRACIÓNS, ETC.	Os diagramas e ilustracións están ben construídos, ordenados e contribúen á comprensión do tema.	Os diagramas e ilustracións están ben construídos e contribúen á comprensión do tema.	Os diagramas e ilustracións están ben construídos e, en ocasións, contribúen á comprensión do tema.	Os diagramas e ilustracións non sempre están ben construídos e non sempre contribúen á comprensión do tema.	Non ten diagramas nin ilustracións.




Nome e Apelidos: _____

Curso: _____ Data: _____

2. RÚBRICA PARA AVALIAR A RESOLUCIÓN INDIVIDUAL DE EXERCICIOS

	EXCELENTE	MOI AVANZADO	SATISFACTORIO	BÁSICO	ESCASO
NÚMERO DE EXERCICIOS RESOLTOS	Realiza o 90 % dos exercicios que se propoñen.	Realiza entre o 90 e o 80% dos exercicios que se propoñen.	Realiza entre o 80 e o 70% dos exercicios que se propoñen.	Realiza entre o 70 e o 60% dos exercicios que se propoñen.	Realiza menos do 60% dos exercicios que se propoñen.
PROCEDEMENTO E RESULTADOS DOS EXERCICIOS RESOLTOS	Desenvolve o procedemento, detállao, preséntao organizadamente e obtén o resultado correcto.	Desenvolve o procedemento, detállao, preséntao pouco organizado e obtén o resultado correcto.	Desenvolve o procedemento, detállao, non o organiza e obtén o resultado correcto.	Desenvolve o procedemento e obtén o resultado correcto.	Non desenvolve o procedemento e non obtén o resultado correcto.



Nome e Apellidos: _____

Curso: _____

Data: _____

3. RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DUN EXAME

	EXCELENTE	MOI AVANZADO	SATISFACTORIO	BÁSICO	ESCASO	
PRECISIÓN NAS RESPONSTAS	Todas as respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.	Case todas as respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.	A maioría das respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.	Poucas respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.	A maioría das respostas non desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.	
PRESENTACIÓN	Todas as respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	Case todas as respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	A maioría das respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	Poucas respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	A maioría das respostas non están presentadas con limpeza e pulcritude.	
NÚMERO DE PREGUNTAS RESPONDIDAS	Todas as preguntas están respondidas.	Respondeu polo menos o 90% das preguntas.	Respondeu polo menos o 80% das preguntas.	Respondeu polo menos o 70% das preguntas.	Respondeu menos do 70% das preguntas.	
GRAMÁTICA E ORTOGRAFÍA	Non hai erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación e o texto lese con fluidez.	Case non hai erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación e o texto lese con fluidez.	Hai dous erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación, e o texto ten algunha dificultade para entenderse.	Hai tres erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación, e o texto enténdese con dificultade.	Hai máis de tres erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación, e o texto non se entende.	




Nome e Apellidos: _____

Curso: _____

Data: _____

4. RÚBRICA PARA AVALIAR MAPAS CONCEPTUAIS

	EXCELENTE	MOI AVANZADO	SATISFACTORIO	BÁSICO	ESCASO
EXPOSICIÓN DOS ASPECTOS IMPORTANTES	Contén todos os aspectos importantes do tema ou temas, expostos de forma clara e ordenada.	Contén un 80% dos aspectos importantes do tema ou temas, expostos de forma clara e ordenada.	Contén un 75% dos aspectos importantes do tema ou temas, pero non se encontran expostos de forma clara e ordenada.	Contén un 50% dos aspectos importantes do tema ou temas, pero non se encontran expostos de forma clara e ordenada.	Contén menos dun 50% dos aspectos importantes do tema ou temas, pero non se encontran expostos de forma clara e ordenada.
PRESENTA XERARQUÍAS	Presenta todos os aspectos importantes dos contidos en xerarquías, polo menos ata un terceiro ou cuarto nivel.	Presenta un 80% dos aspectos importantes dos contidos en xerarquías, polo menos ata un terceiro ou cuarto nivel.	Só contén un 50% dos aspectos importantes dos contidos en xerarquías, polo menos ata un terceiro ou cuarto nivel.	Non contén xerarquías de terceiro nivel.	Contén xerarquías de primeiro nivel e algunhas de segundo nivel.
EXEMPLOS	Propón exemplos claros relacionados co tema e mencionados durante a explicación deste, achega algúns novos.	Propón exemplos claros relacionados co tema, e mencionados durante a explicación deste, pero non achega novos.	Propón exemplos pero non todos están relacionados co tema.	Propón exemplos non relacionados co tema.	Non propón exemplos.
TIPOS DE UNIÓN E ENLACES	Todos os conceptos que o requiren teñen unións cruzadas.	Un 80% dos conceptos que o requiren teñen unións cruzadas.	Só un 60% dos conceptos que o requiren teñen unións cruzadas.	Menos do 50% dos conceptos que o requiren teñen unións cruzadas.	Non hai unións cruzadas.
PROPOSICIÓN	As ideas principais levan proposicións.	O 80% das ideas principais levan proposicións.	Só o 60% das ideas principais levan proposicións.	Menos do 50% das ideas principais levan proposicións.	Ningunha idea principal leva proposicións.
CONEXIÓN DE CONCEPTOS	Todos os conceptos presentan as conexións adecuadas cos seguintes.	Un 80% dos conceptos presentan unha conexión adecuada cos seguintes.	Só o 60% dos conceptos presentan unha conexión adecuada cos seguintes.	Menos do 50% dos conceptos presentan unha conexión adecuada cos seguintes.	Non hai conexións adecuadas.




Nome e Apelidos: _____

Curso: _____

Data: _____

5. RÚBRICA PARA AVALIAR A REDACCIÓN E PRESENTACIÓN DE TRABALLOS ESCRITOS

	EXCELENTE	MOI AVANZADO	SATISFACTORIO	BÁSICO	ESCASO
REDACCIÓN	O traballo está ben estruturado e cumpre na súa totalidade coa estrutura de introdución, desenvolvemento e conclusión.	O traballo está ben estruturado nun 80% e cumpre na súa totalidade coa estrutura de introdución, desenvolvemento e conclusión.	O traballo está ben estruturado nun 50% e cumpre na súa totalidade coa estrutura de introdución, desenvolvemento e conclusión.	O traballo está ben estruturado nun 50% pero non cumpre coa estrutura de introdución, desenvolvemento e conclusión.	O traballo non está estruturado e ten introdución, desenvolvemento e conclusión.
ORTOGRAFÍA	O texto non presenta erros ortográficos (puntuación, acentuación e gramática).	O texto ten menos de 3 erros ortográficos (puntuación, acentuación e gramática).	O texto ten entre 4 e 6 erros ortográficos (puntuación, acentuación e gramática).	O texto ten entre 6 e 10 erros ortográficos (puntuación, acentuación e gramática).	O texto ten máis de 10 erros ortográficos.
EXTENSIÓN	O exercicio escrito adáptase á extensión esixida (2, 3 ou 4 páxinas).	O exercicio escrito presenta media páxina máis da extensión esixida.	O exercicio escrito presenta unha páxina máis da extensión esixida.	O exercicio escrito presenta dúas páxinas máis da extensión esixida.	O exercicio escrito presenta máis de dúas páxinas da extensión esixida.
CONTIDO	Trátase o contido que se pediu.	Nalgúns parágrafos non se trata nada do contido que se pediu.	Un 60% do texto non ten relación co contido que se pediu.	Algúns parágrafos fan alusión ao tema pedido.	Só se menciona o tema pedido, pero non se trata.
ARGUMENTACIÓN DE IDEAS	Presenta ideas ben argumentadas e sen erros.	Presenta ideas ben argumentadas pero con algún erro.	Presenta ideas que argumenta con debilidade.	Presenta ideas sen argumentar.	Non presenta ideas e as que presenta non están argumentadas.
PRESENTACIÓN E LIMPEZA	O traballo está presentado con pulcritude e limpeza.	O traballo está presentado con pulcritude pero ten un risco.	O traballo está presentado con pulcritude pero ten dous ou tres riscos.	O traballo ten dobreces e máis de tres riscos.	O traballo está presentado con un gran número de dobreces e riscos.
TEMPO DE ENTREGA	A entrega realízase na data indicada.	A entrega realízase cun día de atraso.	A entrega realízase con dous días de atraso.	A entrega realízase con tres días de atraso.	A entrega realízase despois de pasados tres días da data indicada.




Nome e Apellidos: _____

Curso: _____

Data: _____

6. RÚBRICA PARA AVALIAR A EXPOSICIÓN ORAL DE TRABALLOS

	EXCELENTE	MOI AVANZADO	SATISFATORIO	BÁSICO	ESCASO
PRESENTACIÓN	O alumno preséntase de xeito formal e dá a coñecer o tema da presentación e o obxectivo que pretende.	O alumno preséntase de forma rápida e dá a coñecer o tema da presentación e o obxectivo que pretende.	O alumno preséntase de forma rápida e comeza a súa exposición sen mencionar o tema do que trata.	O alumno preséntase sen dicir o seu nome e menciona o tema de forma moi xeral.	Empeza a súa exposición sen facer unha presentación inicial.
EXPRESIÓN ORAL	Utiliza un vocabulario adecuado e a exposición é coherente.	O vocabulario é adecuado e a exposición é clara.	Fáltalle vocabulario e ten algún problema para expresar correctamente as súas ideas.	Manexa un vocabulario moi básico e ten problemas para transmitir con claridade as súas ideas.	Ten un vocabulario moi básico e non logra transmitir con claridade as súas ideas.
VOLUME DE VOZ	O seu volume de voz é adecuado, suficientemente alto como para ser escoitado desde todas as partes da aula, sen ter que berrar.	O seu volume de voz é adecuado e alto para ser escoitado por todos, aínda que, ás veces, cando dubida, baixa o volume.	Non é escoitado por toda a aula cando fala en voz alta, agás se se sente moi seguro e aumenta o seu volume de voz por uns segundos.	O seu volume de voz é medio e ten dificultades para ser escoitado por todos na aula.	O seu volume de voz é moi baixo como para ser escoitado por todos na aula.
EXPRESIVIDADE	As súas expresións faciais e a súa linguaxe corporal xeran un forte interese e entusiasmo sobre o tema nos outros.	Expresións faciais e linguaxe corporal que xeran en moitas ocasións interese e entusiasmo, aínda que algunhas veces se perde e non presenta toda a información.	Expresións faciais e linguaxe corporal que xeran nalgúns ocasións interese e entusiasmo, aínda que moitas veces se perde e non presenta toda a información.	As súas expresións faciais e a súa linguaxe corporal mostran unha actitude pasiva e non xeran moito interese, pero algunhas veces, cando fala de algo que lle gusta moito, é capaz de mostrar algo de entusiasmo.	Moi pouco uso de expresións faciais ou linguaxe corporal. Non xera interese na forma de falar.
INCLUSIÓN DOS ASPECTOS RELEVANTES	Expón claramente o traballo e achega referencias aos coñecementos traballados.	Expón claramente o traballo, pero non relaciona toda a exposición cos coñecementos traballados.	Expón claramente o traballo, pero non o relaciona cos coñecementos traballados.	Ten dificultade para expoñer o traballo porque non entende os coñecementos traballados.	Non expón o traballo nin coñece os conceptos traballados necesarios para a súa realización.
EXPLICACIÓN DO PLAN DE TRABALLO	Explica cada paso con detalle, con lóxica e cronoloxicamente na orde na que o realizou.	Explica todos os pasos claramente, pero leouse un pouco coa orde.	Explica todos os pasos claramente, pero leouse na orde e foi necesario reorganizalo a través de preguntas.	Presenta dificultade á hora de diferenciar os pasos que deu e necesita axuda para explicalos con claridade.	Non identifica os pasos que deu nin é capaz de reconducir o discurso de forma guiada.
RECURSOS DIDÁCTICOS	A exposición acompáñase con soportes audiovisuais en diversos formatos, especialmente atractivos e de moita calidade.	Soporte visual adecuado e interesante na súa xusta medida.	Soporte visual adecuado.	Soporte visual non adecuado.	Sen soporte visual.
TEMPO	O alumno utilizou o tempo adecuado e cerrou correctamente a súa presentación.	O alumno utilizou un tempo axustado ao previsto, pero cun final precipitado ou excesivamente longo por falta de control do tempo.	O alumno utilizou o tempo adecuado, pero faltoulle cerrar a súa presentación; ou ben non utilizou o tempo adecuado, pero incluíu todos os puntos da súa presentación.	Excesivamente longo ou insuficiente para poder desenvolver o tema correctamente.	O alumno esqueceu por completo o tempo que tiña e saíu do tema.




Nome e Apelidos: _____

Curso: _____

Data: _____

7. RÚBRICA PARA AVALIAR O RESUMO DUNHA LECTURA CRÍTICA

	EXCELENTE	MOI AVANZADO	SATISFACTORIO	BÁSICO	ESCASO
CLARIDADE DE EXPOSICIÓN DAS IDEAS	As ideas están ben estruturadas en parágrafos claramente definidos e acordes coas ideas máis importantes do texto.	A estrutura dos parágrafos está acorde coas ideas do texto.	A estrutura dos parágrafos é sinxela, pero correcta, acorde coas ideas do texto.	A estrutura está pouco definida.	O texto non ten estrutura lóxica nos seus parágrafos ou simplemente non se fai separación de ideas mediante parágrafos, é un só parágrafo sen estrutura.
CRÍTICA	Analiza todas as ideas que expón o autor, establece comparacións con outros autores e textos, e proporciona a súa opinión acerca do tema, fundamentada no coñecemento deste e documentada con outras lecturas.	Analiza todas as ideas que expón o autor, establece comparacións con outros autores e textos, e proporciona a súa opinión acerca do tema, pero non está ben fundamentada no coñecemento deste nin documentada con outras lecturas.	Identifica as ideas do autor, analízalas e desenvólveas pero sen comentarios.	Identifica as ideas do autor, pero non as analiza e non as comprende con claridade.	Non identifica as ideas do autor e mostra confusión de ideas.
FONTE	A fonte está citada correctamente.	A fonte está citada, pero falta un dato.	A fonte está citada, pero faltan algúns datos.	A fonte está citada, pero de xeito incorrecto: inclúe datos que non corresponden e omite outros que si son importantes segundo o establecen as metodoloxías.	A fonte non está citada ou está mal citada, de tal forma que é imposible acceder a ela coa información proporcionada.
GRAMÁTICA E ORTOGRAFÍA	Non hai erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación.	Case non hai erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación.	Existen dous erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación.	Existen tres erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación.	Existen máis de tres erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación.
EXTENSIÓN	A extensión do texto é a adecuada, pois presenta a totalidade de ideas importantes do contido lido, ademais dunha reflexión do alumno.	A extensión do texto é adecuada, pois presenta case a totalidade de ideas importantes do contido.	A extensión do texto é pouco adecuada, pois é lixeiramente curto ou lixeiramente extenso.	A extensión do texto é inadecuada, pois non trata a totalidade das ideas do contido ou ben é máis extenso do conveniente.	A extensión do texto é completamente inadecuada: é demasiado breve ou demasiado extenso.




Nome e Apellidos: _____

Curso: _____

Data: _____

8. RÚBRICA PARA UN DEBATE

	EXCELENTE	MOI AVANZADO	SATISFACTORIO	BÁSICO	ESCASO
DEFENSA DA SÚA POSTURA	Mantén a defensa da súa postura ao longo de todo o debate.	Mantén a defensa da súa postura o 80% do tempo de debate.	Mantén a defensa da súa postura o 60% do tempo de debate.	Mantén a defensa da súa postura menos do 60% do tempo de debate.	Non mantén a defensa da súa postura durante o debate.
CAPACIDADE DE ESCOITAR OS SEUS COMPAÑEIRO	Escoita os seus compañeiros atentamente e analiza os seus argumentos.	Escoita os seus compañeiros e analiza os seus argumentos.	Escoita os seus compañeiros, pero distráese en ocasións e non analiza os seus argumentos.	Escoita os seus compañeiros, pero distráese a metade do tempo e non analiza os seus argumentos.	Non escoita os seus compañeiros nin analiza os seus argumentos.
RESPECTO DO USO DA PALABRA E DAS IDEAS DOS DEMAIS	Sempre espera a súa quenda para facer uso da palabra e solicítala con respecto e orde. Respecta sempre as opinións dos demais.	Sempre espera a súa quenda para facer uso da palabra e solicítala con respecto pero non con orde. Respecta as opinións dos demais.	En máis de tres ocasións non espera a súa quenda para facer uso da palabra e, cando a solicita, fáino con respecto pero non con orde. Respecta as opinións dos demais.	En máis de tres ocasións non espera a súa quenda para facer uso da palabra e, cando a solicita, non o fai con respecto nin con orde. Non respecta as opinións dos demais.	Sempre interrompe para facer uso da palabra e non respecta as opinións dos demais.
VOCABULARIO	Utiliza un vocabulario adecuado e a exposición é coherente coas ideas formuladas.	O vocabulario é adecuado e a exposición é clara na presentación das ideas formuladas.	Fáltalle vocabulario e ten algún problema para expresar correctamente as súas ideas.	Ten un vocabulario moi básico e problemas para transmitir con claridade as súas ideas.	Ten un vocabulario moi básico e non logra transmitir con claridade as súas ideas.
ARGUMENTACIÓN	Todas as ideas expostas están ben argumentadas.	Unha das ideas non está ben argumentada.	Dúas das ideas non están ben argumentadas.	Máis de tres ideas non están ben argumentadas.	Ningunha idea está ben argumentada.
DOMINIO DO TEMA	Mostra coñecemento profundo e dominio total do tema.	Mostra coñecemento e dominio do tema.	O coñecemento e o dominio do tema é regular.	O coñecemento e o dominio do tema é malo.	Non mostra coñecemento nin dominio do tema.
REFERENCIAS A AUTORES	Cita máis de tres referencias relevantes durante a súa participación.	Cita tres referencias relevantes durante a súa participación.	Cita dúas referencias durante a súa participación e só unha foi relevante.	Cita só unha referencia durante a súa participación e non foi relevante.	Non cita referencias durante a súa participación.
VOLUME DO TON DE VOZ	O seu volume de voz é adecuado, suficientemente alto como para ser escoitado desde todas as partes da aula, sen ter que berrar.	O seu volume de voz é adecuado e alto para ser escoitado por todos, aínda que, ás veces, cando dubida, baixa o volume.	Non é escoitado por todo a aula cando fala en voz alta, agás se se sente moi seguro e aumenta o seu volume de voz por uns segundos.	O seu volume de voz é medio e ten dificultades para ser escoitado por todos na aula.	O seu volume de voz é moi baixo como para ser escoitado por todos na aula.






1. Rúbrica para avaliar el tratamento da diversidade individual.
2. Rúbrica para avaliar el tratamento da diversidade no grupo.



1. RÚBRICA PARA AVALIAR EL TRATAMIENTO DA DIVERSIDADE INDIVIDUAL


TRATAMENTO DA DIVERSIDADE INDIVIDUAL		MEDIDAS PARA A DIVERSIDADE	GRAO DE CONSECUCIÓN
E DESENVOLVEMENTO DA COMPRENSIÓN DA DIVERSIDADE	Non ten ningunha dificultade para entender os contidos.	Seleccionar contidos cun grao maior de dificultade.	
	Entende os contidos, pero, en ocasións, resúltanlle difíciles.	Seleccionar os contidos significativos de acordo á súa realidade.	
	Ten dificultades para entender os contidos que se presentan.	Seleccionar os contidos mínimos e expoñelos simplificando a linguaxe e a información gráfica.	
E DESENVOLVEMENTO DA CAPACIDADE DE CAPACITACIÓN	Non ten dificultades (alumnos de altas capacidades).	Potenciar estas a través de actividades que lles permitan poñer en xogo as súas capacidades.	
	Ten pequenas dificultades.	Propoñer tarefas nas que a dificultade sexa progresiva de acordo ás capacidades que se vaian adquirindo.	
	Ten dificultades.	Seleccionar aquelas tarefas de acordo ás capacidades do alumnado, que permitan alcanzar os contidos mínimos esixidos.	
	Mostra un grande interese e motivación.	Seguir potenciando esta motivación e interese.	
	O seu interese e motivación non destacan.	Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas variadas.	
	Non ten interese nin motivación.	Fomentar o interese e a	



DIVERSIDADE DE PROBLEMAS		motivación con actividades e tarefas máis procedementais e próximas á súa realidade.	
	Encontra solucións aos problemas que se presentan en todas as situacións.	Seguir fomentando esta capacidade.	
	Encontra solucións aos problemas que se presentan nalgúns casos.	Propoñer problemas cada vez con maior grao de dificultade.	
	Ten dificultades para resolver problemas nas situacións que se presentan.	Propoñer problemas de acordo ás súas capacidades para ir desenvolvéndoas.	
DIVERSIDADE DE PROBLEMAS	Exprésase de forma oral e escrita con claridade e corrección.	Propoñer tarefas que sigan perfeccionando a expresión oral e a escrita.	
	Ten algunha dificultade para expresarse de forma oral e escrita.	Propoñer algunhas tarefas e debates nos que o alumnado teña que utilizar expresión oral e escrita co fin de melloralas.	
	Ten dificultades para expresarse de	Propoñer actividades co	




NA COMUNICACIÓN	forma oral e escrita.	nivel necesario para que o alumnado adquira as ferramentas necesarias que lle permitan mellorar.	
-----------------	-----------------------	--	--



2. RÚBRICA PARA AVALIAR EL TRATAMIENTO DA DIVERSIDADE NO GRUPO

TRATAMENTO DA DIVERSIDADE NO GRUPO		MEDIDAS PARA A DIVERSIDADE	GRAO DE CONSECUCIÓN
DE COMUNICACIÓN	A comunicación profesor-grupo non presenta grandes dificultades.	Non se necesitan medidas.	
	A comunicación profesor-grupo ten algunhas dificultades.	Propoñer estratexias para mellorar a comunicación.	
	A comunicación profesor-grupo ten grandes dificultades.	Descubrir a causa das dificultades e propoñer medidas que as minimicen.	
E MOTIVACIÓN DE INTERESE	O grupo está motivado e ten grande interese.	Non se necesitan medidas.	
	Parte do alumnado está desmotivado e ten pouco interese.	Propoñer estratexias que melloren o interese e a motivación desa parte do alumnado.	
	O grupo non ten interese e está pouco motivado.	Descubrir a causa da desmotivación e propoñer medidas que as minimicen.	
E COLABORACIÓN DE ACTITUDE	O grupo ten boa actitude e sempre está disposto a realizar as tarefas.	Non se necesitan medidas.	
	Parte do alumnado ten boa actitude e colabora.	Propoñer actividades de grupo nas que asuma responsabilidades o alumnado menos motivado.	
	O grupo ten mala actitude e non colabora nas tarefas.	Descubrir as causas do problema e adoptar medidas, estratexias, etc. para minimizar esas actitudes.	



III.- LINGUA GALEGA E LIT. DE SEGUNDO DE BACHARELATO.

15. OBXECTIVOS PARA BACHARELATO


Os obxectivos fundamentais do ensino da materia de lingua galega e literatura son o desenvolvemento das seguintes actividades e competencias comunicativas:

1. Comprender o contido global e particular, así como a intención e propósito dos discursos orais, escritos e audiovisuais procedentes de diversos contextos comunicativos da vida social e cultural; nomeadamente, dos ámbitos público, educativo, profesional e dos medios de comunicación.
2. Expresar por escrito e oralmente o contido dunha mensaxe axustando o discurso a diferentes situacións comunicativas (especialmente ás do ámbito académico) e mantendo a coherencia, a corrección gramatical, a adecuada presentación e a utilización dos principais elementos cohesivos.
3. Desenvolver as principais técnicas de comunicación e aprendizaxe relativas á comprensión e á produción que se empregan durante a interacción oral, para lograr os fins pretendidos e atendendo aos distintos contextos.
4. Identificar os diversos tipos de textos orais, escritos e audiovisuais e reflexionar sobre a súa estrutura, así como recoñecer o seu tema e a organización da información.
5. Interpretar e valorar criticamente a información e as mensaxes que emanan dos distintos discursos e utilizar con autonomía e espírito crítico as novas tecnoloxías da información e da comunicación.
6. Planificar, realizar e corrixir as propias producións de xeito que a persoa usuaria da lingua sexa axente social no seu ámbito, contribuíndo a consolidar as distintas funcións sociais da lingua (de identidade, familiar, laboral, local, institucional, cultural e internacional).
7. Coñecer a realidade multilingüe do mundo, de Europa e do estado español valorando positivamente a riqueza que representa e fomentar o desenvolvemento da competencia pluricultural e, en especial, o da plurilingüe.
8. Coñecer, analizar e reflexionar sobre a situación social da nosa lingua e factores e procesos que ao longo da súa historia a levaron á situación actual.
9. Analizar os diferentes usos sociais da lingua, valorar as súas variedades, superar estereotipos lingüísticos que supoñen xuízos de valor e prexuízos, en especial os referidos ás mulleres, para evitalos.
10. Recoñecer e analizar as distintas unidades da lingua e o seu funcionamento a partir dos distintos tipos de textos que se producen en contextos diferentes e cun achegamento analítico que observe a lingua partindo da globalidade para chegar ás partes mínimas.
11. Apreciar e valorar a corrección e precisión formal como una condición para que a comunicación funcione de maneira óptima.
12. Adquirir un corpus léxico importante, adecuado á intención e á situación comunicativa, almacenable a longo prazo, de fácil acceso e formalmente correcto.
13. Coñecer as características das principais etapas da literatura galega así como as correntes, xéneros, autoras e autores e obras máis representativas utilizando fontes bibliográficas axeitadas para o seu estudo.
14. Ler, comprender, analizar e xulgar con criterio obras e fragmentos representativos das diferentes épocas da literatura galega en tanto que expresión de determinadas circunstancias sociohistóricas.
15. Concienciarse de que unha lectura crítica e de calidade mellora a competencia comunicativa, xa que posibilita a formación, a información e o pracer.

b)- CONTIDOS, secuencia e temporalización.

– Contidos comúns.

- Lectura comprensiva, análise e comentario de textos de natureza diversa e cun nivel de dificultade adaptado aos obxectivos propios da etapa postobligatoria.
- Produción de textos orais e escritos respectuosos coas regras de coherencia, cohesión, adecuación, presentación e corrección ortográfica que facilitan a comunicación lingüística.
- Elaboración de exposicións orais e composicións escritas realizadas de xeito documentado e cun vocabulario rigoroso que lle



proporcionen ao alumnado os rudimentos do discurso científico.

- Aplicación e respecto polas normas básicas que rexen o intercambio e a interacción comunicativa.

- Busca, obtención, selección e integración de información procedente de fontes bibliográficas e audiovisuais proporcionadas polas bibliotecas e polas tecnoloxías da información.

- Valoración da nosa lingua como elemento de identidade colectiva e consideración positiva do esforzo e o compromiso individual a prol da normalización lingüística.

- Interese pola literatura como manifestación artística do ser humano, como fonte de formación permanente e de satisfacción persoal. Reflexión e análise de obras e fragmentos de diversos períodos literarios.

2. Lingua e texto.

- Propiedades do texto: a coherencia e a cohesión. Análise de procedementos lingüísticos básicos e aplicación ás propias producións. A progresión temática.

- A fonética e a fonoloxía. Descrición de fonemas.

- As variedades dialectais. Bloques e áreas dialectais. Principais trazos fonéticos, morfolóxicos e sintácticos. O texto dialectal.

- Estrutura e formación de palabras. Tipos de morfemas e análise morfolóxica.

- Sintaxe: unidades e funcións sintácticas. Análise sintáctica.

- Semántica: campos semánticos. As relacións e os cambios semánticos. Definición de palabras.

3. A sociolingüística.

- As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.

- Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.

- Linguas minorizadas e linguas minoritarias. O galego: lingua en vías de normalización.

- O galego no 1º terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

- O galego de 1936 a 1975: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

- O galego de finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

4. A literatura.

4.1.-A literatura do primeiro terzo do século XX:

- * A poesía das Irmandades e a poesía de vangarda.

- * A prosa: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo).

- * O teatro: Irmandades, Vangardas e o Grupo Nós.


4.2.-A literatura entre 1936 e 1976:

- * A poesía: a Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais. A poesía do exilio.

- * A prosa: os renovadores da prosa: Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas. A Nova Narrativa Galega. A prosa do exilio.

- * O teatro galego entre 1936 e 1976: a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia. O teatro do exilio.

4.3.-A literatura de fins do século XX e comezos do XXI:



- * Poesía: temas e autoras e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.
 - * Prosa: temas e autoras e autores dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes.
 - * Teatro: o teatro dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.
- 4.4.-Lectura, análise e comentario de textos significativos, polo menos dunha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos.

Non hai libro de texto oficial.

Material complementario na aula virtual e na Internet: ogalego.eu

1 . Temporalización (A secuenciación dos contidos será de acordo co seguinte índice)

Primeira avaliación. Lingua: Repaso xeral de Morfoloxía.(Neste bloque reforzaranse os contidos que non puideron ser adquiridos no curso 20-21). Fonética e Fonoloxía. Variedades xeográficas da lingua galega. Temas 1 e 2 de sociolingüística e temas 1,2,3,4 de literatura. (Índice ABAU)

Segunda avaliación. Lingua: Sintaxe. Temas 4 e 5 de sociolingüística. Temas 5,6,7,8 de literatura

Terceira avaliación. Lingua: Semántica. Temas 6 e 3 de sociolingüística. Temas 9,10,11,12 de literatura.

Non obstante, o profesorado poderá alterar esta orde se o considera conveniente para o mellor desenvolvemento das aulas ou por algunha incidencia que non permita expoñer os contidos no tempo estimado.


2. Plan lector.

Son de lectura obrigatoria tres libros:

1a avaliación: Un dos libros pertencentes a esta triloxía: Escola de menciñeiros, Os outros feirantes, Xente de aquí e acolá de Álvaro Cunqueiro.

2a avaliación: O crepúsculo e as formigas, X.L. Méndez Ferrín.

3a avaliación: O derradeiro libro de Emma Olsen, Berta Dávila (novela ou novela gráfica).



O profesorado entregaralle ao alumnado unha ampla listaxe para poder realizar lecturas optativas.

3. Instrumentos e criterios de avaliación.


Os instrumentos utilizados serán probas orais e escritas e as notas de clase. En cada avaliación haberá dúas probas escritas semellantes ós exames ABAU: unha cos contidos de lingua e outra cos contidos de sociolingüística e literatura de acordo co índice sinalado anteriormente. Asemade, o control do libro de lectura obrigatoria correspondente ó trimestre que se cuantificará até 1 punto. O resto avaliarase con probas semellantes ós exames ABAU. Para aprobar é preciso obter un 5.

Cando o alumnado chegue ao 4,5 nas probas referidas anteriormente poderá mellorar a súa cualificación até un máximo de 2 puntos por avaliación: até 1 punto pola tarefa que lle propoña o profesorado sobre a lectura de libros voluntarios (0,5 por cada libro). E até 1 punto máis polas notas de clase ou a colaboración en proxectos do EDLG. Estas tarefas serán entregadas un mes antes do final de cada avaliación. Estas notas de mellora conservaranse para sumar á cualificación final no caso de que o/alumno/a non aprobe a avaliación correspondente. Este incremento só se aplicará na avaliación ordinaria.

A avaliación é continua. Na terceira avaliación faise a media das notas dos tres trimestres. Se non dá unha media de 5 faranse as recuperacións no exame final do ou dos trimestres suspenso/s. O alumnado que suspenda este exame deberá presentarse ao exame extraordinario de xuño.

No suposto de que o horario se torne non presencial, na súa totalidade, as probas para verificar a superación dos contidos serán realizadas telematicamente, no día e hora acordados co profesorado. No tempo que sexa acordado co anterioridade. Sempre coa cámara acesa e coa caligrafía do alumnado. A posteriori, deben ser enviadas escaneadas a través da aula virtual ou correo electrónico. Tamén se poden realizar test ou outro tipo de probas telemáticas. Así mesmo, teranse en conta a entrega das tarefas semanais e demais traballos, xa pormenorizados nas notas de mellora. Este suposto tamén afecta ó alumnado que estea puntualmente confinado durante o tempo no que estean fixadas datas das distintas probas sinaladas. Nas probas escritas no que se refire, especificamente, ao aspecto lingüístico (ortografía, morfosintaxe, etc.) establécese que sobre a cualificación global poderase descontar ata un máximo de 2 puntos por erros:

- Faltas leves (b/v,h, acentuación non diacrítica, contraccións, puntuación, maiúsculas) descontarán 0,05



puntos

- Faltas graves (acentuación diacrítica, solucións alleas ó estándar no nivel léxico, castelanismos, anglicismos descontarán 0,1 puntos
- Faltas moi graves (solucións alleas ó estándar no nivel morfolóxico e sintáctico, por exemplo uso de tempos compostos ou a incorrecta colocación dos pronomes átonos) que descontarán 0,2 puntos cada unha.

Aprobar 2o de bacharelato non supón aprobar a materia pendente de 1o de bacharelato.

Mínimos esixidos para aprobar a materia:

Producir textos orais e escritos de diferente tipo.

Coñecer a historia externa da lingua no S. XX e reflexionar sobre a situación actual do galego.

Coñecer as variedades dialectais e recoñecer as características en textos orais e escritos.

Coñecer e recoñecer nun texto os procedementos de adecuación, coherencia e cohesión.

Coñecer os conceptos teóricos e os procedementos lingüísticos propios da gramática e a fonoloxía galegas.

Coñecer, utilizar correctamente, analizar a formación de palabras e semanticamente o léxico proposto.

De acordo co nivel do curso, analizar sintacticamente un texto ou frase.

Elaborar comentarios de texto dos autores propostos.

Comprensión xeral da Literatura Galega (XX-XXI) que permita responder a cuestións segundo as épocas, xéneros, temas ou autore


Relacionar autores, obras e feitos literarios (XX-XXI) cos acontecementos sociais e culturais que acontecían no momento da súa produción

Utilizar a lingua galega con fluidez e normalidade nos diferentes contextos comunicativos.

Relacionar autores, obras e feitos literarios (XX-XXI) cos acontecementos sociais e culturais que acontecían no momento da súa produción

Utilizar a lingua galega con fluidez e normalidade nos diferentes contextos comunicativos.

TENCIÓN Á DIVERSIDADE e REFORZO




As unidades didácticas dos libros do alumno amosan multitude de suxestións prácticas para dar resposta a estilos cognitivos, dominio de coñecementos, capacidades e necesidades dos alumnos considerados individualmente e como grupo. Pero esta resposta pedagóxica vese reforzada e ampliada nos libros de programación e didáctica do profesor que o noso Proxecto perfila para cada curso.

Partindo deste proxecto curricular, haberá que realizar as adaptacións necesarias para atender a diversidade do alumnado. Para iso hai que delimitar os diferentes recursos que posibilitan o tratamento da diversidade. Algúns poderían ser:


- Adaptar o material didáctico.
- Variar a metodoloxía segundo as necesidades de cada alumno e alumna.
- Propor actividades de aprendizaxe diferenciadas.
- Organizar grupos de traballo flexíbeis.
- Ampliar ou reducir bloques de contidos segundo o interese e a capacidade do alumnado.

Alumnado coa **materia pendente** non hai en segundo.



INICIACIÓN Á LINGUA PORTUGUESA

MATERIA DE LIBRE CONFIGURACIÓN OPTATIVA EN 2º BACHARELATO



PROGRAMA

1. OBXECTIVOS:

- 1.1. Iniciar a aprendizaxe dos sistemas fonéticos, morfosintáticos e léxico-semánticos básicos.
- 1.2. Adquirir as competencias lingüísticas básicas do idioma (comprensión e expresión) nas situacións cotiás.
- 1.3. Desenvolver especialmente as competencias de comprensión oral e escrita.
- 1.4. Introducirse no universo cultural dos países de lingua oficial portuguesa, e en especial, na cultura brasileira.

2. METODOLOXÍA DE TRABALLO


Clases expositivas, traballos en grupo e individuais, xogos didácticos, audición de cintas, exhibición de vídeos e películas.

3. CONTIDOS GRAMATICAIS:

- 3.1. Alfabeto: sistema vocálico e consonántico
- 3.2. Ortografía e fonética: orientacións xerais básicas
- 3.3. Artigos: definidos e indefinidos
- 3.4. Pronombres: persoais, posesivos, demostrativos, relativos, indefinidos e interrogativos
- 3.5. Introducción ás formas de tratamento
- 3.6. Xénero: formación do feminino
- 3.7. Número: formación do plural
- 3.8. Grado dos substantivos e adxectivos
- 3.9. Verbos

4. CONTIDOS DE LÉXICO:

- 4.1. Comunicación na clase
- 4.2. Días da semana, estacións e meses do ano
- 4.3. As comidas
- 4.4. Signos do zodíaco
- 4.5. O tempo, fenómenos da natureza
- 4.6. Encontros e despedidas
- 4.7. Formas de presentación
- 4.8. Expresións usuais de cortesía
- 4.9. Relacións de parentesco



- 4.10. Vestiario
- 4.11. Cores
- 4.12. Partes do corpo: caracterización física e psicolóxica
- 4.13. Deportes
- 4.14. Animais
- 4.15. Diferenzas cotiás entre o portugués de Brasil e de Portugal
- 4.16. Siglas internacionais e brasileiras
- 4.17. Proverbios populares

5. CONTIDOS CULTURAIS

- 5.1. Dominio actual da lingua portuguesa: extensión, situación e número de falantes.
- 5.2. Panorámica xeral dos oito países de lingua oficial portuguesa.
- 5.3. Introducción á cultura brasileira.


6. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Dado que o proceso de avaliación é continuo, terase en conta, á hora de avaliar ao alumnado, o seu rendemento diario nas aulas. Valorarase positivamente a súa boa actitude, a súa capacidade de traballo e a súa participación activa no desenvolvemento das clases, así como todo tipo de iniciativas que complementen as actividades propias do curso. A avaliación por tanto non será unha simple comprobación dos contidos asimilados polo alumnado senón tamén unha constatación das súas actitudes e da súa disposición de traballo. Valorarase igualmente a capacidade expresiva á hora de transmitir os coñecementos adquiridos. Faranse diversas probas para avaliar as catros destrezas básicas de calquera lingua de xeito obxectivo, e que consistirán en:

- Probas de control da comprensión oral
- Probas de control da comprensión escrita
- Probas de control de expresión escrita
- Probas de control de expresión oral

7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Avaliarase sobre todo a progresión na expresión oral, tanto en fonética como en prosodia, que se medirá mediante as exposicións de traballos, debates na aula, lecturas espontáneas e preparadas...



Avaliarase, a través do traballo entregado e exposto na aula, tanto o coñecemento cultural adquirido, como as destrezas e procedementos que se requiren e a progresión a nivel lingüístico tanto para a expresión oral como escrita.

Non superarán o curso os/as alumnos/as que non alcanzasen minimamente os obxectivos propostos para cada nivel.

A nota distribúese segundo a cualificación das diferentes destrezas e mais dos coñecementos socio-culturais adquiridos:

1- Comprensión escrita: 20%

2- Comprensión oral: 20%

3- Expresión escrita: 20%

4- Expresión oral: 25%

5- Coñecementos socio-culturais: 15%

Haberá como mínimo unha proba en cada avaliación. A última nota anula as anteriores. Na 3ª avaliación haberá unha proba de recuperación.

Recuperación: Cada proba recupera a anterior e na 3ª avaliación haberá unha proba de recuperación para o alumnado suspenso.


8. CONTIDOS MÍNIMOS

- Lectura comprensiva e autónoma de textos básicos da vida diaria (desde guías de viaxes a prospectos médicos) e de fragmentos de textos literarios
- Producción de textos orais e escritos sobre situacións habituais de comunicación.

Concrétanse conforme a súa distribución nos seguintes apartados:

Comprensión e expresión oral. Competencia discursiva


- Saúdos e presentacións. Cumprimentar
- Dar e pedir informacións. Telefonar.
- Preguntar e dicir as horas
- Indicar o estado do tempo e as estacións do ano
- Caracterizar persoas, animais, obxectos
- Expresar gustos. Describir sentimentos e estados físicos
- Describir espazos, casas, cuartos... Indicar cantidade, materiais, formas e situar no espazo obxectos e persoas
- Localizar xeograficamente. Recibir e indicar direccións
- Expresar accións habituais no presente



- Identificar alimentos e hábitos alimentarios
- Fonética
- Trazos fonéticos diferenciais: b/v, sibilantes (alveolares e palatais xordas e sonoras)
- Diferenza de grafías de sibilantes alveolares e palatais xordas e sonoras

Competencias lingüísticas

- Morfoloxía:
- Os demostrativos e os posesivos
- A frase interrogativa.
- Principais perífrases: dominio de “Estar a+ infinitivo”
- Conxunción temporal “enquanto”
- Adverbios de lugar: aquí, ali, aí, perto, longe.
- Léxico:
- A casa: exterior; interior (o cuarto, a cociña, o cuarto de baño);o mobiliario; tarefas domésticas.
- O vestiario: cores, tallas, calzado...
- Locais na cidade. Espazos da escola
- Alimentos e comidas
- Idiomas
- Servizos e comercio
- Obxectos de uso persoal
- Dar, pedir e percibir instrucións e direccións. Dirixirse a alguén de maneira formal e informal. Pronomes persoais reflexos: me, te, se, nos.
- o Describir e comparar locais, cousas, persoas, etc.
- o Adxectivos cualificativos: xénero, concordancia e colocación.
- o Forma comparativa dos adxectivos.
- o Acentuación gráfica.
- Telefonar e preguntar por alguén. Iniciar unha conversa ó teléfono
- Describir accións no presente.
- Infinitivo. conxugación perifrástica: estar a + inf.
- Adverbios
- Conxugación dos verbos regulares da 1ª, 2ª e 3ª conxugación
- Conxugación dos principais verbos irregulares: poder, ser, estar, vivir, ter, haver...
- Conxugación do presente de indicativo dos principais verbos irregulares no presente
- ♣ Pronomes persoais complemento directo e indirecto: me, te, o, a, lhe.



- Expresar desexos, intencións.

Competencias culturais

- A lusofonía: países e cultura.
- Coñecemento de Portugal.
- Música portuguesa e brasileira.
- Cinema: *Amor de perdição* e *A cidade de Deus*.

V. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES no BACHARELATO.


Estas actividades non son avaliadas nin forman parte do currículo do alumno

Resulta imposible nestes momentos especificar que actividades se van realizar neste curso. Impídeno os imponderables que poidan xurdir: Necesidades pedagóxicas, dispoñibilidade de horarios, de profesores acompañantes, de medios de transporte, da oferta de actos culturais.....No momento en que se poida realizar algún tipo de previsión comunicáremolo ao Consello Escolar para a súa debida autorización

Así e todo manifestamos que o Departamento intentará organizar algunha actividade extraescolar e que intentaremos colaborar coa Vicedirección do Centro nas actividades xerais propostas que nos afecten; ademais de colaborar coa Biblioteca e o ENL como xa se fixo nos anos anteriores: saídas ao teatro e exposicións, etc.

Cando sexa preciso saír do centro todo alumno deberá presentar o permiso escrito dos pais ou titores e tamén contaremos coa aprobación do Equipo directivo.

Previsto:



- Excursión de Lit. Século XX
- Roteiro Castelao para o mesmo curso
- Visita de algún escritor para 1º Bach
- Actividades da Semana das Letras Galegas (EDL)

VI.- Accións de contribución ao plan TIC no BAC.

Mentres a administración non dote de material o centro non podemos facer máis que actividades voluntarias xa que a maioría do alumnado non ten acceso a aulas con ordenadores que poidan utilizar.

Estas actividades xiran arredor de:


- Utilización en colaboración coa Biblioteca dos blogs sinalados en cada curso.
- Utilización da Aula Virtual voluntariamente cando sexa posible.
- Colaboración co equipo TICS e coa Biblioteca en todas as actividades que nos suxiran. Estamos dispostos no Departamento sempre a todas as indicacións do profesorado encargado das TICS que todos os anos traballan con grande mérito e esforzo.
- Todos os libros de texto da materia fan fincapé nas TICS polo que se incidirá nestes apartados aínda que non se poidan practicar.
- Dous profesores do Departamento teñen horas para a atención ao mantemento dos ordenadores do Instituto.

– ESO/BACH. Programación da educación en valores.

O presente documento mostra integrada a educación en valores nos obxectivos, nos diferentes bloques de contidos e nos criterios de avaliación. A área de Lingua Galega e Literatura concretará a súa relación co educación en valores nas propostas de aula.

Podemos mostrar a vinculación coa educación moral, cívica, para a paz e para a igualdade de oportunidades entre sexos por medio do fomento ao desenvolvemento de actitudes como:

- Valoración positiva da realidade plurilingüe e pluricultural de España.
- Sensibilidade cara á calidade dos textos propios e alleos como medio para asegurar unha comunicación fluída e clara.
- Respecto polas normas básicas da lingua.



- Iniciativa e voluntariedade pola lectura de textos literarios de diferentes épocas e autores.
- Actitude de busca de canles comunicativas creativas e persoais.
- Sensibilidade estética ante as producións literarias propias e alleas, valorando os elementos creativos e innovadores destas.

Valores que fomentaremos nas aulas da materia: **Confianza, diálogo, sinceridade, cooperación, honestidade, respecto, constancia, tolerancia, responsabilidade, solidariedade, curiosidade, creatividade, sensibilidade.**

– **ESO/BACH. Accións de contribución ao plan de convivencia.**

Dentro do plan de convivencia, o departamento de Lingua galega e literatura propón os seguintes obxectivos:

- conseguir os obxectivos educativos do centro
- aproveitar o noso tempo
- respectar o dereito dos nosos compañeiros e compañeiras a poderen traballar
- conseguir un espazo para nós mesmos onde nos sintamos respectados, axudados e comprendidos
- conseguir mellorarmos como persoas e profesores/as deste centro.


Seguiremos as indicacións do plan de convivencia do centro en todos os aspectos.

– **Coordinación**

Están incorporadas nesta programación do curso as recomendacións da CCP e tamén as recollidas na memoria final do curso pasado de Lingua Galega e Literatura

Seguindo estas recomendacións, durante o periodo lectivo que vai do 6 de xuño ao 22 de xuño, o alumnado realizará actividades de ampliación e reforzo de contidos que contribúen á aprendizaxe de todo o alumnado e asemade á preparación específica dos contidos que se examinarán nas probas extraordinarias que haberán de realizar aqueles alumnos que non teñan superado a materia nas probas ordinarias.

– **CRITERIOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN***



Son tres os momentos de avaliación que se corresponden coa fase previa e de elaboración, a de aplicación e a de finalización do proceso. Convén avaliar: participación do profesorado, difusión da programación, aplicación e seguimento.

Finalizado o curso, reuniranse todos os membros do departamento para avaliaren a programación, respondendo ao seguinte cuestionario e engadindo novas cuestións que poidan xurdir como efecto da reflexión conxunta.

- A.- Porcentaxe do cumprimento da programación.
- B.- Xustificacións da parte da programación non impartida.
- C.- Modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica.
- D.- Motivos das modificación feitas.
- E.- Propostas de melloras para a programación didáctica do próximo curso.
- F.- Estudo das obras incluídas no plan lector.
- G.- Propostas de modificacións no plan lector.
- H.- Análise dos resultados da avaliación do alumnado por cursos.

As conclusións figurarán na memoria final de curso

Dita avaliación debe permitir reorientar e adecuar a programación á realidade na que se aplica e favorecer as modificacións e propostas de mellora para o vindeiro curso académico.



Pontevedra, setembro 2022

Xosé Luís Janeiro Espiñeira

M. Rocío Vieites Rey

Anxos Rial Vidal

Salomé Díaz Muñiz

Concepción Díaz Candán

Xosé Manuel Corredoira Varela

María Dolores Ferro Diz

